


Teléfonos:  
981 844 800  
981 849 960  
Fax, 981 844 008

Nº R.E.L. 01150119



CONCELLO DE BOIRO



Exp.ref. 119.12-T.A.

## Asunto: COMUNICACIÓN DE PUBLICACIÓN E SOLICITUDE DE AVALIACIÓN DE RESULTADOS POLA USC.

D. Juan José Dieste Ortigueira, en calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Boiro;

### EXPÓN:

O Concello de Boiro ten asinado coa USC varios convenios e contratos para a execución de diversos traballos no complexo arqueolóxico dos castros de Neixón, que de seguida enumeramos:

- 1-Convenio de colaboración entre o Concello de Boiro e a Universidade de Santiago de Compostela, para a realización dunha escavación, campo de traballo e posta en valor do Castro Grande de Neixón. Campaña 2007, ao amparo do artigo 83 da Lei 6/2011, asinado con data 18 de xuño de 2007.
- 2-Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Concello de Boiro, co obxecto de realizar os traballos técnicos precisos para a execución do campo de traballo de temática arqueolóxica; asinado con data 13 de febreiro de 2009.
- 3-Contrato administrativo de servizos para a execución dunha intervención arqueolóxica nos castros de Neixón, asinado con data 6 de xullo de 2010.
- 4-Contrato administrativo de servizos para a execución dunha intervención patrimonial no complexo arqueolóxico de Neixón: sondaxes e labores de restauración no complexo arqueolóxico dos castros de Neixón. Campaña 2011, asinado con data 5 de abril de 2011.

Que segundo os mesmos, e respecto da cláusulas de Confidencialidade da Información e dos Resultados e Dereitos de Propiedade, comunica a intención, salvo contraindicación expresa, da publicación dos resultados, concretamente dos informes e / ou memorias técnicas respectivas (INFORME FINAL) dos citados convenios e contratos a través da plataforma dixital [www.centroarqueoloxicobarbanza.org](http://www.centroarqueoloxicobarbanza.org).

Asemade, e en virtude da cláusula séptima do convenio do ano 2009, e da mesma nos contratos administrativos dos anos 2010 e 2011, onde se recolle que o CONCELLO deberá solicita-la autorización á USC se desexa que a mesma apareza como

Teléfonos:  
981 844 800  
981 849 960  
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia, s/n  
15930 BOIRO (A Coruña)  
correo e: correo@boiro.org  
páxina web: www.boiro.org

Nº R. E. L. 01150119

## CONCELLO DE BOIRO

avaliadora dos estudos realizados nos anos 2009 a 2011; polo que se procede a solicitala.

Boiro, 18 de abril de 2012.



Universidade de Santiago de Compostela  
VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN  
Oficina de Investigación Tecnológica  
Edificio CACTUS Edif. CACTUS. Campus Vida.  
15782 Santiago de Compostela.



VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN  
E INNOVACIÓN  
Oficina de Investigación e Tecnoloxía

Edificio CACTUS – Campus universitario sur  
15782 Santiago de Compostela  
Tel. 981 547 040 - Fax 981 547 077  
Correo electrónico: [cittinfo@usc.es](mailto:cittinfo@usc.es)  
<http://imaisd.usc.es>

Att.: Alcalde-Presidente  
Concello de Boiro  
Praza de Galicia, s/n.  
15930 Boiro (A Coruña).

**Asunto: Declaración de Autorización**

Santiago de Compostela, 11/06/2012

Tal e como solicitaron, achegamos a declaración asinada polo Vicerreitor de Investigación e Innovación da USC de autorización da publicación duns documentos a través da plataforma dixital [www.centroarqueoloxicodobarbanza.org.c](http://www.centroarqueoloxicodobarbanza.org.c)

Saúdos cordiais.

Atentamente,



Eva Fabeiro Buceta  
Área de Xestión e Valorización da I+D



**D. Francisco González García, Vicerreitor de Investigación e Innovación da Universidade de Santiago de Compostela (USC)**

**EXPON:**

Que mediante escrito de 30 de abril de 2012 o Concello de Boiro solicitou a esta Universidade autorización para a publicación dos informes e/ou memorias técnicas dos convenios e contratos asinados entre o mencionado Concello e a USC que a continuación se relacionan:

- Convenio de Colaboración asinado o 18 de xuño de 2007 para a realización dunha escavación, campo de traballo e posta en valor do Castro Grande de Neixón. Campaña 2007.
- Convenio Específico de Colaboración asinado o 13 de febreiro de 2009 co obxecto de realizar os traballos técnicos precisos para a execución do campo de traballo de temática arqueolóxica.
- Contrato administrativo de servizos asinado o 6 de xullo de 2010 para a execución dunha intervención arqueolóxica nos Castros de Neixón.
- Contrato administrativo de servizos asinado o 5 de abril de 2011 para a execución dunha intervención patrimonial no complexo arqueolóxico de Neixón: sondaxes e labores de restauración no complexo arqueolóxico dos castros de Neixón. Campaña 2011.

**E DECLARA:**

Que a Comisión de Actividades e Servizos de I+D, reunida en sesión ordinaria do 24 de maio de 2012, acordou **AUTORIZAR** ao Concello de Boiro a publicar os informes correspondentes aos convenios e contratos citados a través da plataforma dixital [www.centroarqueoloxicodobarbanza.org](http://www.centroarqueoloxicodobarbanza.org).

E para que conste aos efectos oportunos, firmo en Santiago de Compostela a 8 de xuño de 2012

# Escavación arqueolóxica no Castro Grande de Neixón (Boiro, A Coruña). Campaña 2007. Memoria Técnica.

---

Director do Laboratorio  
*Felipe Criado Boado*

Santiago, 06/03/2012

Dirección Científica  
*Xurxo M. Ayán Vila*

Santiago, 06/03/2012

Dirección da Actuación  
*Leonardo González Pérez*

Santiago, 06/03/2012

---

Laboratorio de Patrimonio, Paleoambiente e Paisaxe  
Instituto de Investigacións Tecnolóxicas



Unidade Asociada ao CSIC a través do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento

# Táboa de contido

Táboa de contido .....	2
Ficha Técnica.....	5
Resumo .....	6
1. Resumo.....	6
2. Palabras chave .....	8
Plantexamentos e obxectivos .....	9
1. Problemática arqueoloxica .....	9
1.1. Descripción e caracterización do xacemento .....	9
1.2. Contexto de partida da campaña de 2007 .....	11
1.3. Hipótese de traballo .....	36
2. Problemática patrimonial .....	37
3. Fundamentación do proxecto e campo de trabalho no Castro Grande de Neixón .....	38
3.1 A difusión e divulgación do coñecemento arqueolóxico .....	38
3.2 Potencialidade dun campo de trabalho en Arqueoloxía .....	39
4. Balance e perspectivas do campo de trabalho de Neixón (2003-2007) .....	41
4.1. O contexto de partida: a excepcionalidade dun espazo multidimensional .....	41
4.2. A estratexia de traballo: unha arqueoloxía crítica, reflexiva e multivocal .....	43
4.3. A ferramenta para a Xestión Integral do Patrimonio: o campo de traballo internacional .....	44
4.4. Os resultados: a propia práctica arqueoloxica como recurso turístico potencial .....	46
5. Obxectivos da intervención .....	47
5.1. Obxectivos do campo de trabajo en Arqueoloxía .....	47
5.2. Obxectivos da intervención arqueoloxica .....	50
Metodoloxía e Plano de Traballo .....	51
1. Metodoloxía .....	51
1.1. Estratexia de rexistro.....	51
1.2. Estratexia para a toma de mostras .....	51
2. Actuacións e Fases de Traballo.....	52
2.1. Actuacións e Fases de Traballo .....	52
2.2. Procesado e xestión preliminares da información .....	53
2.3. Emisión de informes e outros documentos técnicos.....	53

<b>Actuación 3: San Vicenzo de Cespón coma contexto do Neixón medieval (séculos XII-XV). Sociedade, economía e poderes medievais.</b> .....	<b>55</b>
1. Introducción .....	55
2. Poderes medievais e territorio en San Vicenzo de Cespón (séculos XII-XIV) .....	57
3. San Vicenzo de Cespón nos séculos XIV e-XV: Economía e Feudalismo con vencellos composteláns .....	62
4. Historia e Mentalidade: A Revolta Irmandiña en San Vicenzo de Cespón (1467-1468) .....	68
5. Conclusión .....	71
6. Apéndice: Documentación medieval .....	72
<b>Actuación 4: Unha freguesía galega na Idade moderna: S. Vicenzo de Cespón nos séculos XVI-XVIII.</b> .....	<b>92</b>
1. Introducción .....	92
2. Home, Historia, Espazo e Economía en San Vicenzo de Cespón nos séculos XVI e XVII. ....	93
3. Economía e Poboación. A Freguesía de San Vicenzo de Cespón á luz do catastro de Ensenada (1743).....	101
4. Conclusíons .....	105
5. Apéndice: Documentación moderna.....	105
<b>Actuación 5: Análises antracolóxicas de mostras das campañas 2005 e 2006</b> .....	<b>121</b>
1. Introducción á antracoloxía.....	121
2. Metodoloxía .....	122
3. Análise bioxeográfica .....	123
4. Material analizado e resultados .....	124
5. Paisaxe e xestión do entorno .....	129
6. Prácticas de xestión forestal .....	131
7. Síntese dos resultados .....	135
<b>Actuación 6: Datacóns radiocarbónicas e análises antracolóxicas</b> .....	<b>137</b>
<b>Actuación 9: Escavación arqueolólica</b> .....	<b>138</b>
1. Escavación arqueolólica: ampliación dos sectores 01 e 02.....	138
1.1. Sector 01 .....	138
1.2. Sector 02 .....	146
2. Estudos e analíticas complementarias .....	154
<b>Análise preliminar do material arqueolóxico recuperado</b> .....	<b>156</b>
1. Síntese do material cerámico exhumado .....	156
1.1. Cerámica castrexa .....	156
1.2. Material de importación púnico.....	159

1.3. Cerámica romana .....	161
2. Síntese do material lítico .....	162
3. Restos metálicos.....	164
<b>Resumo e hipótese xeral.....</b>	<b>165</b>
<b>Bibliografía .....</b>	<b>166</b>
<b>Láminas .....</b>	<b>180</b>
<b>Inventario de materiais arqueolóxicos .....</b>	<b>182</b>

# FICHA TÉCNICA

## ***Escavación arqueolóxica no Castro Grande de Neixón (Boiro, A Coruña)***

**Ámbito Xeográfico:** Concello de Boiro (A Coruña)

**Programa:** Campo de traballo arqueolóxico no Castro Grande de Neixón (Boiro, A Coruña)

**Liña de Traballo:** Posta en valor do Patrimonio

**Financiación:** Concello de Boiro e Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado. Importe anualidade: 63.655 euros. euros.

**Código de proxecto:** 07R11

**Período de realización:** 1 de xullo ao 1 de agosto

### **Equipo de Traballo:**

Investigador Responsable /  
Dirección:

Felipe Criado Boado

Director / Responsable da  
actuación:

Leonardo González Pérez

Axudante de Dirección:

Xurxo M. Ayán Vila

### **Equipo Técnico:**

Álvaro Arizaga Castro

Xan Santos Maneiro

Xosé Moledo Santiago

Víctor Bejega García

Eduardo González Gómez de  
Agüero

Jesús Pablo Baamonde Díaz

Alejandro Laíño Piñeiro

### **Debuxo Arqueolóxico:**

Anxo Rodríguez Paz

### **Vídeo:**

Xosé Moledo Santiago

# RESUMO

## 1. Resumo

A actuación arqueolóxica recollida na presente memoria xurdiu como consecuencia directa da proposta do Excmo. Concello de Boiro para organizar por quinto ano consecutivo un campo de traballo no conxunto arqueolóxico de Os Castros de O Neixón, emprazado en terreos de titularidade municipal. Esta iniciativa encauzouse mediante a renovación dun convenio entre a citada institución e a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, co gallo de incluír este campo de traballo de temática arqueolóxica na oferta xeral da Campaña Verán 2007 contando co asesoramento técnico do Laboratorio de Arqueoloxía do Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento (CSIC-XuGa).

Neste marco xeral, a actividade defínese coma *un campo de traballo de ámbito internacional e modalidade arqueolóxica (Aula de Arqueoloxía). Intervención arqueolóxica: escavación e consolidación das ruínas e restos exhumados, no castro do Neixón, para a súa revalorización como recurso cultural, promovendo a creación dunha aula de arqueoloxía e posibilitando visitas culturais ás ruínas* ([www.rix.org](http://www.rix.org)) a levar a cabo en dúas quincenas consecutivas (16-30 de xullo e 1-15 de agosto de 2006).

Con esta iniciativa, as institucións implicadas procuran continuar coa potenciación e posta en valor deste espazo arqueolóxico, recuperado recentemente coa rehabilitación das estruturas exhumadas en O Castro Pequeno (Álvarez et al., 2005), a construcción do Centro Arqueolóxico do Barbanza (Lomba, 2005) e maila realización en 2003, 2004, 2005 e 2006 do campo de traballo arqueolóxico no Castro Grande do Neixón (Ayán et al. 2005; Ayán et al. 2005a; Ayán et. al., 2007). Neste senso, o campo de traballo concebiuse como verdadeiro eixo vertebrador dunha estratexia de promoción do turismo cultural e do desenvolvemento sostible desta zona de Boiro, que busca converter este espazo arqueolóxico en polo de atracción turística e referente do Patrimonio Cultural da bisbarra do Barbanza (Bóveda, 2005).

Neste contexto, cobra senso o desenvolvemento desta actuación arqueolóxica, concebida coma un primeiro paso na recuperación, dentro da área arqueolóxica citada, do xacemento de O Castro Grande, no que se teñen levado a cabo nos tres últimos decenios sondaxes arqueolóxicas en diferentes zonas da súa croa. Asemade, cómpre suliñar o alto grao de alteración que presenta este xacemento, afectado pola apertura de pistas e diferentes labores de recheo e aterrazamento.

Con este obxectivo xenérico, e seguindo a liña marcada nos catro anos anteriores, a actuación aquí resumida implicaba o desenvolvemento de cinco tipos de actividades:

- **Adecuación:** como actuación preliminar levouse a cabo, baixo control arqueolóxico, o desbroce da superficie que ocupa a croa do castro, para seguidamente iniciar os traballos de consolidación, sinalización e posta en valor dos restos asoellados.
- **Documentación:** para a campaña deste ano plantexouse a realización de estudos monográficos que revirtan no coñecemento integral da Punta de Neixón, tais coma o baldeirado sistemático de fontes documentais medievais e modernas referidas á parroquia de S. Vicenzo de Cespón, a recolleita e análise sistemática da talasonimia, o estudo dos cambios na arquitectura doméstica tradicional nas aldeas da parroquia ou unha investigación etnoarqueolóxica sobre a explotación tradicional dos recursos marisqueiros.
- **Investigación:** a este nivel, a finalidade primordial é a caracterización formal do xacemento de *O Castro Grande* para tentar contextualizar os datos dos que dispomos na actualidade e esbozar un modelo interpretativo sobre o xurdimento, evolución, cronoloxía e funcionalidade deste poboado fortificado, así como a interrelación deste xacemento co veciño *Castro Pequeno*, de cronoloxía aparentemente máis temperá. A este respecto, plantexamo-la continuación e ampliación da escavación en área dos sectores 01 e 02.
- **Formación e divulgación:** o campo de traballo preséntase coma o marco máis axeitado para encetar un labor de difusión durante a duración do mesmo, concebindo o xacemento coma un espazo social aberto ao público, con visitas guiadas polos participantes que amosarán a problemática da Arqueoloxía como disciplina, o traballo de campo, etc...
- **Consolidación de estruturas:** como apuntamos anteriormente, o obxectivo prioritario desta campaña concrétese na elaboración dun proxecto de consolidación e posta en valor que permita abrir ao público os sectores escavados e incardinalos -cunha sinaléctica actualizada a nivel de contidos- no roteiro deseñado polo Centro Arqueolóxico de Barbanza.

Os resultados desta campaña de 2007 foron xa parcialmente publicados nas seguintes referencias bibliográficas:

- González Ruibal, A.; Rodríguez Martínez, R. M.ª. e Ayán Vila, X. M. **2010.** Encounters in the Ditch: Ritual and the Middle Ground in an Iron Age hillfort in Galicia (Spain). *Bulletino di Archeologia on Line. Volume speciale A/A6/3Roma 2008. International Congress of Classical Archaeology. Meetings between Cultures in the Ancient Mediterranean:* 25-30.
- González Ruibal, A.; Rodríguez Martínez, R. y Ayán Vila, X. M. **2010.** Buscando a los púnicos en el Noroeste. *Mainake, XXXII(I):* 577-600. Málaga.
- Bejega García, V.; González Gómez de Agüero, E.; Ayán Vila, X. M. et al. **2010.** "Paisaje, Arqueología y Sociedad: experiencias arqueomalacológicas en el campo de trabajo de los castros de Neixón

(Boiro, A Coruña) (2005-2008)". En E. González Gómez de Agüero; Bejega García, V.; Fernández Rodríguez, C. e N. Fuertes Prieto (eds.): *Iª Reunión de Arqueomalacología de la Península Ibérica. Férvedes*, 6: 9-16. Vilalba.

- Ayán, X., Mañana, P. e Blanco, R. (eds.). **2009. Archaeotecture: Second Floor.** 33-40. British Archaeological Reports International Series 1971. Oxford: Archaeopress.
- González Pérez, L. e Ayán Vila, X. M. **2009.** Escavación do Castro Grande de Neixón (Boiro, A Coruña). En Varela Campos, P. (coord.): *Actuacíóns arqueolóbicas. Ano 2007* : 44-5. Santiago: Xunta de Galicia.

## 2. Palabras chave

Campo de traballo, escavación arqueolólica, castro, Idade do Ferro, Arqueoloxía da Paisaxe, Posta en Valor do Patrimonio, Divulgación e Difusión.

# PLANTEXAMENTOS E OBXECTIVOS

## 1. Problemática arqueolóxica

### 1.1. Descripción e caracterización do xacemento

O xacemento de *O Castro Grande de O Neixón* localízase na parroquia de S. Vicente de Cespón (Boiro, A Coruña) na área setentrional dunha pequena península coñecida como *Punta de O Neixón* que se presenta coma un fito visual na paisaxe conformada pola pequena baía de Beluso. Este emprazamento costeiro (10 m.s.n.m.) condicionou no momento da súa construcción tanto a morfoloxía do xacemento como a disposición do sistema defensivo **[Lámina 1]**.

A planimetria de detalle e o modelo dixital do terreo realizados por nós nas campañas precedentes amosan unha meirande complexidade estrutural do xacemento, como así o rexistraron no seu día os arqueólogos da empresa *Terra Arqueos S. L.* -encargados do proxecto de adecuación de *O Castro Pequeno*- na súa fotointerpretación da fotografía aérea do voo americano (Álvarez et al. 2005: 96) **[Lámina 2]**. En liñas xerais, o castro presenta un recinto de planta lixeiramente oval cun diámetro de 95 m no eixo N-S e duns 105 m no eixo E-W, defendido por un parapeto de terra que acada na cara N-NW unha altura máxima de 7 m e unha anchura duns 5 m. O foxo perimetral dispuesto ao pé desta estrutura atópase moi alterado, sobre toda na zona noroccidental, xa que por el decorría un antigo camiño de carro que en dirección S-N conducía ao *Castro Pequeno de O Neixón*.

Segundo a descripción feita por F. Bouza Brey e F. López Cuevillas e (1926-1927: 76-8) na década de 1920 áinda se conservaban restos dun socalco de xisto que sustentaba o parapeto téreo da croa e que foi utilizado como canteira polos veciños da aldea de Nine para ergueren muros de cachotería. Asemade, no croquis feito por estes investigadores déixase constancia da existencia dun segundo parapeto de 7 m de alto e 2 de anchura que protexe a cara occidental do castro e vai diminuíndo de potencia cara ao S e mailo E até desaparecer por completo no NE.

A zona chaira que se extende entrámbolosdous castros cara ao SE, e actualmente ocupada por un piñeiral, podería ter conformado un segundo recinto anexo á croa. Por outra banda, é bastante probable que un dos accesos á croa se ubicase no SW, onde se localiza unha clara fenda no parapeto que parece ter sido reaproveitada polo camiño antigo empregado para acceder á acrópole polos veciños que tiñan alí propiedades.

Á súa vez, a zona na que se empraiza o sector 02 correspón dese con outro rebaixe no parapeto da muralla que se reflicte claramente na reconstrucción 3D. Por outra banda, nesta área documentamos un primeiro nivel de ocupación prerromano (s. IV a. C.) que semella estenderse pola zona na que se levantaría a

*posteriori* o recinto amurallado. A este respecto, cremos que no momento de construcción do castro aíllase toda a Punta polo N mediante o levantamento dunha muralla E-W que, de costa a costa, impide o acceso a toda a península. Esta circunstancia permítenos plantexa-la hipótese de que todo o espazo (Castro Grande, terraza e Castro Pequeno) estivese ocupado, se ben segmentado en diferentes áreas adicadas a diferentes usos.

No tocante á historia das investigacións sobre *O Castro Grande* (Ayán 2005a) cómpre subliñar que a primeira intervención arqueolóxica desenvolta foi levada a cabo por F. López Cuevillas e F. Bouza Brey en 1925 mediante a apertura de duas zanzas esproratorias, atopando soilo cachotes imitantes ós da superficie, moitas téguas e poucos anacos cerámicos cáseque todos feitos a mau, lisos e de tipo castrexo e soilo un, de coor avermellado, sen polido nem barniz, con siñas da roda do oleiro (1926: 78). A localización en superficie de anacos de muíños circulares e de téguas e ímbrices, así como a morfoloxía totalmente artificializada do xacemento, levou a estes autores a esboza-la hipótese de que se trataba dun poboado de nova pranta, dunha citania con elementos de romanización, froito do traslado de poboación de *O Castro Pequeno* nun momento impreciso da 2<sup>a</sup> Idade do Ferro.

Posteriormente, na década de 1970, F. Acuña Castroviejo, cun equipo formado por membros do Departamento de Arqueoloxía da Universidade de Santiago, realizou sucesivas campañas anuais de escavacións na área arqueolóxica de Os Castros de O Neixón. Dos resultados destas intervencións únicamente coñecemos unha breve síntese da escavación de 1973 en *O Castro Pequeno* (Acuña Castroviejo 1976), mentres que da escavación realizada en *O Castro Grande* só documentamos unha referencia indirecta na obra de síntese de J. Naveiro sobre o comercio en Galicia na Antigüidade: [en *O Castro Grande*] los vertidos de ánfora son absolutamente dominantes, habiéndose localizado extensas capas de tiestos que superan en casos los 40 cm de potencia (información inédita de F. Acuña sobre la campaña de 1976) (Naveiro 1991: 151, np. 5).

Esta referencia probablemente se refira á cata aberta na zona oriental da croa, ao pé do parapeto (sector 04 plantexado para esta campaña de 2005 ) que ainda se conserva na actualidade. Esta cata complementábase cunha serie de cuadrículas Wheeler abertas no SE, onde se localizara unha estrutura circular de pedra con abundante material cerámico, sobre todo ánfora e algún fragmento de *Sigillata Hispánica* (Naveiro 1991: 240).

Nesta ampliación das escavacións cara á *O Castro Grande* puido incidi-lo desenvolvemento do proxecto de estudio sistemático da romanización e dos contactos comerciais na ría de Arousa, marco no que tamén se levaron a cabo campañas de escavación no xacemento de As Torres de Oeste en Catoira (Balil 1971, 1977; Romaní 1974).

Do material ergolóxico documentado nestas intervencións únicamente contamos con estudos centrados na análise formal da cerámica exhumada (Rey 1990-91, 1996; Rey e Soto 2002). Estes traballos poñen de manifesto o notable avance tecnolóxico e grao de especialización (pastas cerámicas mellor depuradas

e de texturas más finas) acadado na cadea operativa cerámica polos habitantes de *O Castro Grande*, xacemento senlleiro dentro da alcumada área alfareira das Rías Baixas. Asemade, J. Rey contextualiza o Castro Grande na 2<sup>a</sup> Idade do Ferro pola aparición de xerras tipo Toralla, bordos ensanchados tipo Cíes ou pezas singulares tipo Recarea (Rey Castiñeira 1990-1991: 156; 1992: 204). As recentes escavacións, como veremos, demostraron claramente esta hipótese da que, segundo parece, discrepaba o seu escavador en 1976, que situaba o Castro Grande de Neixón no cambio de era.

Neste debate cronolóxico na longa duración, incidiría á súa vez a investigación de J. Naveiro sobre os materiais anfóricos en castros do litoral galego, co gallo de acadar unha visión global sobre o comercio antigo no NW (Naveiro 1991). No seo deste proxecto procedeu ao estudo dos materiais romanos exhumados en 1976 no Castro Grande de Neixón, reactualizando o coñecemento que até daquela se tiña tamén sobre outros xacementos da ría de Arousa como Torres de Oeste (Naveiro 2004).

Segundo este autor existen grandes concentracións de ánforas, cun predominio case absoluto de pezas da forma *Haltern 70* e algúns exemplares de ánfora de salgado bética da forma *IIB* de Beltrán (Naveiro 1985: nº 44-49; Naveiro e Caamaño 1992: n.p. 3) o que situaría o principal nivel de ocupación do xacemento cara á primeira metade do s. I d. C. (Naveiro 1986).

Na década de 1980 e comezos dos anos 90, o arqueólogo A. Concheiro Coello levou a cabo sondaxes valorativas na cara E do parapeto da muralla que circunda a croa (que permitiron documenta-la existencia dun paramento de pedra no interior do parapeto) así coma noutras áreas do interior do recinto fortificado.

Finalmente, os traballos de adecuación da área arqueolóxica de *Os Castros de O Neixón* desenvoltos por Terra Arqueos S.L. en 2000 e 2001 tamén contribuíron a unha mellor caracterización do xacemento de *O Castro Grande*, levándose a cabo sondaxes na zona occidental da croa (Álvarez et al. 2005).

## 1.2. Contexto de partida da campaña de 2007

### 1.2.1. Hipótese de Traballo: Microhistoria da Punta de Neixón a partir da investigación básica desenvolvida desde 2003

#### Na orixe: un espazo natural

Dende tempo inmemorial, no fondo da enseada de Rianxo, ao oeste da desembocadura dos ríos Grande e Beluso, nun espazo relativamente tranquilo, atópase a Punta de Neixón. Este elemento orográfico adéntrase no mar a modo de esporón, e presenta unha morfoloxía en planta relativamente suave, que tan só se interrumpe nos saíntes rochosos do extremo.

Cara ao ano 1000 a. C. este peculiar cabo era un espazo deshabitado, unha área natural sometida á acción erosiva da natureza. De lonxe, desprovista da vexetación que inzaba os fondos de val naquela época, presentábase coma unha mole rochosa, de natureza metamórfica. O xisto reflectía a luz do sol que cubría a

Punta dende o abrente deica ao solpor, xa que estaba perfectamente orientada ao mediodía. Unicamente no extremo (outra vez no extremo), onde se xuntan auga e rocha polo devalar lene das mareas, agroma o material ígneo, o granito e maila pegmatita, que lle confiren unha meirande dureza aos procesos mariños.

Malia diso, o bater secular da auga do mar, o que chamamos meteorización mecánica, debullaba a liña de costa, dando lugar á aparición, sobre todo na vertente SO, de bloques angulosos e cantos aos pés dos cantís, que se desprendían da rocha seguindo a liña de fracturas dominantes.

Seguimos maxinando a Punta de Neixón naqueles tempos no que aínda era un espazo virxe, non alterado pola man do home. Porque temos que pensar que a acción antrópica é moi importante e débese considerar coma unha grande modificadora da paisaxe, tanto na liña de costa, coma nas vertentes.

Cómpre situa-la antropización deste espazo nun período de cambio sustancial na paisaxe, na sociedade e no territorio de Galicia, como é a época de conformación da paisaxe fortificada, é dicir, o nacemento dunha arquitectura habitacional e monumental: os castros. As comunidades humanas do Barbanza, artífices da arte rupestre no II Milenio a. C. e dunha puxante metalurxia do bronce teñen que axeitarse a novos cambios estruturais, comezando polo clima. Deste xeito, consúmase o paso do período *Subboreal* ao período *Subatlántico* (aínda vixente), subindo lxeiramente as temperaturas e a humidade. Este novo marco conlevou a consolidación dunha nova vexetación, exemplificada no que aínda hoxe coñecemos como *bosque autóctono* que daquela ocupou amplas superficies. O bosque gañaba terreo.

Nestes séculos de transición (X-VIII a. C.) constátase o espallamento da agricultura vencellada a unha ampla reforestación que precuraba a apertura de novas terras de labor. Crecemento demográfico, produtividade agraria, cambio climático, novas relacións comerciais marítimas, foron todos procesos coetáneos ao nacemento dos poboados fortificados no NW da Península Ibérica. Será agora cando o home comece a altera-la Punta de Neixón, coa construción no seu extremo do Castro Pequeno.

### Cinco preguntas sobre O Castro Pequeno de Neixón

A acción antrópica modifica e transforma as ladeiras deste esporón mediante dúas vías principais: por un lado, realiza unha laboura de cantería, substraendo a rocha que aflora para uso na construción, e por outro traslada solo, cambiando do seu lugar de orixe, posiblemente fóra do castro, polas características morfosedimentarias que presenta, e transportando este material até a área do Castro Pequeno. Ao mesmo tempo tamén se fai uso do material tamaño grava e canto que se localiza sobre a plataforma litoral e nalgunhas das praias de gravas e cantos do sector. A materia prima que aporta o medio, úsase de forma indiscriminada, provocando posiblemente o primeiro impacto antrópico intensivo sobre as vertentes e a conseguinte modificación da paisaxe costeira.

Aos procesos naturais –mariños e continentais- úneselle agora a interacción do ser humano co medio. A construción do Castro Pequeno conleva efectos drásticos

como a destrucción das cristas rocosas, unha fonda modificación do solo, un incerte movemento e transporte de material. Asemade tráese material alóctono para a realización de murallas e foxos e amortízanse os blocos desprendidos dos cantís para os zócalos e paredes das vivendas.

Estes cambios na paisaxe de Neixón tradúcense nunha nova configuración do espazo vivido, que xera unha transformación directa da paisaxe e provoca sinais materiais, que chegan até a paisaxe actual, e que son o resultado do impacto antrópico sobre este medio. Un impacto que é consecuencia directa dun perfecto coñecemento das áreas de extracción de materiais e das zonas de captación de recursos. Se atendemos ao pouco que sabemos das escavacións no Castro Pequeno, este poboado pasou por diferentes fases habitacionais, nas que a unhas cabanas circulares erguidas con materiais perecedoiros seguironlle outras con zócalo de pedra e paredes de pallabarro. Como material asociado apareceron evidencias dunha importante actividade metalúrxica de bronce, dunha práctica marisqueira de carácter sistemático, así como muíños naviformes e ornamentos de influencia centroeuropea e mediterránea.

Estas manifestacións materiais poñen enriba da mesa unha serie de preguntas que tentan amplia-lo noso coñecemento dese impacto antrópico sobre o medio, do que implicou na paisaxe e no territorio o Castro Pequeno:

- *Pregunta 1:* Se a punta é rochosa, de onde veu a terra para face-lo parapeto?
- *Pregunta 2:* Cales eran as áreas de extracción de material pétreo para a construcción dos zócalos das casas e dos úteis líticos?
- *Pregunta 3:* Cales eran os recursos marisqueiros disponibles?
- *Pregunta 4:* Onde extraían o cobre e o estaño para face-lo bronce?

A estratexia de investigación interdisciplinar desenvolvida polo noso equipo de traballo tentou reconstruí-la área de captación de recursos deste primeiro asentamento –aplicando o modelo chantado pola Arqueoloxía funcionalista no seu día- aplicando análises edafolóxicas, xeomorfolóxicas, paleometalúrxicas, malacolóxicas... que forneceron datos para comezar a respostar ás citadas preguntas.

*Primeira resposta:* a comunidade castrexa do Castro Pequeno tivo que fornecerse de materiais sedimentarios para ergue-lo parapeto procedentes dunha área na que existisen aportes desa natureza. En toda a Punta non se observan cantís de orixe sedimentaria, a excepción do localizado entre o antigo porto de Vidres e a desembocadura do río Beluso. Desenvólvese, sobre rocha de natureza metamórfica, un depósito coluvial, que está recheando unha pequena valgada, no que tan só se diferencia un nivel basal, que corta o substrato, composto por gravas e cantos subredondeados de seixo e xisto, dispostos coa orientación da pendente, e sobre éste un material sen estrutura definida de cores amarelas e roxizas e natureza areo-limosa, no que se misturan abundantes gravas heteroxéneas tanto en natureza coma en forma. Ademais, neste sector non se atoparon exemplos similares, o que parece reflectir que este sexa unha acumulación moi puntual, na

que a parte máis masiva do depósito, responde a unha orixe controlada pola actividade antrópica, máis que a procesos naturais -continentais ou litorais.

*Segunda resposta:* o material pétreo empregado nos zócalos das cabanas correspondentes a unha hipotética segunda fase de ocupación do Castro Pequeno proveñen da extracción directa do sustrato de pegmatita e xisto da Punta e dos blocos existentes nas calas da vertente SO. Por outra banda, semella evidente que o granito de máis calidade empregado para a fabricación dos muíños naviformes tamén procedeu dunha zona aldea á Punta de Neixón. Neste senso, a información fornecida por habitantes das aldeas de Vidres e Nine permitíronnos saber que o material construtivo empregado nas casas tradicionais procedía efectivamente das calas e praias de Neixón, a onde ían eles mesmos de pequenos, a recolle-los bloques de xisto desprendidos dos cantís, mentres que o granito empregado nos esquinais ou en casas de meirande capacidade económica procedía de canteiras foráneas coma a de Confurco (parroquia de Macenda, ao NW de Cespón).

*Terceira resposta:* a publicación das escavacións de López Cuevillas e Bouza Brey (1926) no Castro Pequeno recolle o achado dun concheiro de 2 m de potencia no alcumado por eles nivel B, no que se identificaron restos de malacofauna: capas horizontais de ostras (*Ostrea edulis*), pequenas cantidades de ameixas e berberechos (*Tapes decussatus* e *Cerastoderma edule*). Asemade, o nivel C forneceu outro concheiro de metro e medio de espesor no que dominaban os bígaros (*Littorina littorea*), estando presentes de novo as ameixas, unhas poucas ostras e restos de *Dossinia exoleta* (almejón redondo). No acondicionamento da zona en 2001 pola empresa Terra Arqueos tamén se documentaron restos descontextualizados de lapa (*Patella Vulgata*) (Álvarez et al. 2005: 102).

A localización por nós dun concheiro no foxo vencellado á entrada SE do Castro Grande e datable entre os séculos IV-II a. C. permitiu documentar unha presenza diferenciada entre as especies que conforman os niveis de cunchas, puidendo establecer unha primeira tentativa de composición conforme aos parámetros que a continuación se sinalan (Fernández e Bejega 2005: 47-48):

- Presenza moi abundante: *Ostrea edulis* (ostra), *Mytilus edulis* (mexilón) e *Littorina littorea* (bígaro ou caramuxo).
- Presenza abundante: *Tapes decussatus* (ameixa fina), *Ensis sp.* / *Solen marginatus* (navalla / longueirón).
- Pouco abundante: *Patella sp.* (lapas) e *Cerastoderma edule* (berberecho).
- Anecdótica: *Pecten maximus* (vieira) e *Thais haemastoma* (púrpura).

En primeiro lugar, resulta evidente que en ámbolos dous castros predominan tanto as ostras coma os bígaros, mentres que no concheiro do Castro Grande aparece de xeito sobranceiro o mexilón. En segundo lugar, os moluscos recolectados vánse ver influídos pola propia morfoloxía do tramo de costa mariña inmediato aos castros. A Punta de Neixón presenta unha morfoloxía rochosa, con zonas de doado acceso para a recolección e pouco batidas polo mar, o que favorece, por exemplo, a presenza de mexilóns e bígaros. Tamén cómpre sublinhala existencia de pequenas praias nas que se localizan os hábitats de ameixas, ostras e navallas. A presenza de púrpura, aínda que sexa cun valor anecdótico,

pon de relevo a meirande temperatura da auga con relación á actualidade, o que ten levado a que hoxendía non se atope presente esta especie no Noroeste.

A enquisa etnográfica e a observación das prácticas marisqueiras na actualidade constatan o potencial do extremo da Punta como área de extracción de mexilón e bígaro no pasado, mentres que as praias da *Posta Nova* e a *Posta Vella* resultan ser zonas óptimas para a recollida de ameixa. A enseada W é unha das zonas de meirande productividade de ostra de toda a Ría de Arousa (Meijide Pardo 1969).

*Cuarta resposta:* a intervención arqueolóxica de 1925 no Castro Pequeno permitira documentar un molde de fundición de machados de tubo, así coma unha serie de elementos metálicos de bronce coma un brazalete, unha fíbula de pé recto, unha conteira ou un colgante bipenne, así como restos de fundición (Cuevillas e Bouza Brey 1926-27: 6, 33) o que levou a seus escavadores a falar dun obradoiro metalúrxico importante. Posteriormente as escavacións da década de 1970 completaron o panorama coa aparición de restos de crisois de fundición, un machado de tope de dous aneis e anacos dun posible caldeiro de bronce (Acuña Castroviejo 1977: 250). Outro arco de fíbula adscribible aos séculos VI-V. a. C. foi atopado na limpeza e reexcavación de 2001 (Álvarez et al. 2005: 103, lám. 7).

Os estudos tipolóxicos destas pezas nunca foron acompañados de análisis arqueolóxicas que precurasen saber se os minerais empregados nesa metalurxia local eran de orixe alóctona ou procedían do contorno inmediato do Castro Pequeno. A nosa investigación etnoarqueolóxica desenvolta nesta campaña de 2006 permitiu localizar un xacemento de estaño, na ladeira E de Vidres e na praia anexa, que fora sistematicamente explotado a finais dos anos 1940 e durante a década dos ano 50. Asemade contamos con referencias sobre o achado de muros de cachotería e abundante cantidade de escoura nas cercanías do Castro Grande.

Se ubicamos na cartografía estas áreas potenciais de captación de recursos do Castro Pequeno (o que os arqueólogos funcionalistas anglosaxóns denominaban o *Site Catchment Analysis*) vemos claramente que se ubican nun radio que non chega aos 2 km de distancia. Se a iso lle unimos a proximidade a mananciais de auga e a doada defensibilidade do extremo da Punta de Neixón, temos un panorama que nos explica o óptimo emprazamento do Castro Pequeno e as posibles causas da súa elección como espazo habitacional.

A este respecto, a análise locacional desenvolta trala campaña de 2004 (Fábrega et al. 2005) amósanos a singularidade do emprazamento do Castro Pequeno en comparanza co modelo xeral para estes poboados fortificados ao longo da 1<sup>a</sup> Idade do Ferro. Neste senso, a súa situación fai que teña unha prominencia negativa con respecto ao seu entorno inmediato, que está situado a unha altura media superior ao castro (concretamente isto é ben visible no caso do solar que ocupa o Castro Grande, xusto diante do Pequeno e todo el a cota máis elevada). A visibilidade dende o Castro Pequeno está claramente centrada no entorno inmediato, mariño e litoral. A visibilidade a longa distancia é moderada e moi dispersa sobre a superficie terrestre, mentres que cara ao mar non é posible visibilizar máis alá da parte media da ría de Arousa debido á existenza de entrantes

e saíntes, concretamente do istmo de Cabo de Cruz, que representa unha barreira visual insalvable.

O entorno do poboado está formado maioritariamente por terreos profundos de boas condicións para o cultivo intensivo, o tipo de solos que na península de Barbanza se atopan nas zonas litorais entre a serra e a ría. A accesibilidade a estes terreos é moderadamente boa, malia que no entorno de 15 minutos atopamos unha menor porcentaxe destes terreos que no de 30 minutos, o que nos indica que non existe unha prioridade clara por eses terreos, xa que son más asequibles consonte nos alonxamos do castro.

Até o momento estamos a tratar dun espazo, dunha cartografía, duns puntos marcados nun mapa; pero como somos arqueólogos teremos que dar conta da súa evolución ao longo do tempo, da súa orixe, e tentar dar resposta á:

- *Pregunta 5: cando se construiu o Castro Pequeno de Neixón?*

Antes de tentar respostar cómpre recordar que a historiografía tradicional define este xacemento coma un dos castros máis antigos de Galicia, coma un castro da transición Bronce Final-1<sup>a</sup> Idade do Ferro, cunha orixe no século VII a. C. e un desenvolvemento pleno ao longo do século VI a. C. (López Cuevillas e Bouza Brey, 1926; Calo e Sierra, 1983: 35) (Rey, 1992: 168).

*Quinta resposta:* a escandalosa ausencia de datos publicados conleva, entre outras consecuencias, á reafirmación da idea de que se trata dun poboado que afunde as súas raíces no Bronce Final Atlántico e que, despois, entra no circuito comercial mediterráneo en época temperá, debido ao achado dun suposto *aryballos* fenicio (fotografía en Calo 1993: 57). No tocante ao primeiro punto, é certo que algúns dos obxectos de bronce atopados, como a fíbula de pé recto ou o molde para fundir machados de talón nos remiten a esa tradición artesá que, por outra banda, vemos que continúa ao longo da 1<sup>a</sup> Idade do Ferro. A ausencia de datacóns radiométricas impide concretizar máis esta cuestión. Con todo, polos perfís e datos publicados por Bouza Brey e López Cuevillas (1926-1927) e Acuña Castroviejo (1976) podemos identificar unha sucesión de alomenos tres niveis de ocupación ao longo dos cales se produce un paso da arquitectura doméstica erguida en materiais perecedoiros a unha última fase na que se artella todo un espazo doméstico formado por cabanas circulares con zócalo de cachotería, fogar central e cuberta de colmo.

No referido aos contactos mediterráneos, o *aryballos* documentado retrotráese a unha época más serodia que a proposta orixinariamente, correspondéndose co control púnico do comercio co Atlántico, a partires do século V a. C. en adiante (Feugère, 1989: 31; Suárez e Fariña, 1990; Calo, 1993: 57; González Ruibal, 2004: 299).

Finalmente, os seus escavadores consideraron O Castro Pequeno como un poboado abandonado a finais da 1<sup>a</sup> Idade do Ferro, aspecto éste que plantexa numerosas dúbihdas hoxendía. De feito, os perfís das intervencións antigas amosan unha actividade de inutilización do paramento murario da muralla, espazo que se amortiza *a posteriori* como área de verquedoiro con dous concheros sucesivos (González Ruibal, 2003: 207). Asemade, na limpeza e reescavación de 2001

recollerónse incluso anacos de tégula romana<sup>1</sup> no sector escavado na década de 1970.

Se ben resulta probable un abandono como espazo habitacional permanente do Castro Pequeno cara ao século V-IV a. C. esta hipótese comeza a clarexarse cos descubrimientos das escavacións arqueolóxicas desenvoltas por nós no Castro Grande, que nos remiten a un proceso de fonda transformación, a unha monumentalización total de toda a Punta de Neixón na transición entre a 1<sup>a</sup> e a 2<sup>a</sup> Idade do Ferro. Será agora cando se constrúa o recinto coñecido como Castro Grande.

### Tres preguntas sobre O Castro Grande de Neixón

No tocante á historia das investigacións sobre *O Castro Grande* (Ayán 2005a) cómpre subliñar que a primeira intervención arqueolóxica desenvolta foi levada a cabo por F. López Cuevillas e F. Bouza Brey en 1925 mediante a apertura de *duas zanzas esporotorias*, atopando *soilo cachotes imitantes ós da superficie, moitas téguas e poucos anacos cerámicos cáseque todos feitos a mau, lisos e de tipo castrexo e soilo un, de coor avermellado, sen polido nem barniz, con siñas da roda do oleiro* (1926: 78). A localización en superficie de anacos de muíños circulares e de téguas e ímbrices, así como a morfoloxía totalmente artificializada do xacemento, levou a estes autores a esboza-la hipótese de que se trataba dun poboado de nova pranta, *dunha citania con elementos de romanización*, froito do traslado de poboación de *O Castro Pequeno* nun momento impreciso da 2<sup>a</sup> Idade do Ferro.

Posteriormente, na década de 1970, F. Acuña Castroviejo, cun equipo formado por membros do Departamento de Arqueoloxía da Universidade de Santiago, realizou sucesivas campañas anuais de escavacións na área arqueolóxica de *Os Castros de O Neixón*. Dos resultados destas intervencións unicamente coñecemos unha breve síntese da escavación de 1973 en *O Castro Pequeno* (Acuña Castroviejo 1976), mentres que da escavación realizada en *O Castro Grande* só documentamos unha referencia indirecta na obra de síntese de J. Naveiro sobre o comercio en Galicia na Antigüidade: [en *O Castro Grande*] *los vertidos de ánfora son absolutamente dominantes, habiéndose localizado extensas capas de tiestos que superan en casos los 40 cm de potencia (información inédita de F. Acuña sobre la campaña de 1976)* (Naveiro 1991: 151, n.p. 5).

Dende aquela consagraronse dous tópicos: 1. que o Castro Grande estivo habitado cara ao cambio de era e 2. que foi o resultado do traslado de población do Castro Pequeno. Este proceso de cambio de emprazamento é xa un clásico na bibliografía, áinda que nunca foi demostrado. Como xa apuntara Arias Vilas (1987: 10): *El Castro de O Neixón Grande, vendría a sustituír, en una estratigrafía horizontal, al llamado Neixón Pequeno (con claros indicios de contactos*

---

<sup>1</sup> Comentario persoal do arqueólogo L. F. López González (*Terra Arqueos S.L.*).

*comerciales más antiguos), aunque existen escasos datos de hallazgos materiales que documentan aquella sustitución.*

Este panorama obrigounos a plantexar dúas preguntas que áinda seguen, despois de catro campañas de escavación, encabezando o noso proxecto de investigación:

*Pregunta 1: por que hai dous castros un á beira do outro?*

*Pregunta 2: que pasa na Punta de Neixón entre o século V a. C. e o cambio de era?*

*Pregunta 3: que é o Castro Grande?*

As campañas desenvoltas entre 2003 e 2006 permitirános plantexar aquí unha resposta conxunta a estas tres cuestiós. Comecemos polo principio.

A área arqueolóxica da Punta de Neixón é realmente un espazo praticamente excepcional na Idade do Ferro galega. A cercanía extrema entre dous xacementos castrexos repítese en casos contados no NW; paralelos significativos serían os poboados de Retén e Iria en Padrón, o Castro e mailo Castríño de Bendoiro, así coma Pena Grande e o Castro Pequeno, os catro na terra do Deza (González Ruibal, 2003: 252-3). Sen embargo, estes xacementos nunca foron escavados, a diferenza do Castro Pequeno e mailo Castro Grande de Neixón.

A análise locacional desenvolta trala campaña de 2004 aporta xa algunas das claves deste nevo emprazamento cara ao interior da Punta de Neixón (Fábrega et al., 2005). O Castro Grande sitúase no outeiro que se atopa na parte central do istmo. A súa posición é más destacada sobre o nivel do mar (30 metros na súa cota más elevada) e tamén sobre o seu entorno más inmediato. Ao igual que dende o Castro Pequeno, a visibilidade está centrada na franxa marítima e litoral, áinda que neste caso melloran as condicións de visibilidade sobre os terreos situados nas inmediacións. En todo caso a visibilidade do Castro Grande é aditiva con respecto ao Castro Pequeno, é dicir, que praticamente todo o espazo visible dende o Castro Pequeno o é tamén dende o Grande. E áinda máis: este incremento da visibilidade a longa distancia permite que dende o Castro Grande se acceda, alomenos potencialmente, a visualiza-lo emprazamento de tres castros agochados ao Pequeno que, por estrutura e posición, poden adscribirse ao mesmo momento de uso do Castro Grande: trátase dos castros de Garitas e Puta Ostreira, e mailo castro dos Bufos na Illa de Arousa.

Dende este novo poboado o acceso ao entorno prodúcese con meirande facilidade, xa que ocupa unha posición dominante sobre os terreos do entorno, o que fai que as pendentes sexan suaves cara ao interior. Se dende o Castro Pequeno accedemos en 15 minutos a apenas 25 Ha dos terreos más axeitados para un cultivo intensivo, dende o Grande fácemolo a unhas 60 Ha. Mentre o entorno terrestre é pouco visible dende o Castro Pequeno, dende o Grande se acentúa, posibilitando o control sobre os terreos óptimos para un cultivo intensivo cerealista situados nas súas inmediacións.

Por outra banda, O Castro Grande atópase mais cerca da área tradicional de extracción de estaño na zona (estudiada nesta campaña de 2006) ubicada ao NE do xacemento, na caída da aldea de Vidres cara ao mar.

Finalmente, dende o punto de vista locacional, o emprazamento do Castro Grande resulta máis aberto, mais equilibrado entre a terra e o mar, e moito menos restrinxido polas condicións da topografía. Á súa vez todo ese espazo é modificado totalmente, con movementos inxentes de terra que non só afectan á erención do parapeto N senón a toda a zona, coa escavación de foxos e aterrazamentos en dirección S cara ao Castro Pequeno.

En definitiva, todos estes factores remiten a un lugar fortificado que incrementa a súa posición estratéxica, a visibilidade con outros poboados castrexos e se aproxima ás terras de meirande potencialidade agrícola así coma aos recursos mineiros dispoñíbeis. Datos todos que poden ser tratados como evidencias dun triple proceso: incremento demográfico, meirande integración no territorio, desenvolvemento da agricultura e consolidación dunha sociedade campesiña. Tendencias que *a priori* se enmarcan perfectamente na Fase II da Idade do Ferro galaica (séculos IV-II a. C.).

Esta adscrición cronolóxica fora plantexada xa no seu día pola profesora J. Rey nos seus estudos da cerámica exhumada no Castro Grande na intervención de 1976) e nos que documenta restos de xerras tipo Toralla, bordos ensanchados tipo Cíes ou pezas singulares tipo Recarea (Rey Castiñeira, 1990-1991: 156; 1992: 204).

As nosas intervencións no recinto superior do Castro Grande viñeron a corroborar esta hipótese e encadra-lo nacemento dese novo espazo cara ao século IV a.C. (agardando datacións radiométricas). Temos así unha secuencia de ocupación da Punta de Neixón que abrangue toda a Idade do Ferro e que impide sostener un plantexamento de abandono dramático do Castro Pequeno e de reemplazo polo Castro Grande. Neste punto, aplicando criterios deterministas, a variable demográfica pode ser útil para comprender a necesidade de acadar unha meirande superficie de asentamento, dada a insuficiente área habitacional do Castro Pequeno. Aínda así, cremos que este proceso é moito más complexo, como complexo é o proceso construtivo que remata co aillamento de toda a Punta de Neixón, gracias ao erguemento de dous parapetos que dende ámbalas dúas liñas de costa conectan coa muralla N, como xa se apuntara no ano 2001 (Álvarez *et al.*, 2005: 97).

Polo tanto, obsérvase unha monumentalización de todo ese espazo na 2<sup>a</sup> Idade do Ferro definíndose unha área fortificada na que se identifican tres zonas: o recinto superior do Castro Grande, unha terraza meridional e o Castro Pequeno. Será nese momento cando o sistema defensivo do poboado primixenio, carente xa de funcionalidade, sexa amortizado como verquedoiro como así se comproba na documentación fornecida pola escavación de 1925 (López Cuevillas e Bouza Brey, 1926-27). Outra cousa é que se abandone totalmente como espacio habitacional, feito que semella poñer de manifesto a datación probable do *aryballos* alí atopado (século IV a. C.) coetáneo dalgúns dos materiais púnicos rexistrados por nós no recinto superior do Castro Grande, espazo do que nos imos ocupar deseguido.

## Un espazo monumental da 2ª Idade do Ferro: o recinto superior do Castro Grande

O recinto superior do Castro Grande foi erguido *ex novo* cara aos séculos V-IV a. C. (en agarda das datacións radiométricas) seguindo un programa arquitectónico perfectamente definido. Deste xeito, a *croa* rodeouse dun foso perimetral de natureza monumental que no tramo escavado devala entre os 2.80 m e os 3 m de profundidade. No SE habilitouse un acceso definido por unha interrupción no foxo, como queda posto de manifesto trala ampliación do sector 02 levada a cabo na presente campaña. Orixinalmente o sistema defensivo completábase cunha empalizada de madeira de carballo, que posteriormente sería substituída pola construcción dun parapeto de terra, axustado tamén á porta de entrada.

### (a) O acceso SE: función e sentido dunha forma arquitectónica

A aproximación arqueolóxica tradicional á arquitectura dos poboados fortificados castrexos centrouse en estudos de carácter formalista e tipoloxizante na liña da escola histórico-cultural alemá. Esta perspectiva descriptivista, a pesar do relativo e tardío impacto da Arqueoloxía funcionalista na década de 1980, mantense en parte vixente até a actualidade. Neste contexto, os accesos ao interior do recinto habitacional dos castros foron obxecto de atención xa nas prospeccións sistemáticas levadas a cabo polo Seminario de Estudios Galegos pasando posteriormente a formar parte como campo específico nas fichas de inventario e catalogación manexadas dende os anos 70. Neste senso elaboráronse sucesivas tipoloxías de entrada a partir dos datos procedentes da práctica prospectiva e da revisión da fotografía aérea de diversos xacementos castrexos (Rey Castiñeira, 1984; Romero Masiá, 1984-85).

O panorama completaríase coa excavación de entradas monumentais en castros, todos eles adscribibles ap cambio de era, como a porta SE do recinto superior do castro de Elviña, a entrada ao castro da Graña, os accesos aos dous recintos do *oppidum* de San Cibrán de Lás, a entrada ao barrio escavado de Santa Trega, ou de época posterior coma o acceso ao castro da Torre (Courelo) ou a porta do poboado galaicorromano de Viladonga, por poñermos algúns exemplos. Coñecemos, polo tanto, diferentes tipos de acceso, ben estudiados dende o punto de vista formal, pero sobre cuxa función e sentido apenas se ten matinado deica este momento. Este é un tema que entronca coa natureza do debate científico existente na actualidade, ancorado na problemática da natureza guerreira ou non das comunidades castrexas. Algúns autores negan o carácter bélico destas sociedades e rexeitan, consecuentemente, a funcionalidade eminentemente defensiva para estas estruturas monumentais, como foxos, parapetos e murallas (Calo, 1993: 97-102; Bello e Peña, 1995: 162-3).

Na nosa opinión, resulta obvio que a arquitectura é unha tecnoloxía de construcción da realidade, unha ferramenta que xenera cultura material, xenerando uns dispositivos de carácter polisémico, multidimensionais e multifuncionais (Ayán, 2003). A muralla do Castro Grande de Neixón (como a de calquer poboado fortificado) é o resultado da axencia social, dun esforzo colectivo, realizado para erixir un espazo monumental, social e simbólico. Esta arquitectura serviría, por

suposto, de sistema defensivo, de protección do recinto, pero á súa vez delimita o espazo para a acción social, devén un mecanismo de cohesión social, convírtense nunha ferramenta de control e coerción da propia comunidade e constitúe un elemento monumental, creado para ver e ser visto, concebido como unha materialización do prestixio do poboado de cara ao exterior.

Pero este espazo monumental, multifuncional, posuía un sentido específico, relacionado co patrón de racionalidade dos habitantes do Castro Grande de Neixón. O acceso ao recinto abriuse no SE, realizándose unha entrada de carácter monumental, cinguida por dous tramos de foxo de sección en V e uns 3 m de profundidade. Estos foxos foron colmatados rapidamente polo que a finais do século II a. C. probablemente se atoparían selados. Este proceso de recheo intencional poñémolo en relación co peche de toda a punta de Neixón ao longo da 2<sup>a</sup> Idade do Ferro, cando se constrúen dous parapetos a xeito de apéndice dende ámbalasduás liñas de costa, uníndose ao monumental parapeto septentrional. Atopariámonos polo tanto cunha serie de depósitos adscribibles á Fase II do mundo castrexo (séculos IV-II a. C.), perfectamente selados, o que explica que se teñan conservado os materiais e mailo contexto de deposición, sen sufri-las posteriores alteracións que afectaron ao resto do recinto con sucesivas remodelacións.

Tanto o depósito cerámico coma o concheiro localizados no interior do tramo de foxo 1 foron o resultado dunha acción intencional levada a cabo a pé de foxo, dende fóra do recinto superior. Este indicio supón unha evidencia máis para plantexa-la utilización da terraza ubicada entre castros coma verdadeiro espazo habitacional durante a 2<sup>a</sup> Idade do Ferro. Por outra banda, a orientación da porta correspón dese, en liña recta, coa zona de fondeadeiro tradicional até época recente na Punta de Neixón (o *Porto do Castro* mencionado na documentación medieval).

O contexto estratigráfico dos materiais, o seu estado de conservación e a súa propia calidade son indicios, á súa vez, de deposicións intencionais. Exemplos paradigmáticos deste uso son a rasqueta de ferro e maila botella cerámica aparecidas no recheo do tramo de foxo 2. Ámbolos dous utensilios apareceron aillados, sen ningún material asociado na unidade estratigráfica en que se recollerón. A isto cómpre vencella-la cantidade e calidade de materiais de importación púnicos: imitación dunha botella púnica, tres askós ebusitanos, óla e urna íbero-púnica, fragmentos de tres ánforas *Mañá A4*, anacos dun *kálathos*, fragmentos de *pithoi*... todos eles localizados no concheiro, no depósito cerámico e no interior do foxo 02, amosan a incidencia deste tráfico comercial e a súa presenza cotiá neste enclave, cunha posición estratégica no comercio a longa distancia, actuando como referente na paisaxe púnica recreado nas Rías Baixas na Fase II da cultura castrexa (González Ruibal, 2004: 296-99; 2006).

Á súa vez, o recheo do foxo 1 (en parte xa publicado, véxase Ayán et al. 2005: 188-92) deparou a localización do citado depósito cerámico conformado na súa meirande parte por xerras tipo Toralla, destinadas ao servizo e consumo de bebidas alcohólicas, así como pezas vencelladas á actividade metalúrxica do

bronce (fibula, crisois de fundición, escouras) e restos dun esqueleto de cánido, resultado dun claro depósito intencional.

A conxunción de todas estas evidencias lévanos a plantexa-la utilización desta entrada e, por extensión, de todo o recinto superior do Castro Grande, coma un espazo social de carácter ritual. De todos é coñecido o carácter simbólico dos accesos aos poboados e mailas cidades na Protohistoria europea e a época clásica (Parker Pearson, 1999). Estes espazos de carácter liminar (orientados ao nacemento do sol, auténtica metáfora da reproducción da vida e do corpo social) eran sancionados simbolicamente coa erección de elementos de carácter apotropaico, como as coñecidas estatuas de guerreiro galaicos, algúns deles localizados *in situ* ou *in loco*, vencellados ás portas dalgúns castros (Bettencourt, 2003). Nesta liña, un mínimo percorrido polo panorama da prehistoria Recente e maila Protohistoria europea apórtanos numerosos paralelos sobre a utilización destes tramos de foxo relacionados co acceso a recintos monumentais (Hingley, 1990; Hill 1996). Así pois, por exemplo, no Neolítico e a Idade do Bronce estes recintos foron empregados de maneira recorrente en actos sociais de carácter ritual nos que se levaban a cabo deposicións de carácter votivo de materiais vencellados ao mundo doméstico, á vida cotiá desas comunidades<sup>2</sup> (Owok, 2005; McFadyen, 2006). A este respecto, a cultura material preséntase coma unha ferramenta máis para a construcción da realidade social, como se ten constatado no mundo atlántico e centroeuropeo, mediante a utilización polas elites guerreiras de cultura material alóctona (cerámica grega, fenicia e cartaxinesa) coma elementos de prestixio, vencellada a rituais e banquetes nos que se consumían bebidas alcohólicas (Arnold, 1999).

A localización de todos estes materiais púnicos na entrada SE, así coma o posible enterramento dunn can e maila deposición votiva de elementos de cultura material de carácter excepcional (enmangue de hasta de cérvido, rasqueta de ferro, ampolla cerámica, fibula de bronce) remítenos a un uso ritual desta arquitectura que delimita o recinto superior do Castro Grande.

(b) *Sobre a funcionalidade do recinto superior: as foxas de almacenaxe*

A croa do Castro Grande obedece a unha programación arquitectónica perfectamente preestablecida. Así pois, o levantamento planimétrico amosa claramente como os constructores castrexos tomaron coma eixo vertebrador de todo ese espazo un conxunto de afloramentos de pegmatita ubicados no centro N do recinto. Estes rochedos foron complementados cunha serie de grandes bloques do mesmo material, ubicados alí intencionadamente (algúns presentan incluso pequenos calzos na base) definindo un espazo arquitecturizado de forma circular.

O recinto quedaría defendido nun primeiro momento por un foxo monumental e por unha empalizada de madeira, accedéndose ao seu interior pola entrada SE.

<sup>2</sup> Un bo exemplo disto semella se-lo recheo da gabia 01, na que rexistramos depósitos puntuais de anacos de muíños barquiformes como único material arqueolóxico asociado.

Esta fase primixenia de ocupación detéctase precisamente na área vencellada ao citado acceso suroriental. A camada UENEI02032 corresponde ao primeiro nivel de uso de ese espacio, sobre o que posteriormente se ergue o parapeto de terra e unha segunda entrada remodelada.

Cando se está utilizando ese espazo, xa se comeza a amortizar o foxo, ao longo do século III a. C., o que nos leva a pensar que a finais do século II a. C. estaría completamente colmatado, perdendo calquier tipo de funcionalidade defensiva. Deste xeito, o tramo do foxo 01 presenta na base un depósito de recheo intencional de grandes bloques de xisto, sobre o que se guindaron sucesivos niveis de cunchas, conformando un basureiro que semella ter sido formado por aportes ao pé do foxo, ao carón da entrada. Entre os séculos IV e II a. C. o recheo completouse coa formación dun verquedoiro cerámico, no que aparecen misturados materiais púnicos con cerámicas indíxenas. Pola súa banda, o tramo do foxo 02 que cingue a entrada polo N, presenta tamén un proceso de colmatación rápido e homoxéneo. Cremos que este rápido proceso de clausura do foxo pode poñerse en relación coa remodelación do sistema defensivo que conlevou a ampliación do parapeto N. Esta obra pechou toda a Punta de Neixón e impidiu o acceso dende terra, circunstancia que deixaría sen utilidade defensiva ao primixenio foxo perimetral do recinto da *croa*.

A escavación de 2006 completa a nosa visión sobre este recinto superior no período que devala entre os séculos IV-II a. C. Deste xeito contamos cunha coherencia absoluta entre a cronoloxía relativa fornecida polos depósitos de recheo dos foxos e os materiais exhumados no nivel de ocupación antigo rexistrado no sector 02, dentro do recinto. Chegados a este punto: que defendía ese foxo mentres estivo en activo como elemento defensivo? Un espazo habitacional ou outro tipo de espazo?

O conxunto de foxas escavadas no xabre documentadas no interior do recinto, vencelladas á entrada SE, preséntase coma unha proba contundente da súa utilización, ou alomenos da utilización dessa zona en concreto, como área colectiva de almacenamento de produtos excedentarios<sup>3</sup>. A súa morfoloxía, así como a localización no seu interior de carbóns, sementes, e de restos de revestimento de arxila nalgúns delas deixá bastante clara a súa funcionalidade como silos ou dispositivos de almacenaxe. Doutra banda, trátase de contextos pechados nos que tamén pudemos documentar anacos de muíños de granito naviformes amortizados, cerámica castrexia con restos de fulixe, un pequeno botado de conchas e significativos anacos de cerámica doméstica púnica, con paralelos en Cerdeña, Ibiza, a costa sur peninsular e no xacemento de A Lanzada.

Se no interior dos foxos atopamos cerámica púnica de carácter ritual, nas foxas do interior documentamos cerámica púnica de uso común vencellada a actividades de carácter doméstico. Toda unha diferenciación espacial a ter en conta.

<sup>3</sup> As sementes e carbóns documentados no interior das foxas serán estudiadas pola antracóloga María Martín Seijo da Universidade de Santiago de Compostela.

Este complexo de almacenaxe semella obedecer a unha tradición construtiva que probablemente se remonte aos silos característicos das aldeas abertas do Bronce Final no S de Galicia (Lima e Prieto, 2002) e no Norde de Portugal (Jorge, 1988, Bettencourt, 2000). Este desenvolvemento da agricultura ao longo dese período favoreceu o proceso e sedentarización das comunidades no Ferro I e xerou unha tendencia crecente ao acumulamento de excedente, culminada na 2<sup>a</sup> Idade do Ferro.

A complexidade social e económica da Idade do Ferro no contexto peninsular e atlántico ten o seu reflexo nas prácticas agrícolas e nos dispositivos de almacenamento que aparecen agora en áreas especializadas que deben ter como finalidade protexer e asegura-los produtos excedentarios. Estas *storage pits* inzan os poboados fortificados británicos e irlandeses, polo que contamos con numerosos exemplos, entre os que destaca o xacemento de *Danebury*, cunha zona central con foxas e silos dunha grande capacidade de almacenaxe (Cunliffe, 2004: 45, fig. 43). Outro exemplo é o conxunto de foxas de almacenaxe documentado en *Conderton Camp* vencelladas espacialmente ao parapeto e mailo acceso ao interior do recinto (Dyer, 2003: 58-9, figs. 37-38). Noutros casos aparece dentro do recinto fortificado un amplo conxunto de graneiros entre a casas e o sistema defensivo, como no coñecido caso galés de *Moel and Gaer* (Dyer, 2003: 34, fig. 22; Champion et al., 1991: 369, fig.. 9.11) que levou a un sector da investigación a suxerir que unha das principais funcións deste tipo de asentamentos fortificados pudo ter sido o alamcenamento de gran (Cunliffe, 1978: 268).

Igualmente, os silos forman parte, ao igual que as casas-almacéns e os celeiros, dos sistemas comunitarios de almacenamento que se extenden durante a primeira Idade do Ferro en zonas mediterráneas da Península Ibérica (Buxó, 1997: 253). Se ben estes campos de silos se atopan fóra dos poboados, perto dos campos de cultivo e dos cursos fluviais, no NW peninsular, pola contra, as estruturas de almacenamento de carácter colectivo rexistradas deica o momento ubícanse dentro do espazo fortificado. A este respecto, exemplos (coetáneos do recinto superior do Castro Grande) da presenza de dispositivos para o almacenamento de cereal son as evidencias exhumadas en *Castrovite* cunha terraza específica con estruturas de amacenaxe e procesado, numerosos muíños e cereal carbonizado (González Ruibal e Carballo Arceo, 2001) e no castro das Laias (López e Alvarez, 2000). Neste último xacemento, no recinto superior, apareceron silos formados por entramados vexetais revestidos de arxila, así como outros contedores aillados por pavimentos de arxila, táboas e corcho.

Nun momento de expansión económica como foron os séculos V e IV a. C., o incremento do excedentes orixinou a necesidade de crear instalacións específicas para o intercambio e mailo comercio en determinados xacementos que actuarían como verdadeiros lugares centrais de agregación; na opinión de A. González Ruibal, sitios como *Castrovite* ou *Laias* cumplirían esta función de almacenaxe e redistribución para un determinado territorio político (González Ruibal, 2003: 258-60). Como no caso de *Danebury*, habería que maximizar estos sitios como lugares centrais nos que se levarían a cabo decote actividades fundamentais para a

reproducción social e biolóxica dunha comunidade dispersa no territorio. Asemade, no caso de Castroite esta faceta se incrementaría polo seu posible papel como redistribuidor de materiais alóctonos de importación procedentes do comercio púnico dende a costa.

Partindo do rexistro exhumado nestas últimas campañas, e tendo en conta os precedentes citados así como o contexto xeral da Idade do Ferro atlántica e peninsular, cremos que o recinto superior de O Castro Grande, alomenos na súa primeira e más antiga fase de ocupación, non serviu de marco para actividades domésticas, senón coma un espazo de agregación social sancionado simbolicamente mediante depósitos votivos e rituais vincellados co acceso SE. Fundamentan esta hipótese, ademais, os seguintes feitos contatados arqueoloxicamente:

- No interior da *croa* apenas existe potencia estratigráfica, e os restos de arquitectura doméstica son adscribibles á época baixoimperial romana, asentando sobre un nivel fundacional prerromano apenas conservado. Contando coa grande cantidade de sondaxes precedentes e coa ampla superficie escavada dende 2003 en tres áreas diferentes do interior deste recinto, podemos afirmar que non existen evidencias sobre un uso habitacional deste espazo en época prerromana.
- Por outra banda, destaca a presenza de abundantes mans de moer e muíños naviformes nas áreas intervistas, sobre todo nos sectores 01 e 04, onde aparecen misturados cos materiais asociados ao nivel de uso de época romana. Así por exemplo, na presente campaña de 2006 recolléronse entre os sectores 01, 02 e 03 un total de 18 muíños naviformes que nos remiten ao desenvolvemento de actividades de procesado de cereal, pero non asociadas a estruturas domésticas.
- A circunstancia de non ter atopado un espazo doméstico arquitecturizado en pedra no interior da croa, adscribible á Fase II da *cultura castrexa*, é algo totalmente excepcional nun castro deste porte no marco das Rías Baixas. Así pois, o veciño castro de O Achadizo (Cabo de Cruz) forneceu unha secuencia ocupacional ampla cunha arquitectura doméstica en pedra de carácter monumental, como así acontece tamén no castro de Baroña (Porto do Son). A construción dámbolosdous poboados fortificados foi coetánea ao erguemento do recinto superior do Castro Grande.

A este respecto, cabe plantexa-la posibilidade de que existise unha compartimentación da Punta de Neixón na 2<sup>a</sup> Idade do Ferro artellada en diferentes áreas funcionais; neste xeito, o primixenio recinto non serviu de marco para actividades non estrictamente domésticas, estendéndose o caserío pola terraza existente entre o Castro Grande e o Castro Pequeno.

Asemade, resulta suxerente ver neste recinto monumental da croa un exemplo máis dos escenarios arquitectónicos que se foron xenerando no seo das comunidades castrexas do NW dende a 1<sup>a</sup> Idade do Ferro. Así pois, por exemplo, o recinto superior da acrópole do castro asturiano de Chao Sanmartín deparou un espazo de carácter cultural, arquitecturizado e cuxa entrada foi sancionada

simbolicamente co depósito votivo dun cráneo humano (probablemente de muller) (Villa e Cabo, 2003). Outro exemplo constitúeo o xa citado recinto superior do castro de As Laias (Ourense), no que se documentou un monumental conxunto de silos e estruturas de almacenamento de cereal de carácter comunal (López e Alvarez, 2000). Nestes exemplos podemos ve-lo antecedente probable deses recintos ubicados no alto dos grandes castros da Fase III como Monte Mozinho, San Cibrán de Lás ou Coaña, os cales non foron utilizados como espazo habitacional, senón como espazo de carácter social, relixioso e comunitario.

Visto o panorama, cabería preguntarse: a que se debe a importancia e complexización acadada por este espacio da Punta de Neixón entre os séculos IV-II a. C.? Grazas ás campañas de 2005 e 2006 sabemos que probablemente o estaño e o comercio púnico teñan bastante que ver con este fenómeno.

De feito, este proceso de acondicionamento de toda a Punta de Neixón coincide cronoloxicamente cunha dinámica histórica da que comezamos a ter notables evidencias no Castro Grande: o impacto do comercio púnico nesta zona da costa galega, entre os séculos IV e II a. C. Así pois, a calidade e variedade dos productos de importación púnicos (imitacións indíxenas de ungüentarios, varios askós ebusitano, óla e urna íbero-púnica, fragmentos de tres ánforas Mañá A4 e dun *kálatbos*) localizados no cuncheiro, no verquedoiro cerámico e no interior do foxo 02, amosan a incidencia deste tráfico comercial e a súa presenza cotiá neste enclave. Confírmase así a tendencia testemuñada nas campaña de 2004 e 2005, polo cal semella que o Castro Grande de Neixón se presenta coma un enclave comercial importante na longa duración, cunha semellanza máis que notoria co xacemento paradigmático de A Lanzada. Este xacemento, asentado nun emprazamento semellante ao Neixón, presenta unha cantidade importante de importacións mediterráneas dende o s. V a. C., especialmente ánfora *Mañá-Pascual A4* procedente da área gaditana, o que salienta a súa posición estratégica no comercio a longa distancia e o seu papel como referente na paisaxe púnica recreada nas Rías Baixas na Fase II da cultura castrexia (González Ruibal, 2004: 296-99).

A este respecto, o achádego do *aryballos* fenicio no Castro Pequeno nas escavacións da década de 1970, non resulta nada anecdótico nin excepcional se o contextualizamos co panorama que agora presenta *O Castro Grande*, erguido probablemente no século V a. C. e cunha cantidade realmente senlleira de materiais púnicos que chegan até época serodia (borde de Mañá C2a). A importancia deste enclave comercial, cos seus fondeadeiros e capacidade portuaria, pode explica-la monumentalidade que progresivamente acada o poboadío ao longo da Fase II. Os novos datos parecen dar á volta a hipótese que plantexaba fundamentadamente J. Naveiro, quen consideraba que Neixón ou Baroña, antes do cambio de era, probablemente tivesen unha participación más pasiva no tráfico (Naveiro, 1991: 151).

Vindeiras campañas permitirán saber se na terraza entre o Castro Grande e o Castro Pequeno se atopa un recinto habitacional ao xeito do sector exterior de A Lanzada (González Ruibal, 2004: 39-42), verdadeiro lugar de intercambio, auténtica

comunidade de paso, posible *emporia* onde inetractuaron as comunidades indíxenas e os comerciantes mediterráneos. As comunidades castrexas da costa incorporarían pasenñamente a cultura materal alóctona ás prácticas sociais cotiás. E, neste senso, as imitacións indíxenas de ungüentarios púnicos documentadas no foxo e nunha foxa de almacenaxe do recinto superior, ou a calidade técnica da metalurxia do ferro (véxase o caso da rasqueta analisada) son boa proba deste proceso.

### O impacto da romanización

Na fase III da *cultura castrexa* (sécalos II-I d. C.) o recinto superior do Castro Grande semella sufrir unha fonda remodelación; péchase o antigo acceso SE e se colmata definitivamente o foxo defensivo. Estes cambios na morfoloxía do espazo coinciden co impacto comercial romano previo á conquista; os navegantes latinos e tardopúnicos do sur peninsular serán os sucesores daqueles coñecidos mercaderes gaditanos de antano. Como evidencia deste comercio co Mediterráneo (séculos II-I a. C.) a escavación de 2005 aportounos nun estrato removido do sector 04, un fragmento de *cerámica campaniense tipo A*<sup>4</sup>, evidencia temperá deste proceso.

En liñas xerais, o rexistro arqueolóxico exhumado no Castro Grande adscribible a época romana caracterízase pola presenza de abundante material cerámico, sobre todo anfórico, que ven corroborar as pautas xerais identificadas para esta zona da Galicia costeira (Balil 1971, 1977; Naveiro 1991; Fernández Pintos, 2001; Naveiro, 2001). Como xa apuntara J. Naveiro, no seu estudo dos materiais romanos exhumados en 1976 no Castro Grande de Neixón, existían no recinto superior grandes concentracións de ánforas, cun predominio case absoluto de pezas da forma *Haltern 70* e algúns exemplares de ánfora de salgado bética da forma *IIb* de Beltrán (Naveiro, 1985: nº 44-49; Naveiro e Caamaño, 1992: n.p. 3) o que situaría o principal nivel de ocupación do xacemento en época romana cara á primeira metade do s. I d. C. (Naveiro, 1986).

Cremos que o material recollido nesa campaña correspón dese coas cuadrículas Wheeler abertas no que despois foi o noso sector 02. Aquí vemos unha correspondencia perfecta entre aqueles materiais e os documentados por nós nos depósitos de derrubo de estruturas, no derrubo da cara interna do muro de contención do parapeto, todos eles niveis que selan os niveis de ocupación prerromanos.

A abundancia de materiais romanos dáse tamén no sector 01, no sector 04 e no sector 03, este último aberto en 2004 e que aportou un 90 % de material anfórico entre todos os restos cerámicos recollidos. En liñas xerais, na fase de ocupación romana en todo o recinto, en época antepimperial, predomina o tipo de ánfora bética *Haltern 70*, documentándose tamén restos de ánforas *Beltrán IIb*,

<sup>4</sup> Exportada dende a área do Golfo de Nápoles dende finais do século III a.C. Existen exemplares da forma 36 de Lamboglia en Santa Trega (primeira metade do século II a. C.) e Elviña (segunda metade do século II a. C.) (Naviero, 1991: 27).

*Dressel* 2-4, anacos de ánforas *Lomba do Canho*, cerámica cincuenta fina bracarense e *sigillatas hispánicas*<sup>5</sup> *Drag.* 15-17. Estes materiais remítennos a un nivel de ocupación do século I d. C. do que non quedan restos. Un último momento de ocupación si que deixou, pola contra, unha fonda pegada no recinto superior, conservándose restos de estruturas domésticas de cachotería nos sectores 01 e 02 (con muíños circulares, tégula...) e dunha posible área artesanal no sector 04. Permiten datar este nivel exemplares de *Terra Sigillata Hispánica tardía*<sup>6</sup>, *Terra Sigillata Focense*, ánfora palestina, cerámica pintada (procedente de Clunia) e cerámica común do século III d. C., entre outros materiais cerámicos.

Polo tanto, constátase unha continuidade baixo a romanización da funcionalidade comercial do asentamento, vencellado á ruta de acceso ao interior de Galicia constituída polo, daquela navegable, río Ulla. Neste período o castro parece formar parte da rede de control desa ruta, na que se integran outros castros como o de Alobre e o das Torres do Oeste (Naveiro, 2004: 71-9).

A paisaxe da ría de Arousa transfrmase nesta época; a enseada de Abanqueiro semella albergar explotacións de salazón; pequenos *vici* espállanse polos férteis vales que ocupan o espazo entre a serra de Barbanza e a ría; colonos latinos aséntanse no país. Cando o Castro Grande funciona como porto, *Ursus*, un cidadán romano da outra beira, na actual parroquia de Taragoña, ergue unha lápida en recordo de amigos queridos. A escritura, a arte romana, a epigrafía, a cerámica de luxo, o viño, o aceite transforman a vida cotiá das antigas comunidades indíxenas.

O nivel de ocupación tardorromano (séculos III-IV d. C.) do Castro Grande, con arquitectura doméstica adosada á antiga muralla, dáse en diferentes xacementos castrexos de Galicia, como S. Cibrán de Lás (López González et al., 2004), Elviña (López Gómez, 1994) ou Vilela (López González et al., en prensa), mais neste caso concreto garda máis relación con outros asentamentos emprazados na costa das Rías Baixas que presentan unha mesma evolución, destacando, de novo, A Lanzada, no que na campaña de 1974 se documentaran *sigillatas hispánicas tardías* con decoracións de círculos concéntricos, idénticas ás documentadas por nós no sector 01 (Fariña Busto, 1975). Estes materiais asócianse a unha arquitectura de muros de mampostería, superposta a estruturas anteriores, que definen estruturas oblongas de carácter doméstico, ás que se asocian áreas de actividade ao ar libre con pavimentos, tal como acontece no xacemento boirense.

En definitiva, o Castro Grande de Neixón estivo integrado nos circuitos comerciais a lonxa distancia dende os séculos V-IV a. C. até incluso despois da desaparición do Imperio Romano. Mil anos de comercio. Neste senso, a romanización conlevou unha consolidación do papel do poboado fortificado como

<sup>5</sup> Como acontece no resto de xacementos litorais onde se localizou este tipo de cerámica, a inmensa mayoría das pezas atribúense a alfares rioxanos, más concretamente ao centro productor de *Tritium Magalum* (Naviero, 1991: 35).

<sup>6</sup> Segundo Naveiro a meirande parte da producción de *TSHT* debe datarse no século IV d. C., acadando a primeira metade do século V d. C. (Naveiro, 1991: 47).

receptor de produtos e centro redistribuidor, que viña dado polas súas excelentes condicións como porto natural.

### O monte de Neyxon

O devir histórico dos castros de Neixón non remata na Idade Antiga. A axitación do mercadeo cos fenicios, a algarabía do poboamento e o devir da vida cotiá deron paso a unha funcionalidade moito más silenciosa, moito más agochada na paisaxe. Abandonado definitivamente como espazo habitacional e comercial, a Punta de Neixón pasa pasenriñamente a formar parte do espazo agrario das comunidades campesiñas cristiás altomedievais, durante o proceso de conformación da parroquia de San Vicente de Cespón. Pero non só iso, xunto cos diversos xacementos arqueolóxicos situados na zona de San Vicente de Cespón, os castros de Neixón convértense en marcas mentais perfectamente assumidas polo habitante medieval do entorno e plasmadas nos textos.

Até a Idade Media non temos constancia de que ningúén escribise nada sobre a Punta de Neixón; nin aparecía citada nas fontes clásicas ni atopamos referencias no *Parrochiale Suevum*. Pero este baldeiro remata no século XII. De feito, o topónimo Neixón –de etimoloxía complexa- é un dos más antigos, e aparece por vez primeira mencionado na doazón de 1165 do monxe Pelagio Guntádiz ao mosteiro de Toxosoutos, especificando a concesión do espazo *ex aqua de Doavria usque ad cautum Nini et usque ad Neyxon per suos terminos antiquos*. A referencia a este camiño do couto de Nine até Neixón *per suos terminos antiquos* amosa claramente a monumentalización do sistema defensivo dos Castros de Neixón, ruínas arqueolóxicas que eran tomadas como fito na paisaxe e como referente topográfico e xeográfico.

O proceso de artellamento territorial que tivo lugar entre os séculos VIII-X consolida definitivamente a ocupación dos vales en Galicia. Nesta dinámica os castros que non continúan habitados pasan a seren referentes territoriais na periferias dos novos núcleos de poboación: as *villae* e as *ecclesiae*. Neste período aparece definida unha organización comarcal e eclesiástica que, recollendo ás veces nomes xentilicios (Prestamarcos-Postmarcos), toma como referentes de demarcación fundamentalmente os ríos, os montes e os vestixios do poboamento castrexo, perceptibles claramente para a sociedade campesiña altomedieval.

Constátase a escala de Galicia a existencia dunha paisaxe antiga fosilizada, na que manteñen a súa importancia os ríos, as vías de comunicación tradicionais os castros e túmulos megalíticos. As *villae* desta época, co seu territorio acotado por marcos ou referencias físicas, así como ruínas arqueolóxicas como castros, monumentos megalíticos ou miliarios romanos (Andrade 1996: 279-80) acabarán converténdose nas parroquias galegas. A partir do século XII, os castros non habitados xa desaparecen da documentación como referencias territoriais, pasando a formar parte da periferia do espazo explotable, a desapareceren da consciencia histórica dunhas comunidades rurais que elaboran unha cartografía mítica na que os castros pasan a ser espazos de culto aos santos ou espazos habitados por *mouros*.

Os Castros de Neixón, dentro da parroquia plenomedieval de *Sispalone*, pasa a ser un área non habitacional, un espazo periférico, escasamente produtivo dende o punto de vista agrario, pero do que se extraen notables recursos: leña, toxo, pedra, pesca, marisco. Dentro da configuración do sistema económico parroquial as prácticas consuetudinarias consagran este espazo coma un espazo comunal, do común, potencialmente explotable polas unidades familiares da parroquia, polas casas con *porta aberta e fume*. O antigo Neixón pasa a converterse no *monte de Neixón*.

Pero a vertente mariña deste monte fará deste espazo, ao longo do Antigo Rexime, nun fondeadeiro natural importante da flota pesqueira de Cespón (o porto de Vidres, substituto do medieval Porto do Castro) e nunha zona de extracción de marisco, importante, contando con varios viveiros de ostra (citados no Catastro de Ensenada<sup>7</sup>). No século XVIII comezan as iniciativas de explotación sistemática desta riqueza ostreira de Cespón, Abanqueiro e a ría de Arousa en xeral, como así o recollía o ilustrado Joseph Cornide na súa *Descripción de la costa de Galicia, ríos que desembocan en ella, sus puertos, cabos y ensenadas; con una noticia de los peces que la frecuentan, y de las redes y artes con que sus naturales se ejercitan en la pesca* (inédito, circa 1780) (González Pérez, 2003: 63):

*La villa de Rianjo está asentada en la Ribera oriental de la ya dicha Ría de su nombre, que es de las más tranquilas, y abunda de los pescados más delicados de todo el Reino, su sardina, aunque no grande es la de mejor gusto de toda esta costa, y sus ostras que toman el nombre del puerto de Abanqueiro, que cae enfrente de Rianjo, no solo son celebradas por Molina, sino que lo fueron en tiempos antiguos y hoy se aprecian mucho por su tamaño y buen gusto.*

*Los matriculados de Rianjo usan frecuentemente de las redes sardineras, pero también suelen formar cuatro o cinco sacadas que manejan con veinte lanchas y tres dornas, y los puertecitos de Aguerriós, Comba y Abanqueiro sobre la misma concha siguen el mismo ejemplo con tres sacadas y once lanchas, dedicándose todos igualmente a la pesca de besugos, butraces, mugiles, jurelos, etc. que venden a trágineros que los conducen a Santiago y a otros pueblos interiores del Reino.*

*Todos los de la Concha de Rianjo que a marea baja queda en gran parte descubierta desean se establezca otra armazón de arroaces, como la que va propuesta para el río Ulla.*

A Punta de Neixón pasa a converterse nun referente da enseada de Rianxo, nun espazo de explotación económica mariña para as confraría desa localidade. Os vellos topónimos da *Posta Nova* e da *Posta Vella*, referidos ás dúas pequenas calas ubicadas ao pé do Castro Pequeno, no SW da Punta de Neixón, remiten á explotación pesqueira desa zona, xa que neses sitios se empregaba a arte do aparello. Segundo a Abuín e Losada (1993): *O aparello era toda unha simboloxía*

<sup>7</sup> Arquivo Histórico Universitario. Catastro de Ensenada. San Vicente de Cespón. *Interrogatorio General*.

*de arte mariñeira. Tiña as súas postas ou zonas fecundas onde se podía lanzar con posibilidades de éxito. As postas eran disputas constantes. Os patróns das lanchas avisábanse de taberna en taberna da posta que iban coller ó día seguinte, pero se non había acordo saíase a ‘regateo a remo ou a vela e o primeiro en chegar collía a posta’. Había postas en Punta Neixón, Iñobre, O Rosario en Taragoña, Portomouro, Agallóns, A Pontella, O Bodeón, Aqueiros, Areabasta... Para o aparello iban dous barcos, un ‘a lancha do aparello’, e outro ‘a enviada’. Na primeira iban oito ou dez homes, e na segunda catro ou cinco. A enviada enchíase de peixe e volvía a terra para vender mentras a do aparello quedaba noutro lance. O aparello traballábbase desde o barco e desde terra. As veces viñan das aldeas para axudar a ‘turrar’ e dábaselle algún peixe.*

Pero a comezos do século XX esta percepción meramente economicista da Punta de Neixón comenzará a cambiar.

### Os Castros de Neixón no século XX

As dúas primeiras décadas do século pasado servirán de marco para un redescubrimento da Punta de Neixón, primeiro como espazo de lecer, e segundo, como espazo arqueolóxico. No tocante ao primeiro aspecto, contamos cun acontecemento da historia local que, cremos, tería unha fonda repercusión no futuro. Referímonos á homenaxe organizada polo Partido Conservador de Rianxo, xunto con outras entidades, en honra de Castelao para celebrar o seu éxito na súa exposición artística no salón Iturrioz de Madrid no ano 1912. Castelao daquela colaboraba no semanario conservador *El Barbero Municipal*, dirixido por Arcos Moldes, e cabeceira anticaciquil que denunciaba a práctica política de Manuel Viturro, secretario liberal da Deputación Provincial de A Coruña (Dourado Deira, 2001).

Este primeiro éxito artístico de Castelao levaría á súa contratación para deseñalo cartaz promocional das festas do Apóstolo e a facerse un nome como debuxante en Galicia. Neste contexto, a homenaxe rianxeira consistiu, casualmente nun xantar campestre na Punta de Neixón (Axeitos, 2000: 8; Calvo Ces, 2001; Dourado Deira, 2002). Na crónica do *Barbero Municipal* (número 99, 1 de xuño de 1912) vemos perfectamente reflexado, nun estilo decimonónico, o xurdimento de prácticas propias da burguesía urbá que son emuladas polas clases altas dunha pequena vila como Rianxo. Esta pseudourbanidade, que se separa do común dos rudos campesiños, incluía excursións polo rural e merendas campestres en zonas consideradas como espazos naturais privilexiados. Así era vista a Punta de Neixón por este snobismo vilego rianxeiro da época:

*En extremo simpática fue la fiesta que aquí se celebró el viernes de la pasada semana para honrar al gran caricaturista Castelao, á Daniel como familiarmente en Rianjo se le llama.*

*Cierto es que en ella no hubo el aparato y corrección propios de la solemnidad académica, ni se pareció siquiera á banquete de diputado, con discursos hueros, sesudos, que tanto daño hacen después de comer; allí sólo reinaron la cordialidad y la*

*alegría y, sobre todo, un inmenso cariño hacia el famoso artista que ya se ha hecho popular en toda España.*

*Acompañados de dos distinguidos hijos de Santiago, el simpatiquísimo y excelente fotógrafo Enrique Guerra y el notable pintor Ernesto Carrero, llegaron á Rianjo; el mismo día á las diez de la mañana, muchos padroneses que fueron recibidos con bombas, á pesar de haberlas prohibido el alcalde.*

*Todos, en unión de humeras personas de la villa y de las parroquias vecinas después de ir á casa del agasajado á felicitarle, partimos con él y con su padre en dirección al muelle, en donde nos embarcamos con rumbo á una de las próximas playas de Cespón.*

*La mañana estaba espléndida. El sol, que hacía varios días ‘brillaba por su ausencia’, lucía como nunca, cual si también quisiera tomar parte en el regocijo, y nos acariciaba con sus rayos tibios. Una suave brisa rizaba ligeramente la mar e impelía con majestad las embarcaciones. Llegamos.*

*Una vez en tierra nos dedicamos á buscar sitio donde reposar agradablemente, encontrando un delicioso pinar, de fresca y mullida alfombra, en la que cada cual acomodóse a su placer.*

*Pronto el apetito despertado por los aires marítimos, hízose general, y dio principio el campestre, pero sabroso yantar [...]*

*Conmovido por las muestras de simpatía de que era objeto, aunque con el gracejo que en todas ocasiones se distingue, contestó Castelao agradeciendo profundamente el agasajo que, con gran modestia, calificó de inmerecido, puesto que él no sólo no era un diputado que viniese á traernos la ventura, sino que nada de provecho había alcanzado para su querido pueblo, ni siquiera una triste carretera; pero, como replicó muy bien el Sr. Carballido, Castelao puede estar orgulloso de su triunfo, que su soberano talento da más gloria á su patria que muchos personajes y personajillos políticos que consiguen caminos, canales y pantanos.*

*Después de explicar en breves frases su labor como caricaturista, diciendo que si había intentado el poner de relieve los vicios y defectos de una raza era con la idea de perfeccionarla, terminó Castelao su brillante peroración con un saludo á los compatriotas ausentes. Una estruendosa salva de aplausos y vivas entusiastas á Castelao y á Rianjo pusieron fin a los discursos.*

*Con ánimo de dar mayor variedad y encanto á la fiesta, decidimos inmediatamente ir a tomar el café á Taragoña.*

*Al efecto, nos embarcamos de nuevo y, á los pocos instantes, tocábamos en la orilla opuesta, emprendiendo seguidamente el camino de la aldea*

*En el café que en ella establecido tiene D. José Brea Cespón y que más parece de ciudad que de villorrio, por lo bien que está montado, paladeamos la sabrosa bebida.*

*Luego, como la tarde estaba ya muy avanzada, abandonamos la risueña aldea, siendo saludados, al pasar con dirección al embarcadero, con vivas y aclamaciones por las gentes que se hallaban dedicadas á las faenas del campo.*

*iHermoso espectáculo el de aquellos rudos campesinos, expoliados por hombres sin entrañas, agitando entusiasmados sus sombreros y dando estentóreos vivas á Castelao y á Rianjo iPor sus agrestes almas también había cruzado una ráfaga de arte!*

A esta consideración de espazo natural, de lecer, uniríasselle pola mesma época, a súa conversión en xacemento arqueolóxico, no marco dos epígonos da Arqueoloxía rexionalista. A este respecto, entre 1885 e 1916 as investigacións sobre o pasado antigo e prehistórico de Galicia incardináronse na inercia xeral seguida pola historiografía española do momento (Ayán Vila, e.p.). De acordo con Ranke, a ferramenta privilexiada para acceder ao pasado era o documento (xa sexa un manuscrito, un numisma, unha medalla ou un epígrafe) polo que as Ciencias Históricas deberían botar man da Diplomática, a Numismática e maila Epigrafía, para a transcripción e interpretación deses restos pretéritos.

Se ao predominio desta tendencia positivista lle unimos o fracaso da introdución da Arqueoloxía Prehistórica en Galicia, a continuidade do enfoque anticuarista e a precariedade infraestructural da investigación<sup>8</sup>, comprenderemos o tipo de práctica historiográfica desenvolvida nestes anos, marcada pola pervivencia da erudición coma única ferramenta xeradora de coñecemento.

Esta Historia erudita tería como máximo representante a Antonio López Ferreiro, promotor da revista *Galicia Histórica* (1901-1903) e autor da monumental Historia de la S.A.M. Iglesia de Santiago (1898-1909). Nesta liña tamén se encadran autores como Bernardo Barreiro, director de *Galicia Diplomática* (1882-1885, 1888-1890 y 1893-94), J. Villa-amil y Castro (López García, 2003) e o grupo da Comisión Provincial de Monumentos de Orense dirixido polo presbítero Marcelo Macías.

Como saber vencellado a esta Historia erudita desenvólvese a Arqueoloxía rexionalista, concebida coma unha contribución á reconstrucción do pasado histórico da patria galega, mediante a reivindicación da civilización céltica atlántica, superadora do salvaxismo natural das sociedades humanas primitivas anteriores. Estas poboacións arianas conformarían a esencia da nacionalidade e a etnia galegas, deixando a súa pegada indeleble na toponimia, o folklore, a organización do territorio, a arquitectura vernácula e, evidentemente, nas ruínas arqueolóxicas.

Durante esta fase marcada polo rexionalismo cultural e político, non se documenta en Galicia unha práctica arqueolóxica de campo materializada en escavacións promovidas polas institucións. Dentro deste marco, os castros como obxectos de estudio seguían sendo tratados como monumentos célticos, dos que se descoñecía prácticamente todo. As sondaxes pioneiras de Villa-amil y Castro en

---

<sup>8</sup> O difícil acceso a Bibliotecas, a ausencia de institucións oficiais que apoien a investigación, a inexistencia dunha Facultade de Historia son algúns dos factores que explican este continuismo e esta precariedade da investigación. X. R. Barreiro Fernández sintetiza maxistralmente as consecuencias destes condicionantes: *Esta especie de soedade intelectual explica o escaso avance da historia galega, a reiteración dos temas, a fixación en cuestións que nos parecen menores e incluso ridículas e, sobre todo, a falla de alento renovador. A historia galega presenta unha especie de estructural anemia* (Barreiro Fernández, 1993: 193).

Mondoñedo (Villa-amil y Castro, 1887, 1888) ou de F. Maciñeira en castros de Ortegal (Armada Pita, 2003: 37-8) apenas tiveran trascendencia e repercusión publicística, polo que para a erudición galega rexionalista, os castros seguían sendo praticamente descoñecidos a comezos do século XX. Neste senso, a apertura de infraestructuras viarias, e non a inquedanza científica, suporá en moitos casos, o descubrimento de restos arquitectónicos vincellados aos castros nas décadas de 1900 e 1910.

Así por exemplo, a reutilización simbólica destes recintos coma espazos rituais propios da relixiosidade popular, conlevou a apertura de pistas de acceso aos recintos principais dalgúns castros senlleiros sobre os que se erixiran capelas adicadas a advocacións de grande devoción popular. Este foi o caso do castro de Troña (Mondariz, Pontevedra) no cal se descubriron en 1900 na súa parte NW os primeiros muros de estruturas circulares como consecuencia da ampliación da pista de acceso á capela do Dulce Nombre *abriéndose algunas habitaciones y hallándose en ellas piezas cerámicas, entre las cuales sobresale un ánfora entera, o poco menos, que se guarda en el Museo de Pontevedra* (Pericot e Cuevillas 1931: 8).

A mesma curiosidade despertaron outros achados casuais, moitos deles analisados pola Sociedad Arqueológica de Pontevedra. Esta entidade, ao igual que o *Centre Excursionista de Catalunya*<sup>9</sup> (1890) potenciu a investigación arqueolóxica, levando a cabo exploracións de prospección e escavacións en xacementos da provincia de Pontevedra. Nos arquivos da Sociedad, conservados no Museo de Pontevedra, e por referencias de Filgueira Valverde coñécemo-las escavacións realizadas nas necrópoles de Tomeza e Bouza (Mourente) en 1895, en Salcedo en 1897, e en castros coma o de San Porfins (1896), o do Viso, San Cristóbal e Vistalegre (o castro de Alobre) en Vilagarcía (1905);. Asemade, supervisábanse os achados e restos exhumados fortuitamente como a necrópole de Toiriz, explorada polo párroco don Francisco Tallón en 1898 (Filgueira Valverde 1948: 38-41).

Estas *exploraciones arqueológicas* seguiránse facendo en Galicia nos anos 10-20, por eruditos e asociacións locais, por individuos sen formación propriamente arqueolóxica, correspondentes dalgunha das Academias que prospectaban zonas que coincidían cos seus lugares de veraneo. Dentro deste contexto cómpre enmarca-lo labor na zona do Barbanza de Fernández Gil y Casal, quen documentou restos de *antiguas viviendas circulares ibéricas* trala realización dunhas obras na península de Cabo de Cruz (Boiro, A Coruña) (Fernández Gil y Casal, 1916: 32) e concheiros e pavimentos no castro de San Cristovo en Vilagarcía de Arousa (Fernández Gil y Casal, 1916: 38). O labor erudito de Fernández Gil y Casal, correspondente da Real Academia da Historia, foi o causante directo da localización de vestixios prehistóricos na Punta de Neixón. O concheiro por el documentado complementaba aos atopados noutros poboados

<sup>9</sup> Esta entidade foi a promotora da actividade arqueolóxica en Catalunya deixa a profesionalización da disciplina en 1915 coa creación do *Servei d'Excavacions Arqueològiques* dirixido por Pere Bosch Gimpera (Cortadilla, 1997: 276).

fortificados da ría de Arousa. As súas exploracións supuxeron o inicio do estudo arqueolóxico propiamente dito dos castros de Neixón como xacementos arqueolóxicos, tarefa á que vai conferir método e rigor a práctica arqueolólica do Seminario de Estudios Galegos da man de López Cuevillas e Bouza Brey.

O interese amosado por estes dous mestres da Arqueoloxía galeguista veu dado polo coñecemento da ría de Arousa por parte de F. Bouza Brey, polos traballos previos de Fernández Gil y Casal e probablemente polas referencias fornecidas por Castelao, quen coñecía os restos de primeira man, nas súas visitas a Cespón nas que incluso debuxou cruceiros que incluiría na súa obra *As cruces de pedra na Galiza*. Como sinala Brea Brei (2001: 85): en ‘Cousas’ agroman, senlleiras, as vidas das xentes de Rianxo, a silueta lanzal das xentes de Rianxo, a silueta lanzal da igrexa de Santa Columba, o paseo da Ribeira, o Campo das festas, as aldeas da redonda, as romarías de San Pedro de Vilas e San Ramón. Todas identificadas a través da fiestra da Ría, na referencia ás tradicións orais que traen as cousas dos tempos dos avós e bisavós, actualizando a pobreza e a ilusión, o traballo e a esperanza no espacio mítico rianxeiro. Trátase de fotos en cor sepia, gardadas na gabeta da memoria, con nomes e apelidos, en espacios recoñecibles, con dramas individuais que se tornan colectivos en boca do pobo.

Sen dúbida, Castelao tivo bastante que ver co vencellamento entre a Punta de Neixón e maila Xeración Nós. Neste senso, non é casual a presenza en Rianxo dun dos membros daquel grupo ourensán de intelectuais galeguistas, Arturo Noguerol Buján quen viviu cinco anos na vila de Rianxo (1928-1932) exercendo de Secretario do Concello, por influencias do propio pai de Castelao (González Pérez, 2001; Borobó 2001; Pousa Antelo, 2002; Costa Redil, 2003: 43-6). Arturo Noguerol, asasinado en Ferrol en xullo do 36, deixa testemuñas do seu paso pola vila rianxeira en dous traballos publicados na revista *Nós* en 1929: un artigo titulado *Vilas Galegas: Rianxo* (número 63 15 de marzo de 1929) e outro titulado *Romances da Calima Rianxeira* (número 64, 15 de abril de 1929).

Outro membro da Xeración Nós, o xeógrafo Otero Pedrayo, coñecía ao detalle a parroquia de Cespón, como consecuencia tamén do seu seguimento no seu día dos traballos de Bouza Brey e López Cuevillas en Neixón. Coñecida é a anécdota que segue: *Co gallo dun funeral celebrado na vila natal de Castelao, pouco despois do seu falecemento en Buenos Aires, acudiu Otero Pedrayo e deu mostrar do entusiasmo e emotividade que causaba nel a presencia daquel mundo arousán. Conta Borobó que don Ramón lle anunciou, de xeito premonitorio, que o ilustre xornalista acabaría por residir na outra banda do mar, na fermosísima atalaia natural que é Trevonzos, en terras da parroquia boirense de Cespón.* (Anónimo, 1999: 112).

Neste primeiro terzo de século XX vemos como a enseada de Rianxo<sup>10</sup> participa da transición entre a Arqueoloxía rexionalista e a arqueoloxía científica galeguista do Seminario de Estudios Galegos. Os castros eran vistos, antes de

<sup>10</sup> A ligazón da Punta de Neixón con Rianxo levou incluso a E. Carré Aldao a inclui-los castros de Neixón no capítulo adicado ao concello de Boiro na *Geografía General del Reino de Galicia* (Carré 1980: 792-4).

1923, como referentes da paisaxe cultural galega, como restos materiais da nacionalidade galega, na liña romántica de Pondal. Un bo exemplo disto é o poema conservado do poeta de Taragoña Xosé M. Brea Segade, escrito en plena guerra de Marrocos en 1921 sobre o Castro Barbudo, veciño da Punta de Neixón (Brea Rei, 1999: xlvi):

#### **Ao Castro Barbudo**

*Alegre corpudo castro,  
nun tempo campo de loita,  
en donde de Breogán  
os netos molime cortan;  
onde cantan as albercas  
i a perdiz tremando voa.*

*iCanto me acordas Barbudo!,  
iouh, castro, canto me acordas!  
lonxe da terra querida  
que ten o alcume de 'groria'.*

En 1925 Bouza Brey e López Cuevillas fan entrar aos Castros de Neixón na literatura científica galega e no discurso sobre a Protohistoria europea atlántica, cun traballo metódico e rigoroso, pero que tamén soubo traslada-la poesía dun espazo fermoso, rexistrando para a posteridade relatos populares de inconmesurable beleza coma a lenda da Parteira de Nine. Pero esa xa é outra historia, da que xa nos temos ocupado noutro lugar (Ayán, 2005b).

### 1.3. Hipótese de traballo

*A priori* cremos que se pode plantear como hipótese de traballo realista a posibilidade de que *O Castro Grande* sexa un deses *castros costeiros* – emprazados en illas, pequenas penínsulas ou promontorios- que inzan o litoral das *Rías Baixas* e se desenvolven notablemente na 2<sup>a</sup> Idade do Ferro a instancias dos contactos cos comerciantes mediterráneos. Este proceso, que se daría entre o século IV a.C. -med./fin. século II a. C caracterizaríase nidicamente (Naveiro, 1991: 149-51) polo control púnico do tráfico atlántico a través de elementos gaditanos, levándose a cabo intercambios puntuais (vaixelas finas e outros produtos de luxo), pero con certa regularidade, nas zonas costeiras más accesibles e tramos inferiores dos ríos más importantes.

A este respecto, *O Castro Grande* presenta un emprazamento óptimo, con potenciais zonas para fondeadeiro e embarcadoiro, e fontes e arroios próximos para o suministro de auga. Segundo J. Naveiro, non se pode determinar con claridade a funcionalidade dalgúns destes *castros marítimos* xa que puideron ser

portos de apoio da navegación de cabotaxe ou verdadeiros e activos portos comerciais imbricados no intercambio e redistribución tanto do excedentes comarcais como dos produtos foráneos. En verbas do autor citado: *Otros castros con capacidad portuaria, como Neixón o Baroña, muestran productos de importación desde esta fase temprana, s. IV-II a. C., pero sus características – marcado contexto indígena- y situación, parecen indicar una participación más pasiva en el tráfico. La función portuaria de estos asentamientos queda confirmada durante los s. I a. C y I d. C., por los importantes depósitos de ánforas localizados en los suelos de ocupación de los mismos yacimientos* (Naveiro, 1991: 151).

Dentro deste contexto, *O Castro Grande* semella formar parte dun amplo conxunto de castros prerromanos das Rías Baixas que xurden nesa fase media do castrexo e que se abandonan ou –como parece ser o caso- se transfoman en asentamentos doutro tipo ao longo do cambio de era. Este proceso explicaría o último nivel de ocupación aparentemente documentado nas intervencións dos 70 así como o impacto romanizador na cultura material exhumada.

Quedaría por discerni-la verdadeira cronoloxía<sup>11</sup> do asentamento, concreta-la súa funcionalidade así como a relación existente co *Castro Pequeno*, xa que non resulta doado pensar que ese espazo abandonado como lugar de habitación non fose amortizado dalgún xeito durante a ocupación do poboado fortificado de *O Castro Grande*.

## 2. Problemática patrimonial

A meirande parte das actuacións que se levaron a cabo non implicaron problemas prácticos relevantes. Unicamente cómpre considerar neste senso aqueles traballos que supuxeron movemento de terras. O problema máis relevante, o da evacuación de escombros, foi solventado sen problemas. A este respecto, o desprazamento de terras procedentes das sondaxes e a retirada de escombeiras fixose seguindo a dinámica establecida na campaña de 2003, coa axuda de medios mecánicos proporcionados polo concello de Boiro, accedendo ao xacemento polo camiño de entrada. A terra e pedras sacadas da escavación foron reaproveitadas para a realización de diferentes obras do Concello de Boiro.

Por outra banda, cómpre subliña-lo feito de que a Punta de Neixón non só constitúe unha área arqueolóxica, senón que se presenta coma un espazo no que conflúen diferentes variables:

---

<sup>11</sup> No mesmo contexto xeográfico contamos co xacemento de *O Achadizo* (Boiro, A Coruña), castro próximo a *Neixón Grande* que foi escavado recentemente por A. Concheiro, fornecendo unha serie de datacións radiocarbónicas que amosan unha longa perduración deste asentamento (Rubinos *et al.*, 1999). De feito, o principal nivel de ocupación documéntase entre os séculos VII-II a. C. (calibrado). Tendo en conta a proximidade espacial, as coincidencias no emprazamento e aparentemente na cultura material, non é improbable inferir -partindo desta analogía- que *O Castro Grande* poida obedecer aos mesmos parámetros no tocante á súa evolución como poboado. Para contrastar esta hipótese plantexaremos unha sistemática toma de mostras para datacións radiocarbónicas na intervención a desenvoltar neste proxecto.

- En primeiro lugar, segue sendo unha área de captación de recursos xa que na Punta se levan a cabo actividades de pesca e marisqueo.
- Doutra volta, constitúe un espazo social para a comunidade local, servindo de área recreativa e de marco para a realización doutro tipo de actividades como pode ser a Romaría de Neixón a comezos de agosto.
- Finalmente, Os Castros de Neixón consolidouse coma un recurso turístico que atrae a numerosas persoas nos meses de verán.

Esta triple circunstancia condicionou positivamente a natureza deste proxecto arqueolóxico, xa que no enfoque assumido polo noso equipo tivemos en conta a necesidade de artellar unha estratexia de traballo que se amoldase ás características que posúen os Castros de Neixón como recurso patrimonial. Neste senso, o equipo arqueolóxico levou a cabo, parellamente á escavación, labores de divulgación, destinados a satisfacer as demandas dos visitantes que acodían á Punta de Neixón durante a realización desta campaña arqueolóxica.

Asemade, coordinámo-lo noso traballo en todo momento coas instancias implicadas na protección e xestión dos xacementos, nomeadamente o Centro Arqueolóxico de Barbanza e a Concellaría de Cultura do Concello de Boiro.

### 3. Fundamentación do proxecto e campo de traballo no Castro Grande de Neixón

#### 3.1 A difusión e divulgación do coñecemento arqueolóxico

Este proxecto materializa a perspectiva arqueolóxica assumida pola nosa Laboratorio, levando á práctica unha estratexia de investigación que defende o artellamento de proxectos arqueolóxicos plantexados como programas de Xestión Integral do Patrimonio, nos que o coñecemento xerado pola disciplina arqueolóxica revira na sociedade mediante a súa revalorización e divulgación (Criado, 1996, 1996a; Criado e González 1994; González 2000, 2000a).

Dende esta óptica, a Arqueoloxía vén sendo unha disciplina, unha práctica social no presente, que tenta interpretar, a través dos vestixios da cultura material, os procesos socioculturais de construcción da realidade no pasado. Estes restos materiais son pisadas do pasado (registro arqueolóxico) e bens culturais que cómpre xestionar hoxendía (Patrimonio Cultural). O papel dos arqueólogos no contexto actual de mercantilización das reliquias do pasado (Industria Cultural) é dotar de sentido histórico e significado ao obxecto arqueolóxico-reliquia-producto para así xerar coñecemento e satisfacer as demandas sociais sobre o Patrimonio Cultural: *construír, reconstruír e deconstruír la memoria social a través do Patrimonio Cultural* (Criado, 2001; 2002).

Cómpre destacar que a Arqueoloxía tradicional apenas tratou o problema da difusión social do coñecemento histórico. Deste xeito, por exemplo, as intervencións en xacementos arqueolóxicos limitáronse ao desenvolvemento de campañas de escavación, cuns resultados –raramente publicados- que só

trascenderon en círculos de especialistas e profesionais. Polo tanto, convértense en proxectos subsidiarios á propia sociedade que paradoxicamente é o axente que os financia na meirande parte das ocasións.

Esta circunstancia pódese relacionar cunha perspectiva excesivamente academicista que obvia a natureza e función social dunha disciplina humanística como é a Arqueoloxía. Todo isto explica que se teña marxinado -de maneira inconsciente a miúdo- o traballo co produto sociocultural da investigación arqueolóxica por antonomasia: o Patrimonio Arqueolóxico. Este enfoque ten sido predominante na investigación protohistórica no noso país, limitando considerablemente a rendabilización en termos patrimoniais da información aportada polas intervencións arqueolóxicas en castros. Aínda que contamos cun bo número de xacementos que foron obxecto de escavacións en área, apenas se avanzaron iniciativas que incidan na posta en valor e difusión deste tipo de poboados fortificados.

Tentando superar esta inercia, e partindo dos presupostos subliñados e de experiencias de posta en valor precedentes levadas adiante polo noso equipo de traballo (Bóveda, 2002; Ayán *et al.* 2002) encetamos agora unha intervención arqueolóxica *dura* como é unha escavación en área, nun xacemento protohistórico emblemático, no marco dun proxecto de campo de traballo, eminentemente formativo e divulgativo.

Dentro deste contexto, para nós a área arqueolóxica de *O Neixón* é un monumento do pasado con grande significación social no presente, un elemento representativo dentro da paisaxe cultural da ría de Arousa e un atractivo turístico cun valor patrimonial incrementado pola construcción ao seu pé do *Centro Arqueolóxico do Barbanza*. Esta triple circunstancia conleva un enorme potencial para plantear un campo de traballo con xoves como marco ideal para encetar un proxecto arqueolóxico de intervención amplio na procura de dotar de sentido histórico, valorar e divulgar este emblemático xacemento arqueolóxico (Criado 2005).

### 3.2 Potencialidade dun campo de traballo en Arqueoloxía

En Galicia contamos con recentes experiencias de campos de traballo de temática arqueolóxica, como o proxecto de rendabilización socio-cultural de *Penedos do Castro* no concello de Nogueira de Ramuín ou o levado a cabo no Castro das Hortas nas Illas Cíes, ámbolosdous executados pola empresa *Anthropos* cuns resultados excelentes como o amosan as enquisas de avaliación dos participantes (García Valdeiras, 2003). Estas iniciativas inciden nunha liña compartida por numerosos profesionais arqueólogos como é a implicación activa en proxectos arqueolóxicos que revirtan no desenvolvemento local e na concienciación dos diferentes sectores poboacionais encol da necesidade de coñecer, protexer e divulga-lo Patrimonio Cultural.

Para acadar estes obxectivos, a animación sociocultural presentáse coma unha ferramenta perfectamente axeitada. De feito, considérase coma un estímulo mental, físico, emotivo, que nun intre determinado incentiva ás persoas a iniciar

unha manchea de experiencias que lles permiten expandirse, expresa-la súa personalidade e desenvolver un sentimento de pertenza a unha comunidade ou grupo, sobre o que exercer certa influencia. Neste eido desenvolveríase a experiencia a levar a cabo na nosa proposta para campos de traballo.

Procúrase descubrir en grupo verdadeiros intereses, necesidades e problemas do entorno físico, social e cultural (o desenvolvemento como fenómeno de interdependencia), como punto de partida para unha transformación de valores, actitudes e comportamentos que impiden unha convivencia intercultural nunha sociedade en continuo conflicto multicultural. Queremos crear espazos abertos ao diálogo, á tolerancia, á creatividade individual e colectiva aproveitando o sentido lúdico do traballo voluntario no encontro entre as diferencias individuais e culturais.

Sendo os Campos de Traballo un lugar de formación a través do ambiente e o Patrimonio Cultural, no que conviven individuos de diferentes lugares para mellora-la forma actual de enfoca-la visión da vida en común de tódalas razas, sexos, relixións, filosofías, etc., propoñemos un campo de traballo de Arqueoloxía no que tódalas actividades estean dirixidas á cooperación. Partindo da idea de que a cooperación non significa que todos sexamos iguais, que ninguén destaque en nada e que todos fagámo-lo mesmo, senón que polo contrario na raigame mesma da cooperación está a diversidade, o respecto pola diferencia..., cada persoa pode fornece-la súa especificidade e o resto enriquecerse dela.

Como sinalabamos anteriormente, a Arqueoloxía vén sendo aquela disciplina da investigación histórica que se encarga de estudar e interpreta-lo valor e sentido que posúen as pegadas que as sociedades do pasado levan deixado no medio. Hoxe a Arqueoloxía achéganos a outros modos de vida distintos aos nosos actuais. Desde ela trátase de coñece-lo xeito de vida de sociedades coutros medios e formas de producción económica e outros tipos de organización social distintas ás actuais do mundo occidental.

Deste xeito, áinda que poida parecer insignificante, pois as sociedades que estuda a Arqueoloxía son sociedades xa desaparecidas, resulta de grande interese hoxendía xa que permite relativiza-lo modo de vida presente e facer pensar ao individuo de hoxe que o seu xeito de vida non é, nin o único, nin o mellor dos possibles senón que, máis alá de el e áínda antes, houbo outros modos moi distintos que permitiron o desenvolvemento da Humanidade.

Perante o etnocentrismo dominante en moitos sectores da sociedade occidental, fronte á intolerancia cultural e social, de costas ao individualismo imperante, o discurso arqueolóxico, organizado e ilustrado ós cidadáns, permite achegarnos a aqueles homes e mulleres que sendo humanos coma nós, desenvolveron a súa Humanidade baixo xeitos de vida distintos ó noso. Ao achegármonos a outros homes do pasado achégasenos tamén a outros homes e modos de vida presentes distintos ó noso.

Dende esta óptica, non procuramos levar adiante un proxecto de escavación arqueolóxica convencional, senón amosar dentro do campo de traballo, o proceso de investigación do pasado, as técnicas e metodoloxía de intervención sobre os seus restos materiais, recuperar unha reliquia do pasado nun espazo social e

cultural no presente expoñido ás experiencias e interpretacións persoais tanto dos participantes como dos visitantes (Bóveda, 2005).

## 4. Balance e perspectivas do campo de traballo de Neixón (2003-2007)

O noso proxecto abrangue unha reflexión técnica sobre os procesos de recuperación e valorización dos recursos arqueolóxicos castrexos no NW peninsular que conduzan á súa maximización como bens culturais e recursos turísticos (VV.AA. 2006). Neste contexto, a experiencia do proxecto executado na área arqueolóxica de Os Castros de Neixón<sup>12</sup> desde 2003 polo Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe do Instituto de Estudos Galegos (CSIC-XuGa) pode fornecer un modelo aplicable a outros xacementos castrexos que participen de semellantes contextos socioeconómicos.

### 4.1. O contexto de partida: a excepcionalidade dun espazo multidimensional

Os Castros de Neixón (Boiro, A Coruña) presentan un enorme potencial xa que permiten analisar e amosar ao público a evolución histórica da ría de Arousa, dende a Prehistoria deica á actualidade, a unha escala microespacial, asequible e comprensible para o público en xeral. Neste senso, nos castros de Neixón se pode segui-la conformación dunha paisaxe cultural ao longo de tres mil anos, transformando a man do home un espazo natural, virxe, e convertíndo-o nun espazo construído culturalmente (Ayán, 2005).

A este respecto, Os Castros de Neixón son un espazo multidimensional, que ten moitas facianas, no que conflúen diferentes experiencias, percepcións do presente e interpretacións do pasado:

1. Mito historiográfico da Arqueoloxía galeguista: as intervencións de Bouza Brey e López Cuevillas no Castro Pequeno de Neixón en 1925 (Bouza Brey e López Cuevillas, 1926-1927) foron, por unha banda, as primeiras escavacións de carácter científico feitas no noso país e, por outra banda, constituíron un auténtico referente fundacional para a Arqueoloxía galeguista, sentando as bases da interpretación celtista do pasado protohistórico de Galicia (Ayán, 2005a).
2. Xacemento arqueolóxico representativo da Protohistoria e Historia Antiga de Galicia: Os castros de Neixón estiveron habitados ao longo de 1500 anos, o que permite amosa-la evolución da cultura castrexa e o impacto da romanización, entre os séculos VIII a. C. e IV d.C. Nesta ampla ocupación, este espazo foi un enclave comercial e metalúrxico importantísimo dende época prehistórica e un punto clave nas relacións entre a cultura castrexa

<sup>12</sup> Para un seguimento do proxecto dos Castros de Neixón véxase o blog [www.neixon.blogspot.com](http://www.neixon.blogspot.com)

atlántica e o mundo mediterráneo (Acuña, 1976; Ayán et. al., 2007). Neste senso, é un xacemento clave para entende-la chegada dos comerciantes cartaxineses a Galicia e a súa influencia na cultura material castrexa.

3. Espazo económico: Os Castros de Neixón, dentro da parroquia plenomedieval de Sispalone, pasa a ser un área non habitacional, un espazo periférico, escasamente produtivo dende o punto de vista agrario, pero do que se extraen notables recursos: leña, toxo, pedra, pesca, marisco. Dentro da configuración do sistema económico parroquial as prácticas consuetudinarias consagran este espazo coma un espazo comunal, potencialmente explotable polas unidades familiares da parroquia, polas casas con porta aberta e fume. O antigo Neixón pasa a converterse no monte de Neyxon. Pero a vertente mariña deste monte fará deste espazo, ao longo do Antigo Rexime, un fondeadeiro natural importante da flota pesqueira de Cespón (o porto de Vidres) e unha zona de extracción de marisco, importante, contando con varios viveiros de ostra. A Punta de Neixón pasa a converterse nun referente da enseada de Rianxo, nun espazo de explotación económica mariña para as confrarías desa localidade. Á súa vez, cómpre remarca-la potencialidade mineraloxica e metalúrxica da zona, un aspecto xeolóxico que condicionou o devalar histórico da Punta de Neixón. A este respecto, a zona mineira máis cercana concrétase en Vidres, a escasos metros do Castro Grande, na que se desenvolveu unha explotación de estaño na postguerra (anos 40 e 50) da que se conservan numerosos restos (a estudar dende o punto de vista da Arqueoloxía industrial) e, o que é máis importante, abundantes testemuños de xente que traballou alí.
4. Espazo para actividades ilícitas: Os Castros de Neixón foron utilizados nas últimas décadas como fondeadeiro para o contrabando de tabaco e como área de almacenamento, conservándose na actualidade unha grande cantidad de pequenos búnkers subterráneos. Queda hoxendía moita xente viva que é testemuña oral desa actividade tan importante no devalar histórico da ría de Arousa. Asemade, a reconversión do sector cara ao narcotráfico tamén incidiu na reutilización dos Castros de Neixón nas décadas de 1980 e 1990. Todos estes factores fan de Neixón un enclave importante neste tipo de actividade ilegal. Neste senso, constitúe unha dimensión más deste espazo plurifuncional que debe ser estudiada e amosada ao público para levar a cabo unha leitura integral da evolución histórica deste espazo.
5. Espazo simbólico: o papel de resto material dun pasado pagán fixo que moitos castros en Galicia non só estivesen adicados a actividades económicas de distinto tipo, senón que tamén fosen empregados, tanto pola Igrexa oficial como pola cultura popular, como escenarios simbólicos. De aí que se constrúisen capelas nos cumios dos castros, e se celebren romaría, procesións e ceremonias de carácter relixioso sobre bastantes destes asentamentos protohistóricos. Un exemplo claro disto último é a romaría do Neixón que se celebra ao pé do parapeto do Castro Grande a

comezos do mes de agosto (Ayán e Arizaga, 2005). A festa xurdíu no ano 1978 cando, trala construción dun campo de fútbol na zona, os parroquiáns de Cespón, e sobre todo, do lugar de Nine, tomaron a iniciativa de celebraren a romería o primeiro fin de semana do mes de agosto. Actualmente a Romaría de Neixón constitúe un referente no calendario festivo do verán en toda a península de Barbanza: acode toda a xente da parroquia e parte doutras parroquias de lonxanos puntos da bisbarra, así coma unha grande cantidade de turistas.

6. Espazo para a recuperación da memoria histórica: Neixón foi un espazo-referente para a Arqueoloxía galeguista e para a propia Xeración Nós. Xa en 1912 fora o escenario dunha homenaxe brindada pola poboación de Rianxo a Castelao para celebra-lo seu éxito como debuxante en Madrid. Á súa vez, o interese amosado pola Arqueoloxía galeguista veu dado polo coñecemento da ría de Arousa por parte de F. Bouza Brey, e probablemente polas referencias fornecidas por Castelao, quen coñecía os restos de primeira man, nas súas visitas a Cespón nas que incluso debuxou cruceiros que incluiría na súa obra *As cruces de pedra na Galiza*. Sen dúbida, Castelao tivo bastante que ver co vencellamento entre a Punta de Neixón e maila Xeración Nós. Neste senso, non é casual a presenza en Rianxo dun dos membros daquel grupo ourensán de intelectuais galeguistas, Arturo Noguerol Buján quen viviu cinco anos na vila de Rianxo (1928-1932) exercendo de Secretario do Concello, e que foi asasinado en Ferrol en 1936. Outro membro da Xeración Nós, o xeógrafo Otero Pedrayo, coñecía ao detalle a parroquia de Cespón, como consecuencia tamén do seu seguimento no seu día dos traballos de Bouza Brey e López Cuevillas en Neixón. Dous rapaces da bisbarra van contribuír tamén ao coñecemento arqueolóxico de Neixón e de Barbanza nosa nos 20 colaborando activamente con López Cuevillas e Bouza Brey. Trátase de José Otero Espasandín e Ramón Martínez López, insignes galeguistas que tiveron que sufri-la inxustiza do exilio para salva-las súas vidas.

#### 4.2. A estratexia de traballo: unha arqueoloxía crítica, reflexiva e multivocal

Neixón é unha paisaxe construída mediante diferentes procesos cognitivos e sociais, un lugar significativamente constituído, pensado coma un imaxinario espacializado mediante redes de representacións historicamente constituídas, que remiten a realidades híbridas e múltiples do pasado (Criado, 1993; Tilley, 1994; Whitridge, 2004).

O contexto do noso proxecto é, polo tanto, un xacemento multidimensional, poliédrico, no que conflúen diferentes interpretacións e intereses, ás veces compatibles, ás veces antitéticos e contradictorios. Para tratar con este lugar, esta realidade presente, cargada de pasado, de sentido e proxectada ao futuro, non podemos caer no autoritarismo academicista que sanciona a Arqueoloxía como unha disciplina científica, garante da única verdade positiva. A multivocalidade dos

Castros de Neixón debe ser respectada e analisada por unha práctica arqueolóxica que devale cara á un método reflexivo, autocrítico e relativista (Hodder, 2000; Chadwick, 2003). A escavación arqueolóxica xenera un rexistro (que non é un documento que remita ao verdadeiro pasado) dentro dun particular contexto de producción de coñecemento. As certezas da nosa investigación poden devir dúbdidas perante a crítica verquida polos diferentes axentes que conflúen no campo de traballo: a comunidade local, os voluntarios, especialistas con diferentes formacións e tradicións investigadoras. Asemade, a presentación dos resultados (na exposición do Centro Arqueolóxico, nas publicacións, na sinaléctica da área arqueolóxica) debe estar aberta ao público a que vai dirixida, que tamén contribúe a nosa comprensión da área arqueolóxica (Bartu, 2000).

Neste senso, as realidades que conforman Neixón poden ser abordadas metodoloxicamente dende a *multi-sited ethnography* proposta nos últimos tempos por un sector da Antropoloxía social e maila Arqueoloxía post-procesual (Marcus, 1995: 105; Bartu, 2000: 103-4) e dende a Etnoarqueoloxía que bebe directamente da teoría poscolonial (González Ruibal, 2003: 13-6; 2006: 42-8). Dende estes presupostos, a interacción coa comunidade local preséntase coma un factor chave para desenvoltar unha Arqueoloxía crítica (Fernández, 2006) que maximice o potencial do contexto de traballo e permita re-pensalo coma un contexto vivo e non un simple fósil do pasado.

#### 4.3. A ferramenta para a Xestión Integral do Patrimonio: o campo de traballo internacional

A utilización de actividades de tempo libre orientadas ao traballo voluntario conta cunha longa tradición dende hai décadas en toda Europa. O seu alto compoñente didáctico, o grao de compromiso dos xoves nos proxectos de actuación e a súa positiva influencia nas comunidades locais de acollida son todos factores que garanten, a priori, o éxito destas iniciativas, aplicadas ao eido da Xestión do Patrimonio Cultural. No noso contexto, cómpre remarca-la experiencia de longa duración do Campo de traballo arqueolóxico da Serra da Aboboreira, dirixido por Víctor Oliveira Jorge ao longo da década de 1980 (Jorge, 1988). A aplicación deste modelo en Galicia veu da man da empresa privada Anthropos S.L. coa organización de campos de traballo en Penedos do Castro (Nogueira de Ramuín, Ourense) e as Illas Cíes (Vigo, Pontevedra) (García, 2003).

No ano 2003, o Excmo. Concello de Boiro e mailo LAr do IEGPS (CSIC-XuGa) plantexaron á Xunta de Galicia a realización dun campo de traballo interautonómico que permitise manter actividade arqueolóxica na área dos Castros de Neixón nos meses de verán e contribuír tanto á recuperación patrimonial da zona como ao deseño de contidos do Centro Arqueolóxico do Barbanza, aberto ao público en 2002. Polo tanto, o proxecto tiña que facer fronte a unha triple demanda institucional e solventar obxectivos tanto de investigación básica como de investigación aplicada:

- Por unha banda, a Dirección Xeral de Xuventude incluía o campo de traballo de Neixón dentro da súa oferta pública da campaña de verán. Este factor

esixía o deseño dun programa de traballo interdisciplinar que contase cun equipo conxunto de arqueólogos e de monitores de tempo libre. Este amplio equipo garantía unha oferta de actividades que encherían de contido ao traballo voluntario.

- Por outra banda, o Excmo. Concello de Boiro precuraba a consolidación dun recurso turístico mediante a posta en valor integral da área arqueolóxica de Neixón.
- Asemade, como arqueólogos dunha institución pública tiñámo-la obriga ética, legal e profesional de xerar coñecemento científico e poñelo a disposición da sociedade, dacordo cos parámetros establecidos pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galiza, entidade que concede o permiso de escavacións e segue o proxecto.

A esta triple demanda profesional cómpre engadi-las expectativas da propia comunidade local e dos propios voluntarios do campo de traballo, principais activos do proxecto arqueolóxico dos Castros de Neixón. Como xa nos temos ocupado amplamente noutro lugar da experiencia do noso campo de traballo (Ayán et. al., 2007) aquí unicamente sintetizarémo-lo programa de actividades desenvolto por nós para tentar acada-los obxectivos anteditos.

Nós tentamos converte-lo campo de traballo nunha actividade integral que permita ao grupo de voluntarios coñece-la realidade galega a partir dunha serie de visitas a paisaxes culturais seguindo unha secuencia que parte do contorno inmediato do xacemento, da parroquia de Cespón e da ría de Arousa para chegar a elementos senlleiros do Patrimonio Arqueolóxico e Etnográfico de Galicia (Castromao, San Cibrán de Lás, Compostela, arte rupestre de Campo Lameiro...). Esta actividade de promoción do Turismo cultural compleméntase cunha ampla formación arqueolóxica que fai fincapé no papel da disciplina como técnica de Xestión Integral do Patrimonio, cunha vertente aplicada ao desenvolvemento local. Deste xeito, os voluntarios decátanse do verdadeiro sentido social do seu labor científico. Porque tódalas actividades formativas que realizan van encamiñadas á xeración de novo coñecemento científico sobre os Castros de Neixón: sistematización de mostras malacolóxicas, seminarios de xeomorfología, tratamento da cultura material, debuxo arqueolóxico, paleometalurxia, etnoarqueoloxía, topografía, enquisa etnográfica, arqueoloxía experimental... Un amplio equipo de especialistas dirixen estas actividades formativas xenerando o rexistro básico, os alicerces da serie de publicacións científicas e do deseño da exposición permanente sobre as escavacións arqueolóxicas ubicada no Centro Arqueolóxico de Barbanza.

O noso programa científico tenta concilia-la investigación básica maila investigación aplicada, converténdose o campo de traballo nun obradoiro de experimentación de Didáctica da Arqueoloxía, contrastando en campo as distintas perspectivas válidas para a divulgación e a difusión do coñecemento arqueolóxico con grupos de persoas sen formación previa en Arqueoloxía.

Todo este traballo desenvolto ao longo dun mes (do 15 de xullo ao 15 de agosto) contribúe á propia visibilización do proxecto, incrementando o potencial do

xacemento como referente identitario para a comunidade local e como recurso turístico visitable durante a época de meirande actividade turística en Boiro. A este respecto, os castros de Neixón non son só un fermoso espazo natural, senón que atraen a numerosos visitantes como paisaxe cultural e como espazo arqueolóxico aberto no cal se pode ve-la practica arqueolóxica en vivo, ter un contacto físico, material, tanxible co pasado.

#### 4.4. Os resultados: a propia práctica arqueolóxica como recurso turístico potencial

Malia que os Castros de Neixón se integraron na fase final do proxecto Castrenor, cremos que pode fornecer ideas e propostas aplicables a todos esos proxectos que se están desenvolvendo en pequenos castros galaico-minhotos (véxase VV.AA., 2006). Unha valoración sintética do acadado até o momento dende o ano 2003 pode resumirse nos seguintes puntos:

- O número de visitantes á área arqueolóxica da Punta de Neixón e mailo Centro Arqueolóxico de Barbanza incrementouse notablemente dende que hai unha actividade arqueolóxica continuada grazas ao campo de traballo (Lomba, 2005: 366).
- O traballo coa comunidade local no eido do proxecto reorientou unha inicial relación negativa da parroquia con respecto á área arqueolóxica, debido a problemas legais ao producirse a expropiación por parte do Concello de Boiro. O cambio de actitude exemplifícase na recente creación da Asociación de Veciños Neixón da parroquia de Cespón<sup>13</sup> que pretende, entre outras angueiras, potencia-la divulgación do Patrimonio Cultural da zona.
- O éxito do campo de traballo (tanto en Cíes coma en Neixón) como ferramenta útil para o desenvolvemento local a partir da Xestión Integral do Patrimonio levou á Dirección Xeral de Xuventude a amplia-la oferta destas actividades no conxunto de Galicia, coa apertura de novos campos de traballo noutras castros. Estes proxectos son decididamente apoiados polas corporacións locais, debido ao seu éxito na promoción turística e cultural dos Concellos.
- O proxecto contribúe a asenta-lo papel do Centro Arqueolóxico de Barbanza (Barbeito, 2006) como eixo vertebrador da oferta de Turismo Cultural de toda a península do Barbanza, unha das áreas más dinámicas dende o punto de vista socioeconómico do litoral galego.
- O campo de traballo intégrase na oferta cultural do Concello de Boiro, participando nun proxecto cultural marco, compartindo un enfoque común materializado noutras iniciativas como a celebración de actos da Semana da Ciencia do CSIC, na organización dunha Semana das Culturas no verán, en publicacións adicadas á promoción de novos valores, no proxecto Leña

<sup>13</sup> <http://www.boirocidadan.net/asociacions/somos/6/asociacion-de-vecinos-neixon-de-cespon>

Verde<sup>14</sup> dirixido dende o Centro Social de Boiro, na actividades de asociacións culturais veciñais, etc...

- O apoio interinstitucional garante a continuidade do proxecto. A súa rendibilidade sociocultural é toda unha garantía para a súa permanencia, á marxe das concxunturas e cambios políticos que, ás veces, supoñen o remate inesperado de interesantes iniciativas de recuperación do Patrimonio arqueolóxico.
- O proxecto amosa claramente a rendibilidade en termos científicos do traballo cos voluntarios e maila comunidade local, xerándose un rexistro arqueolóxico de calidade, utilizado en numerosos congresos, artigos, monografías e publicacións científicas (Ayán, 2005; Ayán *et. al.*, 2007).
- A estabilidade acadada no proxecto, o citado apoio institucional e a súa visibilidade científica (coa colaboración de diferentes Universidades e equipos de investigación, coordinados polo CSIC) abre á porta á chegada de financiamento externo por parte de entidades privadas e empresas significativas da zona, incrementando a capacidade de autoxestión e autosustentabilidade do proxecto.

En definitiva, cómpre subliñar que os tres principais activos dun proxecto destas características son a interdisciplinariedade, o traballo dos voluntarios e maila implicación da comunidade local. Estes tres chanzos asentan un proxecto científico que, malia ter sido deseñado dende arriba, dende o eido institucional, acadou adentrarse na realidade social, económica, cultural e simbólica na que se insire a área arqueolóxica de Neixón. Unha boa lección, a ter tida en conta polos xestores do Patrimonio Cultural e da potencialidade turística dos noso países irmáns.

## 5. Obxectivos da intervención

### 5.1. Obxectivos do campo de traballo en Arqueoloxía

Dende o noso punto de vista, a participación nun campo de traballo en Arqueoloxía debe implicar máis beneficios á comunidade que os derivados directamente do traballo dos participantes. A investigación e maila xestión arqueolóxica xeran unha serie de coñecementos e novos puntos de vista dende os que comprende-lo pasado e incluso o presente que poden poñerse en coñecemento da sociedade. Os campos de traballo desta xorne poden axudar neste senso.

Pretendemos posibilitar que os participantes teñan un certo coñecemento dos problemas que necesita resolve-la investigación e maila Xestión do Patrimonio Arqueolóxico, que consideren a xestión dos bens arqueolóxicos coma unha posibilidade de desenvolvemento non só cultural, senón económica e social. De

---

<sup>14</sup> <http://www.todofume.com/>

xeito parelllo, dende o coñecemento doutras formas pretéritas de aproveitamento do medio e convivencia social como o vivido polas comunidades da Idade do Ferro do NW, podemos fornecer novos puntos de vista dende os que valora-lo noso marco social e ambiental actual cun meirande grao de relatividade, así como ofrecer novas chaves para a lectura activa das paisaxes humanizadas.

Concretamos a continuación estes obxectivos xenéricos.

### 5.1.1. Arqueolóxicos

A finalidade sobranceira é que mentres os participantes no Campo cumplen os obxectivos seguintes, poidamos ao longo deste proxecto escavar primeiro e consolidar despois os restos existentes no xacemento para transformar a área arqueolóxica de O Neixón nun espazo non só visitable (que en certa medida xa o é) senón que dote de sentido co seu rexistro arqueolóxico á aula didáctica emprazada ao seu carón.

- Considera-lo Patrimonio Arqueolóxico coma medio para o coñecemento do pasado e mailo presente, así como da rede de relacíons entre home e medio, e entre home e cultura.
- Ser conscientes de que cada parcela de coñecemento arqueolóxico é útil na medida na que poidamos integrar na globalidade de cada cultura deica o presente.
- Ter coñecemento dos anceios e métodos do coñecemento arqueolóxicos hoxendía: os plantexamentos hipotéticos como guía da investigación.
- Contempla-la escavación como ferramenta de contrastación dos suliñados plantexamentos hipotéticos.
- Tomar contacto con técnicas sinxelas de escavación, conservación e rexistro de materiais.
- Valora-lo obxecto arqueolóxico como integrante dun contexto cultural máis amplo, ao non poderen explicarse axeitadamente como obxecto aillado.
- Na mesma liña, considerar que os xacementos arqueolóxicos só se poden explicar e comprender axeitadamente como integrantes dun máis amplo contexto espacial, a paisaxe na que se emprazan.

### 5.1.2. Extraarqueolóxicos

O propósito dunha experiencia deste estilo vén sendo incrementa-la comprensión e convivencia intercultural combinando reflexión e acción na práctica diaria para traballar contra a xenofobia, o racismo e maila exclusión, tentando incentiva-lo respecto por, para e co outro/a.

Deste xeito procúrase acada-los seguintes obxectivos xerais vincellados intimamente coa natureza dos campos de traballo:

- Supera-los estereotipos, os prexuízos e evita-la discriminación que exercemos sobre persoas diferentes a nós.
- Provocar un clima axeitado para que se inicie un proceso de coñecemento e confianza no que se profundizará ao longo de todo o campo de traballo.

- Posibilitar unha experiencia de ocio e tempo libre plenamente gratificante e motivadora.
- Fomenta-la adquisición de novos coñecementos e destrezas no que se refire ao medio ambiente e o Patrimonio Cultural, o entorno natural e rural, desenvolvendo actividades más respectuosas e coerentes co medio.
- Potencia-la participación, a cooperación e maila sociabilidade como valores persoais básicos da convivencia na vertebración dunha sociedade máis xusta e solidaria.
- Primar actividades que só sexan posibles dende o traballo en grupo e maila cooperación.
- Crear espazos abertos ao diálogo e convivencia, a través de dinámicas que favorezan a expresión e comunicación grupal.
- Evitar actividades que se contrapoñan ao espírito de non violencia e de cooperación característicos dos campos de traballo: actitudes autoritarias, connotacións belicistas ou agresivas, exercicio de actividades competitivas, etc.
- Favorece-la coeducación, a aprendizaxe intelectual e todas aquelas propostas que supoñan a superación de calquera forma de marxinación.
- Estimula-la creatividade, a expresión nas súas múltiples formas e técnicas de traballo manual como recursos básicos de desenvolvemento e satisfacción persoal nos/as participantes.
- Promover situacions de aprendizaxe de técnicas e habilidades artesanais, especialmente as que poidan adquirirse directamente das xentes do ámbito rural e dos/as propios/as participantes.
- Anima-las propostas que supoñan experiencias de carácter artístico ou de recoñecemento do valor estético das cousas.
- Valora-lo que os/as participantes sexan capaces de facer coas súas propias mans e co seu esforzo.
- Promover iniciativas que supoñan a libre expresión dos/as participantes: corporal, música, plástica, gráfica ou audiovisual.
- Volver dotar de significado á paisaxe, facendo unha leitura activa dos seus atributos.
- Aprender a considera-la paisaxe como contedor e expresión da cultura, e do home, o seu protagonista.
- Ve-la paisaxe coma unha realidade global, non limitada a aqueles elementos de meirande valor estético ou natural; a paisaxe como totalidade do espazo (urbán, rural, inculto...)
- Concebi-las culturas como realidade anterior e allea ás fronteiras actuais.
- Considera-la historia como un conxunto de culturas en comunicación, non de realidades separadas e independientes.
- Obter unha visión non evolucionista nin liñal das culturas.
- Esixencia de descompartimenta-los diferentes episodios prehistóricos e históricos.

- Valora-lo Patrimonio Arqueolóxico coma un potencial factor de desenvolvemento económico e cultural.
- Coñece-los rasgos principais das condicións de conservación e ameazas que soportan a cotío os elementos do Patrimonio Arqueolóxico galego.
- Pensar no Patrimonio Arqueolóxico como nun recurso que nos pertence a todos, o coidado e promoción do cal todos debemos ser garantes.
- Enxúíza-la nosa actitude cara o medio a partires do coñecemento de formas de aproveitamento e percepción do medio distintas ás actuais.
- Os participantes deberán considera-lo medio natural coma o conxunto de toda a superficie terrestre, e non só aquelas parcelas acotadas para a súa conservación e visita (parques, espazos protexidos).

## 5.2. Obxectivos da intervención arqueolóxica

Pode falarse de tres grupos de obxectivos esenciais, relativos aos diferentes tipos de traballos que se van desenvolver, adecuación, documentación e investigación:

- **Adecuación:** a finalidade é desenvolver unha serie de traballos que permitan continua-la sucesión de intervencións iniciadas en pasadas anualidades, de cara a mellora-la apariencia do xacemento e a facilitar a súa visita por parte do público en xeral. Búscase mellora-la accesibilidade e mobilidade polo interior do xacemento, ampliando e renovando a roza da vexetación, comenzando a habilitar un novo e mellor acceso e actualizando a sinaléctica cos novos datos fornecidos polas últimas campañas de escavación.
- **Documentación:** cómpre proceder a unha documentación exhaustiva da morfoloxía do xacemento para tentar maximiza-la información que agocha a Punta de Neixón, aplicando un enfoque interdisciplinar que dea boa conta da multidimensionalidade deste espazo de interese xeolóxico, económico, edafolóxico, histórico...
- **Investigación:** o terceiro punto importante é continuar cos traballos que de inmediato permitan amplia-lo número e variedade de argumentos expositivos e visitables do xacemento, isto é, amplia-la superficie de estruturas escavadas e consolidadas, de xeito que se poida palia-la imaxe aparentemente descontextualizada que ofrece agora mesmo *O Castro Grande de O Neixón*. Para isto, e partindo dos resultados das campañas de escavación desenvolvidas en 2003, 2004, 2005 e 2006 propónse a ampliación da escavación nos sectores 01 e 02.

# METODOLOXÍA E PLANO DE TRABALLO

## 1. Metodoloxía

### 1.1. Estratexia de rexistro

Os principios xerais do proceso de escavación, así coma o sistema de rexistro e documentación da información, seguiron o modelo desenvolto en C. Parcero, F. Méndez e R. Blanco: *El registro de la información en intervenciones arqueológicas*. Col. CAPA, 9. Santiago de Compostela: LAFC, Universidade de Santiago. 1999.

### 1.2. Estratexia para a toma de mostras

#### 1.2.1. De Sedimentos (UEs)

Contemplamos a realización, parellamente á escavación arqueolóxica, de diferentes analíticas coa finalidade de realizar unha reconstrución paleoambiental do ecosistema existente no período de ocupación do poboado.

A estratexia de muestreo estivo condicionada pola evolución da propia escavación, o potencial informativo dos restos e os criterios seguidos polo equipo de especialistas en Paleoambiente que levarán a cabo o estudio. Con todo, plantexamos como actuacións ineludíbeis, alomenos, a toma de columnas polínicas nos perfís do parapeto e do recheo do foxo defensivo, e a análise de fosfatos no interior dos solos de ocupación que configuran o espazo doméstico da Fase II, para amplia-lo noso coñecemento sobre a funcionalidade desa área habitacional e maila identificación de áreas de actividade. Finalmente estas analíticas non puideron realizarse pola falla de presuposto e os impagos do Excmo. Concello de Boiro.

#### 1.2.2. De Malacofauna

Por outra banda, a sistematización de mostras malacolóxicas do cuncheiro exhumado en 2004 e 2005 levouse a cabo seguindo os criterios metodolóxicos establecidos polo equipo da Universidade de León dirixido polo Prof. Dr. Carlos Fernández Rodríguez (Fernández 2005). Asemade, as mostras ictiolóxicas, malacolóxicas e paleontolóxicas desta campaña de 2007 foron sistematizadas por este equipo de traballo. Sen emabrgo, os resultados non puideron ser incluídos na presente memoria técnica pola premura na entrega da presente memoria técnica, dacordo coa resolución da DXPC.

#### 1.2.3. De Cultura Material (PZs)

A metodoloxía utilizada seguiu as convencións desenvoltas nunha publicación do Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe do IEGPS: I. Cobas, M.P. Prieto (1998):

*Criterios y convenciones para la gestión y el tratamiento de la cultura material mueble. CAPA 7. USC: Santiago de Compostela.*

## 2. Actuacións e Fases de Traballo

### 2.1. Actuacións e Fases de Traballo

A campaña levouse a cabo en dúas fases ben diferenciadas:

#### 2.1.1. Actuación previa: control arqueolóxico da roza do Castro Grande de Neixón

A roza foi realizada no prazo dunha semana (**1-7 de xullo de 2007**) por persoal de Medio Ambiente e Portección civil adscrito ao Concello de Boiro mediante medios manuais; en ningún caso se empregou maquinaria pesada que puidese deterioralo xacemento. A broza resultante foi trasladada cara ao exterior do castro con tractores provistos de remolque, colaborando os propios paisanos das aldeas cercanas que seguen explotando o monte de Neixón para elaborar estrume e maillo batume.

#### 2.1.2. Escavación arqueolóxica: ampliación dos sectores 01 e 02

Como apuntabamos no proxecto arqueolóxico previo, nesta campaña de 2007, centramos a nosa intervención no **mes de xullo** nos seguintes sectores, como traballo vencellado directamente aos labores de consolidación e posta en valor conseguintes **[Lámina 3]**:

1. **Ampliación cara ao W do sector 01:** coa finalidade de contextualizar mellor as construcións exhumadas en 2003 e 2004, para a súa posta en valor, escavamos 7 cuadrículas de 4 x 4 m, correspondentes ás UR2298, UR2299, UR2198, UR2199, UR2099, UR1902 e UR2002 **[Lámina 11]**. En total a superficie da área intervida abrangue uns 112 m<sup>2</sup>
2. **Ampliación cara ao S do sector 02:** coa finalidade de exhuma-la continuación do tramo de foxo 02 con vistas á súa posta en valor, escavamos as seguintes UR, acadando unha superficie total de 368 m<sup>2</sup>: UR821, UR822, UR823, UR824, UR825, UR826, UR921, UR922, UR923, UR924, UR925, UR926, UR1021, UR1022, UR1023, UR1024, UR1025, UR1026, UR1122, UR1123, UR1124, UR1125 e UR1126 **[Lámina 4]**.

#### 2.1.3. Traballos de consolidación das estruturas do Castro Grande

A finalización das excavacións nos sectores 01 e 02 e a limpeza e acondicionamento destes espazos levados a cabo na primeira quincena do campo de traballo arqueolóxico dos Castros de Neixón (15-30 de xullo de 2007) forneceron unhas condicións óptimas para levar a cabo a nosa proposta de consolidación e posta en valor das estruturas exhumadas. Este proxecto de consolidación foi outro proxecto específico, polo que se remitirá memoria técnica aparte á DXPC.

## 2.2. Procesado e xestión preliminares da información

### 2.2.1. Revisión e verificación do rexistro

A información rexistrada durante o proceso da intervención foi verificada e contrastada ao longo da mesma, co obxecto de corrixir errores, completa-la información rexistrada, etc. Isto refírese tanto á información textual (fichas de rexistro) como á gráfica (planimetrias, prantas, seccións e fotografías).

Co obxecto de face-la información manexable e propiciar unha conservación máis manexable e duradeira, dixitalizaráse a totalidade da información rexistrada en campo. A información textual incorporaráse a unha base de datos informatizada, baseada no programa SIA+, cuxa estrutura e funcionamento se detalla en C. González Pérez: *SIA+: manual de usuario*. Col. CAPA, 3. Santiago de Compostela: LAFC, Universidade de Santiago. 1997. Por outra banda, a información gráfica, tanto debuxo como fotografía, trataráse dixitalmente para facela manexable dende soportes informáticos. En concreto, as prantas, seccións e planimetrias serán dixitalizadas en formato vectorial (CAD) e a fotografía almacenarásen en formatos estándar (TIFF o JPG).

### 2.2.2. Tratamento básico da Cultura Material e mostras

Dacordo coa lexislación vixente en materia arqueolóxica (Decreto 199/1997 do 10 de xullo), o material foi debidamente siglado e clasificado en relación ao seu contexto deposicional e cultural; para a memoria será correctamente inventariado, aportando a documentación escrita e gráfica que permita o seu axeitado tratamento museográfico.

Este plano de traballo concretouse na realización cos participantes do campo de traballo das seguintes tarefas, que componen o tratamento mínimo do material:

- *Limpeza*: lavado do material que non teña problemas de estabilidade física.
- *Siglado*: co código correspondente segundo inventario da intervención.
- *Inventario*: mínimo con información descriptiva sobre cada peza e o seu contexto arqueolóxico.
- *Registro gráfico*: por medio de fotografía e debuxo, daqueles materiais que se consideren más relevantes ou representativos, en función das súas características formais e dos seus contextos de recuperación.
- *Embalaxe*: embolsado e empaquetado de forma que se garanta provisionalmente a conservación do material arqueolóxico.

## 2.3. Emisión de informes e outros documentos técnicos

O proxecto adaptaráse á normativa vixente sobre actuacións arqueolóxicas (Decreto 199/97 do 10 de xullo), que obriga a notificar á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural as datas de inicio e fin da actuación, así como a emitir alomenos os seguintes documentos que dean conta das incidencias e resultado da actuación:

- O precedente *Informe Valorativo*, que detalla un avance dos resultados da actuación arqueolóxica, coa descripción dos traballos, documentación gráfica, así como a relación de personal técnico que participou, cunha proposta da seguinte actuación, co obxecto de que a DXPC emitira a resolución oportuna.
- A presente *Memoria Técnica* na que se describe e interpretan os resultados da intervención, reflexando todo o proceso de traballo, coa documentación gráfica necesaria.

# ACTUACIÓN 3: SAN VICENZO DE CESPÓN COMA CONTEXTO DO NEIXÓN MEDIEVAL (SÉCULOS XII-XV). SOCIEDADE, ECONOMÍA E PODERES MEDIEVAIS.

Xosé Manoel Sánchez Sánchez

Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago

*Tras os rasgos da paisaxe, das ferramentas e das máquinas, tras os escritos aparentemente más fríos e as institucións aparentemente más completamente afastadas de quen as estableceron, é aos homes a quen a historia quere atrapar.*

Marc Bloch

## 1. Introducción

Catro son os vectores que entrecruzaremos para acadar unha visión global do devir da freguesía de Cespón ao longo da Idade Media; catro liñas que se mesturan aportando diferentes visións para ofrecernos una boa e completa panorámica. Por unha banda, a Historia, con maiúsculas, a *historia rerum gestarum* dos clásicos, os acontecementos e fitos fundamentais que salpican os séculos de vida de Cespón. En segundo lugar, o Poder, ou mellor dito, poderes; os poderes feudais que actúan no entorno da freguesía, xa sexan nobiliarios, coma o grupo familiar dos Traba, ou eclesiásticos, caso do mosteiro de Toxosoutos ou do potente señorío arcebispal. Todo isto sobre un terceiro aspecto: o territorio, a súa organización e, con el, a configuración da paisaxe medieval e a súa percepción por parte dos seus habitantes. E, finalmente, como derivado da propia presenza do home sobre o territorio e da súa traxectoria histórica e as pegadas que deixa, o cuarto fundamento: a mentalidade. Unha mentalidade que, no caso de San Vicenzo de Cespón se nos revela, principalmente nas devocións da freguesía e, xa no baixo medievo, na expansión temporal do ideario irmandiño.

Considerando brevemente as fontes do noso estudo, a documentación relativa á freguesía de Cespón ao longo do medievo resulta bastante ampla, tomando coma abano cronolóxico principal os séculos XII-XV. Tal amplitud responde a tres aspectos que deixaron unha importante pegada textual: a presenza do mosteiro de San Xusto de Toxosoutos coma propietario no entorno da freguesía; a actividade de compra e venda de propiedades en Santa Baia de Boiro e San Vicenzo de Cespón desenvolta nos séculos XIV e XV por Pedro Leiteiro, membro da burguesía compostelá; e a integración de determinados espazos e posesións no seo dunha tenza da Igrexa de Santiago.

**Figura 4: Declaración de testemuñas dun documento baixomedieval referido a Cespón (ACS).**

Dita información atópase, fundamentalmente, no Arquivo da Catedral de Santiago, completada coas referencias existentes na Historia Compostelá e, especialmente, no Tombo de Toxosoutos. A isto se engaden ademais informacóns puntuais coma as do libro de notas do concello de Rianxo.

Unha presenza relativamente abundante de San Vicenzo de Cespón nas fontes medievais que nos permitirá reconstruír a súa historia e o seu devir.

**Fontes:**

Arquivo da Catedral de Santiago:

ACS, 69, legajo 1 nº 1. Casas y tenencias.

ACS, 69, legajo 1 nº 2. Casas y tenencias.

ACS, 69, legajo 1 nº 3. Casas y tenencias.

ACS, 69, legajo 1 nº 4. Casas y tenencias.

ACS, CF 31. Tumbo C.

ACS, CF 16. Tumbo III de Tenencias.

ACS, LD. Colección López Ferreiro.

ACS, S 13. Colección de Documentos Sueltos, Documentos particulares.

ACS, S 14 Colección de Documentos Sueltos, Documentos particulares.

ACS, S 15. Colección de Documentos Sueltos, Documentos particulares.

ACS, S 16. Colección de Documentos Sueltos, Documentos particulares.

ACS, S 17. Colección de Documentos Sueltos, Documentos particulares.

ACS, S 18. Colección de Documentos Sueltos, Documentos particulares.

ACS, S 19. Colección de Documentos Sueltos, Documentos particulares.

ACS, S 20. Colección de Documentos Sueltos, Documentos particulares.

ACS, S 21. Colección de Documentos Sueltos, Documentos particulares.

## 2. Poderes medievais e territorio en San Vicenzo de Cespón (séculos XII-XIV)

Se ben a documentación refírese a San Vicenzo de Cespón, coma entidade propia, dende o século XII, as inferencias que podemos realizar nos conducen a un momento moi anterior. É certo que non podemos facer afirmacións rotundas pola falla de documentación, pero si intuír determinados feitos. Situámonos na segunda metade do século X, con boa parte de Europa sufrindo as embestidas dos pobos e expedicións viquingas que asolaban as costas e saqueaban os territorios. Tras unha serie de incursións normandas, no ano 968 chega á ainda *Gallaecia* unha expedición danesa verdadeiramente importante, integrada, en cifras de P. Dozy, por 8.000 homes e baixo as ordes de Gundræd (Dozy, 1987: 46). Tal invasión asolou diversas zonas da costa, sen apenas oposición, até chegar no 970 a Compostela<sup>15</sup>, defendida por Sisnando; unhas correrías que continúan até que abandonan *Gallaecia* no 971. A Crónica de Iria afirma que os normandos entraron pola ría de Padrón e que *por toda terra roubaron omes et mulleres, et poinan fogo e destroiron a terra ata Compostella* (Souto Cabo, 2001).

Se facemos referencia a tales acontecementos é porque cabe a posibilidade de que, nestas razzias polas rías, os viquingos asolasen parte da zona do Barbanza. En alusión a estes feitos, López Ferreiro, tomando as consideracións do P. Yepes na súa crónica xeral de San Bieito, establece a existenza dun convento feminino en Boiro, Santo Estevo de Boiro<sup>16</sup>, convento que Manuel Lucas afirma de advocación a Santa Baia (Lucas Álvarez, 1999: 12). Segundo a crónica, o mosteiro tería sido atacado cara a 968 e destruído, tras o cal o territorio quedou case que abandonado.

Con posterioridade, contra o ano 990, coas invasións xa rematadas, o mosteiro foi refundado, pero coma masculino, e anexado a San Paio de Antealtares polo perigo que supuña a proximidade da costa. Buscándose unha institución máis forte que puidese implicar unha maior axuda en caso dun novo ataque (Lucas Álvarez 1999: 12). Pero non só o pequeno cenobio foi integrado en San Paio, senón tamén tódalas súas posesións.

Así, por unha banda, o entorno de Boiro, e San Vicenzo de Cespón aínda que fose de lonxe, presenciaron as incursións viquingas do século X, e, por outra, cabe a posibilidade de que o eido de influencia do mosteiro estivese nas súas propias inmediacións, con algunha relación co propio Cespón.

É a partires do século XII cando se concreta a presenza de San Vicenzo nas fontes medievais remontando a primeira mención a Cespón como tal, co topónimo *Sancti Vicentii de Sispalona*, á Historia Compostelá. Nela se recolle a doazón que a monarquía fai á Igrexa de Santiago, en abril de 1112, de tódalas herdades

<sup>15</sup> A Historia Compostelá sitúao no propio 968. Encol da cuestión cronolóxica véxase Dozy, 1987: 47.

<sup>16</sup> En López Ferreiro 1898: 37. O autor toma a información do Padre Yepes: *Cronica General de San Benito*, IV: 55.

reguengas que posuía na freguesía<sup>17</sup>; neste contexto se fai tamén referencia a un topónimo que será moi salientado e con ampla presenza na documentación baixomedieval: Sandrenzo<sup>18</sup>.

O devir histórico da freguesía, así coma a súa configuración territorial e percepción por parte dos seus habitantes, non poden ser comprendidas, nestes séculos plenomedievais, sen atender á actuación dos poderes feudais e a súa presenza no entorno; neste caso actúa principalmente o mosteiro de San Xusto de Toxosoutos, coma poder eclesiástico, e o grupo familiar dos Traba, coma poder nobiliario, aínda que de maneira menos destacada.

A expansión do mosteiro de Toxosoutos en San Vicenzo de Cespón e as súas inmediacións non se pode interpretar por si mesma, senón dentro dunha tendencia máis xeral no devir da institución monástica. Tal feito se atopa dacabalo entre dous momentos fundamentais para o mosteiro: por unha banda, o lapso de tempo entre 1135 e 1149 en que Toxosoutos encomeza a afianzar o seu dominio; e por outra, un período de crecemento do dominio monástico apoiado sobre unha sólida política de adquisición de propiedades, entre os anos 1150 e 1179<sup>19</sup>.

A chegada dos monxes ao mosteiro prodúcese no ano 1129, cunha sanción rexia de Afonso VII en 1135. Dende aquí o cenobio desenvolveu en diversos momentos unha política expansiva que tivo entre outras consecuencias un asentamento no territorio do Barbanza; neste senso debemos de sinalar, de xeito especialmente destacado, o abaciato de don Pedro Muñiz, entre 1149 e 1156, así como, partindo desta base, algúns abades posteriores, coma Pedro II, entre os anos 1166 a 1212 (Pérez Rodríguez, 2002: 40). No marco de tal expansión, dacabalo entre os séculos XII e XIII, o espazo que circundaba o mosteiro constituíu o núcleo fundamental do dominio da institución, seguindo o eixo do río Tambre e da ría de Noia e co límite, ao sur, da ría de Arousa (Pérez Rodríguez 2002: 39). É neste contexto, máis próximo a Toxosoutos, onde se insire o asentamento na península do Barbanza e o que dá orixe e explica a presenza do poder monástico na freguesía durante boa parte da Idade Media, dende o século XII.

A consecuencia máis directa en Cespón foi que diversas propiedades pasaron a mans do mosteiro, integrando o patrimonio monástico nos séculos XII e XIII. Dende un punto de vista cronolóxico a primeira preseza do mosteiro de Toxosoutos en San Vicenzo de Cespón está ben documentada, e inserida nese primeiro momento de afianzamento do dominio monástico: trátase da venda, de 6 de maio de 1140, realizada por de Ledengunda Afonso e os seus fillos ao mosteiro

<sup>17</sup> HC, I, LXX.

<sup>18</sup> HC, I, LXX. Posteriormente, dende a segunda metade do século XIII, Sandrenzo aparece definido coma unha herdade en posesión do cabaleiro e nobre Xoán Eanes Mariño e que sería doada ao mosteiro de San Xusto Toxosoutos en 1271. Unha herdade que con anterioridade tiña pertencido a Fernando Pérez de *Eyra* e súa dona Marina Iohannis. TT, doc. 58, p. 108.

<sup>19</sup> Adquisicións realizadas fundamentalmente por medio de doazóns e compras.

Tal período se enmarca nunha fase de crecemento más ampla entre 1150 e 1219 (Pérez Rodríguez, 2002: 24-5).

das súas posesións nas vilas ou herdades de Sar e Deira<sup>20</sup>, denominando a freguesía coma *Sancti Vicencii de Sespaone*<sup>21</sup>.

Tal presenza se mantén ao longo do medievo e se prolonga até a modernidade e, na toponimia, até a actualidade. Diversas fontes modernas e contemporáneas remiten á existenza na freguesía dun priorado dos monxes bieitos de Sobrado, que deixaría coma pegada unha casa *del priorato*, con capela, presente nas fontes do século XIX (Madoz, 1986: 368; Carré Aldao, 1980: 548) e que hoxe en día aínda se conserva, xa en mans privadas. Tal priorado, na súa orixe, non era outro que o do mosteiro de Toxosoutos, institución que, no século XV, pasa a integrarse no mosteiro de Sobrado; o priorado era de Sobrado na Idade Moderna<sup>22</sup>, pero non na Idade Media, onde a institución monástica predominante na freguesía de San Vicente de Cespón é Toxosoutos<sup>23</sup>.

Dende o punto de vista das institucións eclesiásticas a presenza de Toxosoutos non é a única nin a máis antiga, senón que outras dúas están tamén presentes no entorno, aínda que con menor forza. Por unha banda o mosteiro compostelán de San Paio de Antealtares, só que de maneira indirecta. En Santa Baia de Boiro existira xa aquel mosteiro feminino altomedieval destruído pola invasión normanda do ano 968, refundado e que pasou a depender de San Paio. A finais do medievo, cara a 1498, Antealtares pasa a integrarse en San Martiño, e tal anexión conleva a absorción igualmente dos mosteiros menores e priorados que del dependían, entre os cales podemos incluír este de Santa Baia (Lucas Álvarez, 1999: 12).

E, coma segunda institución, a Igrexa de Santiago posuía tamén certos intereses no entorno de San Vicenzo. Está documentada a doazón da condesa Sancha González á institución compostelá, realizada entre os anos 20 e 50 do século XII, de *portione mea ecclesie Sancti Vicentii de Sespaom*<sup>24</sup>: o dereito de presentación [**Apéndice 1: documento 1**]. O documento presenta problemas coa data, xa que na copia que se conserva no Tombo C do Arquivo da Catedral de Santiago non queda claro se foi feito na era de 1166 ou 1196, o que nos levaría ás datas de 1128 ou 1158. Atopamos unha *comitissa Sancia Gundisalvi* coma outorgante dunha escritura ao mosteiro de Lourenzá en 1134 (Rodríguez e Rei, 1992: 156, doc. 116) que casa perfectamente coa referencia da doazón de Cespón, aínda que nada podemos afirmar con seguridade. En calquer caso as

<sup>20</sup> *Et in territorio Pistomarchos erga aulam Sancti Vincencii de Sespaone vendo vobis et dono ab integro porcionem meam integrum tam de avolencia quomodo de ganancia in villas et hereditatibus Saa et Danaria quicquid in eas habeo.* TT, doc. 292, p. 303.

<sup>21</sup> *Et in territorio Pistomarchos erga aulam Sancti Vincencii de Sespaone vendo vobis et dono ab integro porcionem meam integrum tam de avolencia quomodo de ganancia in villas et hereditatibus Saa et Danaria quicquid in eas habeo.*

<sup>22</sup> De feito a igrexa parroquial, cara a 1742, era aínda de presentación do mosteiro de Sobrado. ACS, IG 279, fol. 75vº.

<sup>23</sup> De aí a presenza no Tombo de Toxosoutos da documentación relativa á freguesía.

<sup>24</sup> ACS, CF 31, fol. 182 rº. Tombo C.

conclusións que podemos sacar non se ven invalidadas pola indefinición concreta da cronoloxía.

Na Galicia medieval, especialmente dende os séculos XI-XII, os dereitos de presentación sobre unha igrexa (é dicir, de presentar un candidato cando esta vacase) e patronato, de percepción de parte das rendas, actúan coma uns bens máis, eido susceptible de fragmentarse en múltiples porciones sometidas a compravenda. É por iso polo que nos atopamos tamén coa doazón de diversas porcentaxes sobre a igrexa de San Vicenzo ao mosteiro do Toxosoutos. Iso responde ao feito de que a igrexa donada, a *ecclesia* medieval obxecto de tales contratos, non era simplemente un templo, senón ademais unha serie de explotacións circundantes sobre as que se cobra unha renda: é dicir, unha unidade de explotación e obtención de recursos (Pérez Rodríguez 2002: 69), xa fose en metálico ou especie.

As posesións da Igrexa de Santiago, vense incrementadas un século máis tarde, en 1246, cando mercan a outra Sancha González as herdades que posuía en Nine, integrado na freguesía de Cespón<sup>25</sup> [Apéndice 1: documento 2].

O poder eclesiástico coma terratenente se asenta perfectamente en San Vicenzo xa dende o século XII, materializado no mosteiro de San Xusto de Toxosoutos, en primeiro termo, e na Igrexa de Santiago e San Paio de Antealtares de xeito secundario. Tales posesións implicarían para as institucións correspondentes, especialmente para San Xusto, unha relativamente importante inxección de rendas, mercede ao aforamento das terras, así como ao asentamento en zona costeira dos centros eclesiásticos.

Pero non só é o señorío eclesiástico o que ten presenza en Cespón dende maneira temperá; outro dos poderes máis destacados da Galicia do século XII se vencella tamén ao territorio: o grupo familiar dos Traba. Grandes señores da Galicia plenomedieval, co seu momento de apoxeo no século XII con figuras coma Pedro Fróilaz ou Fernando Pérez, os Traba posuían amplas posesións por todo o reino así coma una enorme influencia. No caso de San Vicenzo de Cespón podemos documentar a posesión de porcentaxes da presentación na igrexa parroquial cara a mediados ou segunda metade da centuria. Será finalmente o mosteiro de Toxosoutos o que se faga con tales dereitos, xa que en 22 de febreiro de 1177 a condesa dona Sancha Fernández de Traba lle doa a sexta parte que posuía<sup>26</sup> e pouco despois, o 19 de novembro, é Tareixa Fernández de Traba a que a doa a súa porcentaxe ao mosteiro<sup>27</sup>.

Co paso do tempo, no avance do medievo, a presenza que se reforza no entorno de San Vicenzo é a do mosteiro de San Xusto de Toxosoutos. No século XIII a institución se fai coa propiedade de novas entidades en San Vicenzo, de xeito

<sup>25</sup> *In NyNy, in filigresia Sancti Vicentii de Sospoa.* ACS, CF 31, fol. 182 rº. Tombo C.

<sup>26</sup> TT, doc. 675, p. 610.

<sup>27</sup> TT, doc. 676, p. 611.

que nos anos 40 mercan diversas herdades na vila de Lamas, freguesía de Cespón<sup>28</sup>.

Cara á baixa Idade Media, ao longo dos séculos XIV e XV, manténse a imaxe do mosteiro asentado en Cespón e as súas inmediacións. O 26 de marzo de 1405, nun documento realizado en Saar, na propia freguesía (Sánchez Sánchez, 2002: 429, doc. 8), o mosteiro afora parte das súas propiedades en San Vicenzo, neste caso o casal de *Treytes de Susao, et o casal de Treytes de Jusao*<sup>29</sup>, ao escudeiro Afonso García. Pouco despois, en 1457, Lopo de Montouto, abade de San Xusto, se despraza até a freguesía de San Vicenzo no marco dun preito pola propiedade dunha casa en Pazos; tratábase dun *paaço tellado* que tiña usurpado Fenán Martins d'Aro<sup>30</sup>. E, por outra banda, no libro de notas do notario Álvaro Pérez, faise referencia á posesión de dous casares en Ferreiros, que soían ser tres, coas súas viñas e herdades<sup>31</sup>; ademais do cal a institución monástica posuía a metade do derecho de presentación do beneficio de San Vicenzo de Cespón, sendo a outra metade do mosteiro de San Paio<sup>32</sup>. Como vemos un relativamente amplo abano de espazos dominados na freguesía, que eran principalmente aforados e rendaban para San Xusto.

Pero, cara á finais do medievo a Igrexa de Santiago aumenta o seu protagonismo. No século XV, o asentamento de Toxosoutos era considerable e, en Cespón, chocaba en certo xeito coa expansión que a Igrexa de Santiago estaba experimentando na zona a través da *tenza*<sup>33</sup> do couto de Santa Baia de Boiro, na cal se integraban certos dereitos en San Vicenzo.

Neste marco da *tenza*, ao teunceiro da igrexa compostelá lle correspondían dous bois cada sete anos, un a entregar polo mosteiro de San Paio de Antealtares e outro polo de San Xusto de Toxosoutos. Pero o seu cobro non sempre debía de resultar sinxelo, de xeito que, no tombo de *tenzas*, se estipula que se os abades respectivos non quixesen facer fronte ao pago o Cabido ou o teunceiro terían derecho a pignorar un determinado espazo ou propiedade *por lo boy de San Justo, enna granja de Saar, que esta enna flegresia de San Viçenzo de Sespoon, que he do dito moesteiro*<sup>34</sup>. O pago de ditos bois non se deixava á libre disposición dos pagadores, senón que *han de seer dos mellores que ouver ennas ditas flegresias*<sup>35</sup>.

<sup>28</sup> TT, docs. 680-683, pp. 614-617.

<sup>29</sup> O actual Treites (Sánchez Sánchez, 2002: 431, doc. 8).

<sup>30</sup> LN, doc. 135, p. 170.

<sup>31</sup> LN, docs. 152-153, p. 177.

<sup>32</sup> LN, docs. 170, p. 185.

<sup>33</sup> O concepto *tenza* implica un conxunto de propiedades da Igrexa de Santiago que conformaban unha unidade, de cal era subhastado o arrendamento e posteriormente, aforada en partes polo arrendatario. Unha importante forma de obtención de recursos para a igrexa compostelá especialmente na baixa Idade Media (Pérez Rodríguez, 1996: 205).

<sup>34</sup> ACS, CF 16, fol. 107vº.

<sup>35</sup> ACS, CF 16, fol. 107vº.

Unha serie de poderes feudais, monásticos, catedralicios e nobiliarios, que conflúen e se imbrican no devir da sociedade e economía de San Vicenzo de Cespón dende o século XII até o final da Idade Media.

### 3. San Vicenzo de Cespón nos séculos XIV e-XV: Economía e Feudalismo con vencellos composteláns

Na baixa Idade Media, especialmente no século XV, refórzase o vencello documental da freguesía de Cespón coa Igrexa de Santiago, de xeito que é no Arquivo da Catedral onde atopamos un maior continxente de fontes. Tal aspecto non é gratuito; San Vicenzo de Cespón pertencia neste intre, dende un punto de vista eclesiástico, ao arquiprestádego de Postmarcos e este á diocese compostelá. Coma recoñecemento e contribución eclesiástica a freguesía pagaba 15.000 marabedís en concepto de dezmo, recollidos no Libro do Subsidio da igrexa de Santiago<sup>36</sup>. Se consideramos o conxunto das cifras que, de maneira proporcional á entidade, pagaba cada unha das freguesías, cara a finais do século XV, nos atopamos con que de 57 que integraban o arquiprestádego únicamente unha superaba a San Vicenzo. Santiago da Pobra tributaba 26.000 marabedís, á que xa lle segue Cespón (Vázquez Bertomeu, 2003: 68-9); implica isto unha importante entidade económica e productiva no marco de Postmarcos.

Non sempre era sinxelo reunir tal cifra e cumplir coa contribución; en 1457 Lopo de Carnota le publicamente unha disposición na que, en relación con esta exacción, o deán de Compostela se reclama o pago de os *moravedis que lle devian*<sup>37</sup>.

Por outra banda, coa doazón do mercador compostelán Pedro Leiteiro de diversas propiedades no entorno de Boiro, e xunto con diversas adquisicións por parte da institución, se constituíu na Igrexa de Santiago a tenza do couto de Santa Baia de Boiro; nela varios espazos se situaban en San Vicenzo de Cespón, principalmente en Fontecova e Sandrenzo<sup>38</sup>. Derivado de tal posesión e integración atopamos unha serie de tributos que, na segunda metade do século XV, se pagaban á igrexa compostelá ou ao teunceiro que tivese arrendada dita tenza. Eran, sobre todo, rendas de subarrendamento de propiedades, coma os 14 marabedís anuais que pagaba Fernán Martínez por unha herdade en Sandrenzo ou a renda en especie de pan e viño que pagaba Álvaro do Allo por unha viña e unhas leiras<sup>39</sup>. Pero hai outro tipo de contribución de carácter ben distinto: é o denominado trigo coresmal, que pagaban os veciños da freguesía. Trátase dunha exacción anual, definida na documentación coma "un derecho", que consistía no pago dunha serie de cuncas de trigo por ano á Igrexa de Santiago; podemos

<sup>36</sup> ACS, CF 36, fol. 6rº. (Vázquez Bertomeu, 2003: 68-9).

<sup>37</sup> LN, doc. 143, p. 174.

<sup>38</sup> Grazas a isto atopamos multitud de documentos integrados nos fondos composteláns, coma Casas e Tenzas, así coma nos Tombos de Tenzas.

<sup>39</sup> ACS, CF 16, fol. 107rº. AD, doc. 10.

interpretar tal dereito coma un dereito propio do feudalismo, de recoñecemento de señorío e, pola parte señorial, de apropiación de recursos. As cuncas nas que se pagaba posuían unha medida determinada, pero cando á altura de 1464 se perdeu esa medida, se optou por impor un pago equivalente de dous diñeiros por cunca<sup>40</sup>. O pago era de 60 cuncas en Cespón, 60 en Comba, 20 en Sandrenzo e 60 en Valmaior<sup>41</sup>.

A tal influencia debemos de engadir o feito de que tamén a igrexa compostelá fora adquirindo certas posesións no entorno. Na primeira metade de 1435 posuía un quinto do dereito de presentación da igrexa de San Vicenzo, tal e como se recolle no *Tumbo Vermello* de don Lope de Mendoza<sup>42</sup>.

O poder da Igrexa compostelá actuaba coma o que era: un poder feudal. Pero este é un intre no que o feudalismo estaba a trocar xa as súas características e mutaba cara á modernidade. Entre outros aspectos, ábrese paso na sociedade a burguesía coma grupo social potente actuando dende as cidades; un grupo adicado a actividades mercantís, bancarias ou comerciais, por exemplo, pero que agora reinviste os ingresos en propiedades rurais. Tales consideracións podemos facelas extensivas a boa parte da Europa Occidental baixomedieval. É así como chega até nós, até o devir medieval de Cespón, outro personaxe destacado da súa historia: o mercader compostelán Pedro Leiteiro.

Pedro Leiteiro foi un cambiador de Santiago, localizado dacabalo entre os séculos XIV e XV que desenvolveu precisamente a teorización que rematamos de expoñer: un mercader inviste a súa pequena fortuna, emanada do comercio, en posesións e terras. San Vicenzo de Cespón e o conxunto do entorno de Boiro son uns dos espazos xeográficos onde tal inversión se produce.

Entra así no xogo outro poder que até este momento non tiña acadado un lugar na sociedade medieval, aínda que se configuraba xa dende o século XII: a burguesía. Engádese, en Cespón, á presenza da Igrexa de Santiago e do mosteiro de Toxosoutos coma referentes fundamentais. A actividade de Pedro Leiteiro derivou en 92 documentos que se conservan na Colección de Documentos Soltos do Arquivo da Catedral de Santiago; tal conxunto está integrado fundamentalmente por transaccións de propiedades no Barbanza, principalmente en San Vicenzo de Cespón e Santa Baia de Boiro. Compras, vendas, intercambios, cesións e non só iso, senón algúns preitos que derivan da súa condición de propietario.

Ten, todo isto, máis importancia da que poida parecer, xa que, mercede a tal bagaxe documental, podemos coñecer algúns aspectos da historia de Cespón con maior profundidade. Especialmente o que se refire ao eido económico, que entrecruzará en si mesmo diversos intereses que explican o asentamento de certos poderes no entorno.

Resulta de especial utilidade a declaración de testemuñas, en 15 de xaneiro de 1430, no preito que Pedro Leiteiro mantén con varios veciños de Cespón pola

<sup>40</sup> ACS, CF 16, fol. 106vº. AD, doc. 10.

<sup>41</sup> ACS, CF 16, fol. 106vº-107rº. AD, doc. 10.

<sup>42</sup> TV, fol. 69rº.

posesión e utilización de diversos lugares na freguesía<sup>43</sup> [Apéndice 1: documento 4]. Ao fío das declaracíons se fai referencia a actividades hortofrutícolas e á produción económica no entorno, o que nos posibilita unha interpretación e caracterización do eido productivo e económico. Dende o punto de vista dos cultivos e produtos de recolección, son dúas as referencias principais: a castaña e a vide. Varias das testemuñas certifican a dedicación á recolección de castañas de diversos espazos e a presenza de castiñeiro en Sandrenzo e Fontecova. De feito, unha das razóns do preito era que desfroitaban os castiñeiro de Pedro Leiteiro sen permiso<sup>44</sup>.

Non é unha referencia única; un século antes, en 29 de marzo de 1346, se emite outra declaración sobre outro preito, na que se fai referencia a os *castineiros dos pousados como vam a o muro travesso, a qual herdade he enna frigrisia de Sam Vizenço de Sespoo*<sup>45</sup>.

Así, tal actividade recolectora se remonta ao século XIV e, seguramente, é moi anterior. A produción de castañas amósase coma fundamental na dieta medieval en determinados eidos. Considerando o conxunto de propiedades e o espazo de dominio do mosteiro de Toxosoutos, a castaña ocupa o segundo lugar dos cultivos non cerealeiros ou de vide, por detrás do cultivo da maceira (Pérez Rodríguez, 2002: 52). Entroncaría perfectamente coa presenza de castiñeiro e produción de castañas en Cespón; idea desta importancia dánola o feito de que foi unha explotación ilícita deste producto nas súas propiedades, cunha recolección sen permiso, o que levou a Pedro Leiteiro a interpoñer un preito xa no século XV, momento en que o aproveitamento deste recurso se mantiña en toda auxe.

Os castiñeiro eran, ademáis, un ben susceptible de venda; non a propiedade sobre a que se asentaban, senón as propias árbores. Pedro Leiteiro merca, en 16 de maio de 1438, parte dos castiñeiro que Roi de Maio posuía en Fontecova<sup>46</sup>. Tal transacción non fai referencia á herdade, casal ou cortiña, senón aos castiñeiro en si; é dicir, esta adquisición pode orientarse cara a dous obxectivos: a produción de castañas, ou a produción de madeira. Amósansenos, así, dous dos productos destacados no Cespón medieval.

A importancia do castiñeiro no entorno quedou ben patente na documentación. Nunha declaración de bens en Fontecova, de 22 de xaneiro de 1445, refírense unha grande cantidade de espazos rurais, coma agras ou

---

<sup>43</sup> ACS, S 13/48. AD, doc. 4. Pedro Leiteiro non tiña inconvinte en empregar tódolos medios ao seu alcance para defender os seus dereitos. De feito incluso se chega a emitir unha carta de excomunión, datada en 2 de febreiro de 1437, para aqueles que non declarasen cales eran as casas e herdades que a el lle pertencían en Santa Baia e arredores. ACS, 164 Boiro, fol. [19]rº.

<sup>44</sup> ACS, S 13/48. AD, doc. 4.

<sup>45</sup> ACS, S 13/10.

<sup>46</sup> ACS, 69, legajo 1 nº 2, fol. 140vº-141rº.

herdades, nas que o castiñeiro era a árbore frutal principal, individualizadas ademais na declaración, o que indica unha certa consideración<sup>47</sup>.

Xunto co castiñeiro, aínda que con menor entidade, documéntase tamén unha certa presencia de nogueiras e de figueiras, tamén en Fonte Cova<sup>48</sup>, o cal amosa unha certa diversidade productiva e recolectora na economía de Cespón.

Trala castaña atopamos referencias tamén á presencia de vide, outro dos productos destacados da economía galega medieval. Atopamos *a vynna que lavra agora Fernan de Castro*, unha referencia a as viñas de cima en 1430<sup>49</sup> e a presenza de viñas en Sandrenzo, na herdade da Regenga en 1464<sup>50</sup> [Apéndice 1: documento 11]. Algúns dos foros realizados en época baixomedieval establecían os pagos en porcentaxes do viño que se producise na leira, herdade ou viña, coma a leira de viña que Pedro Leiteiro marca de Juan Alvarote e o seu irmán sita en Sandrenzo, en 14 de abril de 1432, e que tiña aforada Xoan de Ruíz<sup>51</sup>. Non moi despois, en 2 de novembro de 1440 Fernán Alvarote afora do propio Pedro Leiteiro unha viña en Fontecova; resulta neste caso curiosa a renda imposta, xa que podía ser o tercio do viño que se producise nela ou pagala en uva, en cantidade dunha cesta<sup>52</sup>.

Fóra da actividade frutícola, no cultivo cerealeiro, podemos fixar o trigo coma o cultivo principal<sup>53</sup>. É isto, baixo o noso punto de vista, o que leva á igrexa compostelá a solicitar a renda do trigo coresmal, do cal en toda a freguesía se pagaban até 240 cuncas de grao; o feito de que á altura de 1464 o pago fosse un equivalente en metálico non responde a que a produción caíse, senón ao feito de que perderan a medida pola cal se medía a exacción<sup>54</sup>. Por outra banda, no caso do pago da renda pola herdade da Reguenga, en Sandrenzo, este era dun cuarto do pan que se producise nelas, o que tamén as vincella ao cultivo cerealeiro, salientándose ademais na documentación a calidade destas leiras da herdade, que son das mellores et en boos lugares<sup>55</sup>.

Así, a produción económica debeu de ser relativamente diversificada, o mesmo que a paisaxe medieval do entorno. En canto a especies de certa consideración, na documentación se recolle a presenza non só de castiñeiros ou nogueiras, senón tamén de salgueiros. No acordo de Pedro Leiteiro con Roi Maio e Fernán Alvarote, en 3 de novembro de 1440, no conxunto das propiedades e

<sup>47</sup> ACS, 69, legajo 1 nº 3, fols. 391rº-392rº. AD, doc. 9.

<sup>48</sup> Documentamos *onde mora Fernan Alvarote huna nogeyra, e mays a figeyra que esta a porta donde mora Fernan Alvarote*. ACS, 69, legajo 1 nº 3, fol. 392rº. AD, doc. 9.

<sup>49</sup> ACS, S 13/48. AD, doc. 4.

<sup>50</sup> ACS, CF 16, fol. 107rº. AD, doc. 10.

<sup>51</sup> *A qual dita leyra de vina que vos asy vendemos de nos tinna et ten aforada para sempre o dito Juan de Ruis et sua moller et suas vozes, por lo quarto do vino que Deus en ela der.* ACS, 69, legajo 1 nº 2, fol. 137vº.

<sup>52</sup> ACS, 69, legajo 1 nº 2, fol. 143rº.

<sup>53</sup> ACS, CF 16, fol. 106vº. AD, doc. 10.

<sup>54</sup> *Et a medida da cunca por que se pagava soya estar enno dito couto, et era d'arameo, et perdeuse, et agora os que son obligados de pagar o dito trigo estan en custume de pagar por cada cunca douis dineiros.* ACS, CF 16, fol. 106vº. AD, doc. 10.

<sup>55</sup> ACS, CF 16, fol. 107rº. AD, doc. 10.

posesións en e no entorno de San Vicenzo de Cespón obxecto do acordo, se fai unha referencia explícita aos *salgeyros que eu, o dito Pero Leyteyo, conprey*<sup>56</sup> [Apéndice 1: documento 8] unha compra que se tiña producido en 24 de agosto de 1439 e na cal tamén se especificaba a presenza de salgueiros, concretamente en Fontecova<sup>57</sup>. Na segunda metade do século XV tales árbores se integran na tenza do couto de Santa Baia da Igrexa de Santiago, xunto con outras propiedades de Pedro Leiteiro en Cespón<sup>58</sup>.

Máis aló da produción e recolección de alimento tamén debeu de ser relativamente destacada a produción madeireira, aínda que a pequena escala, algo co que debemos de relacionar a consideración de determinadas especies, coma os salgueiros ou especialmente os castiñeiro. O preito interposto por Pedro Leiteiro fai tamén referencia á tala de árbores de maneira ilegal e ao comercio da madeira acadada; Xoan Alvarote, neste sentido, declara que *talavan et cortavan dos castynneyros et arvores deste casal, et que fazyan madeyras et sacavan et as vendyan*<sup>59</sup>, o mesmo que Fernán de Alvarote, que *vyra teer et tallar et cortar [...] moytos castynneyros et madeyras, et vender et defroytar*<sup>60</sup>.

Como derradeira referencia económica é probable que existise tamén unha certa actividade gandeira, aínda que as testemuñas documentais con que nos atopamos son exiguas. Unicamente temos localizada unha corte, pertencente a Fernán Alvarote cara a 1464 e situada no camiño que ía de Sandrenzo cara á Santa Baia, xunto á súa casa<sup>61</sup>. Así, tal práctica gandeira se reduciría a un eido de subsistencia, sen unha maior dedicación comercial [Apéndice 1: documento 11].

Toda unha serie de comportamentos, eidos económicos e asentamento de poderes que teñen a súa materialización sobre un espazo xeográfico moi concreto; un espazo que se vai configurando a medida que avanzan os séculos e que, cos elementos do rexistro arqueolóxico coma fitos importantes, tamén se desenvolve dende o punto de vista da organización do territorio. Podemos, así, facer algunas consideracións encol da distribución territorial de San Vicenzo cara á baixa Idade Media, tomando como tal a ordenación de espazos de habitación e espazos de cultivo, xunto cos topónimos e microtopónimos identificables con espazos xeográficos concretos ou con elementos más ou menos urbanos, coma poden ser fontes comunais.

Neste senso o tipo de documentación que se conserva encol de Cespón beneficia unha introducción no tema, xa que se trata de documentos centrados na posesión de propiedades e espazos na freguesía, de xeito que, coas delimitacións dos mesmos, se ofrecen multitud de referencias territoriais.

Coma punto de partida, podemos establecer que os núcleos más densamente poboados, tendo en conta que nos estamos a referir a núcleos rurais, eran Comba,

<sup>56</sup> ACS, S 13/48. AD, doc. 4.

<sup>57</sup> ACS, 69, legajo 1 nº 2, fol. 138vº-139rº.

<sup>58</sup> ACS, CF 16, fol. 125rº. AD, doc. 11.

<sup>59</sup> ACS, S 13/48. AD, doc. 4.

<sup>60</sup> ACS, S 13/48. AD, doc. 4.

<sup>61</sup> ACS, CF 16, fol. 124vº. AD, doc. 11.

Cespón e Valmaior. Son tales enclaves os que a documentación da segunda metade do século XV caracteriza coma *aldea*, mentres que outros coma Sandrenzo son simplemente referidos co topónimo<sup>62</sup>. Precisamente no entorno de tales centros se ubicarían as explotacións circundantes de árbores frutais ou gando. Teñamos en conta que o feito de denominalos *aldea* non implica unha existencia únicamente de espazos de habitación, senón que estarían alternados con pequenas explotacións agrícolas, coma leiras, herdades ou cortiñas; a configuración do poboamento e do territorio de San Vicenzo ven marcada fundamentalmente pola existencia de núcleos de producción de carácter rural, sen chegar a configurar un centro denso e urbano de poboación.

Abondaban no entorno as pequenas unidades de explotación, coma leiras ou agros, empregados na produción hortofrutícola. Temos, así, agros en Vilariño, Fontecova ou Sandrenzo. Debemos de ter en conta o indefinido das entidades, que presentan diversas denominacións (*agra*, *cortiña*, *herdade*, *leira*) sen coñecer con exactitude a que tipo de espazo fan referencia; aínda así podemos afirmar a orientación rural e de produción das mesmas.

É nestes espazos circundantes onde se sitúa o bosque e sotobosque que rodea os núcleos e onde ten lugar a principal actividade recolectora, salientando os castiñeiros e as castañas.

O conxunto de propiedades e unidades de explotación, aínda que non fosen urbáns, estarían acompañados, na paisaxe medieval, polas casas e vivendas dos propios explotadores. Neste senso, as casas sitas en Fonte Cova son arrendadas por Pedro Leiteiro, verdadeiro terratenente baixomedieval da contorna, a Fernán Alvarote e a súa dona, en 3 de novembro de 1440<sup>63</sup> [Apéndice 1: documento 8]. Documéntase así unha das fases de poboamento rural nun dos lugares más presentes na documentación medieval de Cespón, como é Fontecova.

Coma vencello dos núcleos e da propia habitación do entorno, nas fontes medievais tamén localizamos algúun lugar que nos remite a unha vida común da freguesía. Nunha declaración de límites de 1445 atopamos referido o Porto da Lavandeira<sup>64</sup>, que, dende o noso punto de vista, fai referencia a unha actividade comunal de lavado, se ben tamén se pode referir ao paxaro do mesmo nome [Apéndice 1: documento 9].

Os diversos núcleos estaban tamén vertebrados por múltiples regatos canalizados cara fontes, documentándose na información examinada nove fontes na freguesía: fonte contra o río, fonte de Pero Ollo, fonte de Vilariño, fonte de Brizán, fonte de Fernande, fonte de Tosar, fonte Armiña, fonte de Sapos, fonte de Cornoa. É bastante probable que tales fontes estivesen relativamente ben comunicadas cos lugares de habitación permitindo o acceso á auga.

<sup>62</sup> ACS, CF 16, fol. 107rº. AD, doc. 10.

<sup>63</sup> ACS, 69, legajo 1 nº 2, fol. 142rº-143vº.

<sup>64</sup> ACS, 69, legajo 1 nº 3, fol. 392rº. AD, doc. 9.

Así, San Vicenzo de Cespón se amosa, na baixa Idade Media, como unha freguesía de economía diversificada áinda que con predominio da explotación de castañas e vide. Un espazo que cae na área de influencia dalgúns dos principais señoríos do momento, como a Igrexa de Santiago e que, á par, vai configurando a súa morfoloxía coma núcleo.

#### 4. Historia e Mentalidade: A Revolta Irmandiña en San Vicenzo de Cespón (1467-1468)

*A historia das ideas non é un mundo en si mesmo, debe abrirse ao mundo global da historia.*

Fernand Braudel

O período baixomedieval resulta convulso en toda Europa. Dende 1348 a peste espallouse con rapidez, e a crise económica do século XIV trouxo coma consecuencia unha intensificación nas reclamacións económicas sobre o campesiñado por parte da clase nobiliaria para manter o seu status; reclamacións e prácticas nos límites da legalidade, coma roubos ou rendas abusivas. Ao longo dos séculos XIV e XV proliferan en varios lugares movementos populares de defensa fronte a usos abusivos levados a cabo pola nobreza e poderes feudais. En Galicia, grosso modo, tales prácticas derivaron no levantamento irmandiño, na segunda metade do século XV; un movemento campesiño que buscaba poñer fin a tales prácticas, denominadas *malfeitorías* ou *malos usos*. A mentalidade colectiva, tras un amplo período de crise, estaba tocada: no caso nobiliario pola necesidade de manter a súa preeminencia social nun intre no que os recursos e rendas, en metálico e especie, diminuían; e no caso campesiño polo incremento da presión nobiliaria e o empeoramento das condicións xerais de vida.

As características más salientadas do movemento irmandiño, desenvolto sobre unha mentalidade xusticeira de rexeitamento das malfeitorías, foron o rápido espallamento, o rexeitamento da autoridade señorial e a violencia coa que se atacaron os símbolos materiais do poder nobiliario: as fortalezas. O ideario que cubría a revolta estaba integrado por tres eidos: paz, seguridade e xustiza (Barros, 2006: 39).

O verdadeiro espallamento da revolta polo territorio galego ten lugar fundamentalmente no ano 1467-1469, e neste contexto a freguesía de Cespón non se mantén á marxe. Un precioso documento nos refire o devir da revolta irmandiña en San Vicenzo: un requerimento realizado en Cespón, a 11 de xaneiro de 1468, por Pedro de Servande, en nome do arcebispo Alonso de Fonseca II, aos veciños da freguesía e cominándooos a que voltasen á obediencia arcebispal e rexeitasen o

levantamento<sup>65</sup>. Un documento conservado, novamente, no Arquivo da Catedral [Apéndice 1: documento 12].

Tal testemuño, combinado con outras referencias, coma o preito Tabera-Fonseca, permítenos coñecer e desenvolver o devir irmandiño en San Vicenzo, ainda que sexa en base a información en certa forma indirectas pero fidediñas.

Sen dúbida, polo que podemos ler no acordo de xaneiro de 1468, os habitantes de San Vicenzo de Cespón seguiron aos sublevados nun primeiro momento da revolta irmandiña, atacando ao prelado compostelán, don Alonso de Fonseca. Por iso o representante arcebispal lles lembra que *ellos e cada uno dellos eran vasallos e súditos de la Iglesia de Santiago e del dicho señor arçobispo por razón de la dicha su dignidad arçobispal, e fasta aquí vinieran con otros señores poderosos que los tenian tiranizados e por fuerça contra toda rason e justicia, faziendolos yr con armas contra la dicha yglesia de Santiago e prelado della*<sup>66</sup>. A revolta tiñase espallado na freguesía xa en 1467, manténdose a loita no entorno de Cespón e Boiro; diversas testemuñas do Pleito Tabera-Fonseca narran a destrucción por parte da irmandade do castelo da Lúa, en Taragoña, a carón de Rianxo<sup>67</sup>, en consonancia co rexeitamento e ataque ás fortalezas.

A violencia contra os edificios fortificados, así coma o levantamento irmandiño en xeral, tal e como se produciu en Cespón, trae consigo un compoñente importante dende o punto de vista da mentalidade popular. Por unha banda, existía unha forte concepción de desamparo como consecuencia da libre actuación dende o eido nobiliario que deriva en abusos continuados<sup>68</sup>; e por outra a concepción das fortalezas e castelos coma orixe da violencia e coma agocho dos propios violentos<sup>69</sup>. A contrapartida é a defensa que dende a irmandade se fixo do reguengo e da autoridade rexia. Este é, como dicimos, un factor inserido no eido das mentalidades, e como tal é de longa duración; deste xeito podemos documentalo, *mutatis mutandis*, dende algunha das revoltas urbás galegas do século XII até os levantamentos populares do XV (López Carreira, 2006: 26).

Outro dos mecanismos de defensa que promovía a irmandade era o impago das rendas señoriais agás os foros, como medio de facer fronte ás excesivas reclamacións que sufrián. Tal impago foi tamén practicado polos irmandiños de Cespón, baixo esa conciencia de rexeitamento do abuso; unha das reclamacións do arcebispo era que *le recudisen de aqui adelante con todas las rentas*<sup>70</sup>.

No 11 de xaneiro de 1468 varios representantes da freguesía, en concreto *Fernan Munis et Fernan Romeu de Riba de Mar e Alvaro do Allo e Pero Paes e*

<sup>65</sup> ACS, LD 19/22, fol. 1rº. AD, doc. 12.

<sup>66</sup> ACS, LD 19/22, fol. 1rº. AD, doc. 12.

<sup>67</sup> Por exemplo o rexidor pontevedrés Bartolomé Sigüeiro, o veciño de Nogueira, Jacome Day, ou o mercader Pedro Campixo. PTF, p. 384, 526, 552 e 555.

<sup>68</sup> Moi claro o expresa o crego Rui Vasques na Crónica de Iria: *levantouse toda a terra con a Santa Irmandade [...] et estoy foi porla maa vivenda dos cabaleiros que non fazian senon furtar et roubar.* ACS, CF 22, III, 3.2. (Souto Cabo, 2001: 58).

<sup>69</sup> De feito a estas ideas aluden con recurrentemente as testemuñas do pleito Tabera-Fonseca (Portela *et al.*, 2004: 54).

<sup>70</sup> ACS, LD 19/22, fol. 1rº. AD, doc. 12.

*Gomes de Sespoo e Estevo de Nini e Lopo de Sespoo e Juan de Sespoo, moradores en la dicha feligresia de Sant Vicenç<sup>71</sup>, reciben ao enviado do prelado Alonso de Fonseca II, o veciño e xurado da vila de Noia Pedro de Servando. A súa misión era exporllas a situación con total claridade, tentar de cobrar as rendas señorais e cominalos a que retornasen á obediencia ao arcebispo, rexeitando tanto a calquer outro señor coma o levantamento. É por eso polo que se remarca que ellos e cada uno dellos eran vasallos e suditos de la iglesia de Santiago e del dicho señor arçobispo negando a eses otros seniores poderosos que los tenian tiranizados e que os facían yr con armas contra la dicha yglesia de Santiago<sup>72</sup>* [Apéndice 1: documento 12].

Esta reclamación e tentativa de negociación cos sublevados non resulta nova. A estas alturas do conflicto outras freguesías tiñan chegado xa a acordos semellantes con outros legados do arcebispado. En 1467 as freguesías de Camouco, Lubre e Cervás asinan un documento parecido cos representantes do arcebispo e Cabido (Portela Pazos 1957: 51-2). A presión exercida en Cespón produce o efecto desexado e xa no mesmo documento se recolle a volta dos habitantes da freguesía á obediencia compostelá, así coma o preito e homenaxe dos habitantes de San Vicenzo ao arcebispo, declarando *que de aqui adelante no bivirian con otro señor ni obedecerian salvo al dicho señor arçobispo*<sup>73</sup>.

Atopamos neste documento unha perfecta asunción da vasalaxe medieval. O señor feudal, neste caso a Igrexa de Santiago e mailo seu prelado, comprometíase non só a gardar o seu dereito e a telos coma vasalos sen dar a súa vasalaxe a outro señor algúin, senón que os recibe coma vasalos *en guarda, protección e amparo*, é dicir, implicando unha protección física. E eles, pola súa banda, comprométense a recoñecelo como tal señor e gardarlle fidelidade, cumprindo as súas mandas, e a pagarlle as rendas correspondentes<sup>74</sup>.

Tales recoñecementos teñen a súa importancia. Teñamos en conta que nos movemos nun momento de rebeldía e levantamento contra a autoridade señorial xa dende había algúns anos e de presión e indefensión fronte á nobreza.

Pérdense aquí as referencias que relacionan San Vicenzo de Cespón coa revolta irmandiña, ainda que é de supoñer que, co castelo da Lúa xa derrubado e co retorno á obediencia da prelatura, se pon fin ao episodio. Un confrontamento no que se entrecruzan, como vimos, factores económicos, sociais e da mentalidade e que, no caso que estamos a analisar, se nos amosan con perfecta claridade, podendo ubicar perfectamente á freguesía no principal conflicto da Galicia do século XV.

<sup>71</sup> ACS, LD 19/22, fol. 1rº. AD, doc. 12.

<sup>72</sup> ACS, LD 19/22, fol. 1rº. AD, doc. 12.

<sup>73</sup> ACS, LD 19/22, fol. 1vº. AD, doc. 12.

<sup>74</sup> *Prometian e juravan de le prestar aquella fidelidad e obediencia que devian, asy como a su señor natural, e complirian sus cartas e mandamientos de su señoría e de aquellos que su poder oviesen e le recudirian con todos los frutos, rentas, reditos e proveutos e señorios de las dichas feligresias.* ACS, LD 19/22, fol. 1rº-vº. AD, doc. 12.

## 5. Conclusión

Historia, poder, mentalidade e territorio. Catro conceptos que, examinados á luz da documentación medieval e centrados na freguesía de Cespón, se materializan no seu devir ao longo da Idade Media, entre os séculos XII e XV.

Configuramos, así, a visión dunha freguesía con testemuños documentais dende o século XII, na *Historia Compostelá*, aínda que coa posibilidade de ter sufrido xa as invasións normandas do século X. Caracterízase o núcleo, ao longo de todo o medievo, por ter estado nas miras e eido de influencia dos poderes feudais, xa sexan monásticos, catedralicios ou nobiliarios. Dous sobrancean sobre todos eles: o mosteiro de San Xusto de Toxosoutos, nos séculos XII e XIII, Igrexa de Santiago, no XIV e o XV.

San Vicenzo de Cespón entrou no ámbito de expansión de San Xusto, asentado en Galicia dende a primeira metade do século XII, no momento en que comezou a difusión do seu señorío monástico, na segunda metade até o século XIII. Documéntase aquí a obtención de porcentaxes no dereito de presentación sobre o beneficio, a doazón á institución das herdades de Sar e Deira e, xa no XIII, a adquisición de diversas propiedades.

E los sobredichos moradores en las dichas feligresyas, todos juntamente, por sy e por los otros moradores de las dichas feligresyas, porque se obligavan dixieron que ellos eran prestos e les plasia de bevir con la dicha yglesia de Santiago e perlado della, e non con outro sennor ninguno e que de aqui adelante, por agora e de agora por entonces para syempre, se avyan por vasallos de la dicha yglesias de Santiago e del dicho sennor arçobispo en su nombre; e que prometian e juravan de le prestar aquella fidelidad e obediencia que devian, asy como a su sennor natural, e complirian sus cartas e mandamientos de su señoría e de aquellos que su poder oviesen e le recudirian con todos los / (fol. 1v) frutos, rentas, reditos e proventos e sennorios de las dichas feligresias, segund que mejor e mas complidamente recudieron a sus anteçesores et yglesia de Santiago, e que

de aqui adelante no bivirian con otro sennor ni obedecerian salvo al dicho sennor arçobispo, et que pedian al dicho Pedro de Servande en el dicho nombre que asy los recibiere en garda, protección e amparo del dicho sennor arçobispo e yglesia de Santiago.

Et el dicho Pedro de Servande en el dicho nombre dixo que asy los recibia e recibio por vasallos e servidores del dicho sennor arçobispo e yglesia de Santiago, et que prometia e se obligava e obligo, e fizò juramento e pleito e omenaje, que el dicho sennor arçobispo los non daria a otro sennor ninguno en su tiempo, salvo que syempre fuesen vasallos de la dicha yglesia de Santiago, e eso mesmo les guardaria todas las flanquesas, libertades e esenções e preheminenças, onrras e fidalguias que ayan e tenan en costumbre. E eso mesmo se obligo de les traer en carta patente del dicho sennor arçobispo en que les fisese fee e segurase los non dar nin someter a otro sennor, con vn juramento en su anima por el e por sus antecesores.

Et de como paso los sobredichos dixeron que pedian a min, el dicho notario, e pedieron que ge lo diese sygnado. Et el dicho Pedro de Servande, en el dicho nombre, dixo que de como pasava e posesyon que tomava de las dichas feligresyas e de las otras que ally non estavan presentes, que fasia su abto ally asy como cabeça, juntamente con los otros procuradores que ally eran perteneçientes al dicho sennor arçobispo, e rogava e rogo a los presentes que fuesen dello testigos.

Testigos Juan Paris, canonigo de la dicha yglesia de Santiago e Alberte de Vilela, clérigo de la dicha yglesia de Sant Viçenç, e Gomes de Riba de Mar, juyz de Rianjo, e Martino de Mendanna e Martin Sanches e Antonio Gomes e Juan de Cordova e Juan Prontinno e Alfonso Vidal e Martin Patinna e Garcia de Reyno, vesinos de la dicha villa de Noya, e otros.

Eu, Juan Ares de Figueyroa, escripvan de camara del Rey nuestro sennor et seu notario publico enna corte et em todos los seus regnos et sennorios, en huna con os ditos testigos a todo esto que dito he presente fuy et aqui fiz escripvir et aqui meu nome et signo pono (*signo*) en testemoyo de verdade, que tal he.

# ACTUACIÓN 4: UNHA FREGUESÍA GALEGA NA IDADE MODERNA: S. VICENZO DE CESPÓN NOS SÉCULOS XVI-XVIII.

**María Elena Novás Pérez**

(Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago)

## 1. Introducción

A evolución de Cespón como núcleo, así como a contextualización de Neixón e o rexistro arqueolóxico do entorno, non cesan na Idade Media, senón que teñen a súa continuidade na Galicia do Antigo Régime, entre os séculos XVI e XVIII.

Datada neste período atopamos unha relativamente abundante información encol da freguesía, algo atribuíble ao feito de manterse a integración de diversas propiedades de San Vicenzo nunha tenza do Cabido compostelán, en concreto na tenza do couto de Santa Baia de Boiro. A combinación desta información con outra derivada de determinados censos e do Catastro de Ensenada, posibilitan unha interpretación do devir do núcleo na Idade Moderna. É esta documentación a que, dende un punto de vista metodolóxico, nos marcou a estructura do presente traballo.

Trataremos, así, de continuar un discurso histórico xa considerado até o século XV, dando unidade á historia da freguesía dende a antigüidade até a modernidade e incidindo en aspectos que continúan a seren fundamentais no contexto de Cespón, coma os poderes que actúan no seu territorio, as bases económicas do entorno en canto a explotacións e recursos ou, introducindo un novo aspecto, grazas ao maior número das fontes modernas, unha consideración de San Vicenzo e o entorno neixonense dende un punto de vista demográfico, inserindo os resultados en comportamentos más xerais.

Poderemos, igualmente, insertar a freguesía de San Vicenzo de Cespón nun dos principais conflictos bélicos e procesos políticos da España do século XVI.

### **Fontes:**

*Arquivo da Catedral de Santiago:*

ACS, Protocolos notariales.

ACS, IG 277. Visitas arzobispales.

ACS, IG 278. Visitas arzobispales.

ACS, IG 279. Visitas arzobispales.

- ACS, IG 280. Visitas arzobispales.
- ACS, 69, legajo 1 nº 2. Casas y tenencias.
- ACS, 69, legajo 1 nº 3. Casas y tenencias.
- ACS, 69, legajo 1 nº 4. Casas y tenencias.
- ACS, 70/1. Casas y tenencias.
- ACS, 97. Casas y tenencias.
- ACS, 101. *Yndice de las parroquias.*
- ACS, 168. *Pauta de las thenencias.*
- ACS, CF 16. Tumbo III de Tenencias.

## 2. Home, Historia, Espazo e Economía en San Vicenzo de Cespón nos séculos XVI e XVII.

En San Vicenzo de Cespón, a comezos da Idade Moderna, podemos atopar diversas liñas e eidos que presentan unha continuidade con respecto á evolución da época medieval. Pero para esta etapa a existenza dun maior e máis diverso número de fontes permítennos afondar en aspectos para os que até o de agora non tiñamos información de abondo.

Probablemente é na demografía onde mellor vemos reflexado este cambio. Un dos factores que contribúen a amosar as diferenzas neste campo é o cambio que se reflexa nas preocupacións da Igrexa por ter recollida unha determinada información a partires do Concilio de Trento, que se plasma na conservación de libros de nacementos, bautizados e defunción. Tamén o Estado moderno se preocupa pola realización de censos de poboación de carácter fundamentalmente fiscal.


Posúen tódalas fontes demográficas un importante factor de relatividade, polas posibles ocultacións nas mesmas (Martínez Rodríguez, 1998: 441-2). Aínda así, e con todo o coidado necesario, podemos ofrecer unha serie de cifras significativas do contexto de Cespón.

Contamos con tres referencias fundamentais no século XVI. No ano 1567 realiza unha visita arcebispal a San Vicenzo de Cespón, onde a igrexa de Santiago trata de recoller información relativa á freguesía; entre estes datos figura o número de fregueses, que é de 100<sup>98</sup>. Esta cifra verase corroborada por un segundo dato. En 1587 foi elaborado un vecindario, entre diversas circunscripcións e freguesías da península, no que se recollían os *vecinos y feligreses que en ellas hay, así pobres, viudas, como ricos* (González, 1829: 319). Este reconto ofrece, no caso de Cespón, o dato de 100 veciños; teñamos en conta que cada veciño non reflexa unha persoa, senón núcleos familiares. Facendo unha comparativa con parroquias próximas, coma Santa Baia de Boiro, con 140 veciños, ou San Salvador

<sup>98</sup> AD, doc. 2. ACS, IG 277, fol. 22v.

de Taragoña, con 50 (González, 1829: 320), podemos ver en Cespón unha parroquia cunha relativamente elevada poboación.

Outro reconto ofrécenos datos ben diferentes. O reparto de Millóns, un imposto, de 1591 recolle a tódolos veciños sen excepción agás os pertencentes ao clero regular e secular. Aquí San Vicenzo aparece con 128 veciños; unha cifra moi por debaixo doutras parroquias límitrofes coma son Santa Baia de Boiro con 182 veciños, ou Taragoña con 219 (González, 1827: 39).




Gráfica 1.

Podemos apreciar que os aumentos de poboación nas distintas freguesías son bastante relevantes para os catro anos de diferencia entre un censo e outro e é aquí onde entran en xogo os factores de ocultación e diferencia de criterios dependendo do obxectivo do censo. Tamén está a variable do termo no que se fai o

reconto: en 1587 fálase de veciños e fregueses e en 1591 de *pecheros*, é dicir, unidades contributivas.

Prodúcese, a nivel xeral, un retroceso a nivel demográfico no reino de Galicia a finais do século XVI e principios do XVII, aínda que non de xeito tan marcado coma ten lugar no reino de Castela en conxunto (Martínez Rodríguez, 1998: 452-3). En moitas ocasións tales descensos, coxunturais, deberónse ás diversas epidemias que asolaron ciclicamente o reino de Galicia e diversos dos seus territorios. Documéntase, neste sentido, unha epidemia que, se ben non hai referencia de afectación en Cespón ou Boiro, si a temos para territorios relativamente próximos, coma Rianxo en 1567; neste caso a zona vese afectada pola chegada da primeira grande vaga de peste (Martínez Rodríguez, 1998: 460)<sup>99</sup>.

Para o século XVII somentes contamos cos datos que aparecen na visita arcebispal feita en 1651. Nesta recóllese o número de fregueses de San Vicenzo de Cespón dando a cifra de 30<sup>100</sup>. Pode parecer un dato aíllado, pero poñéndoo en común coas referencias do século XVI, confírmase, aínda que debemos afirmalo con cautela, que esa tónica xeral de descenso de poboación afectou tamén a Cespón.



**Gráfica 2.**

Enmárcase así San Vicenzo de Cespón nas liñas xerais de evolución demográfica do Reino de Galicia en xeral nos dous primeiros séculos da modernidade.

<sup>99</sup> Outras referencias remiten a epidemias en “Santiago y su tierra”, coma en 1568 ou 1598.

<sup>100</sup> AD, doc. 5. ACS, IG 278, fol. 14v.

O contexto político e bélico da España e da Europa da segunda metade do século XVI, déixase sentir tamén en San Vicenzo de Cespón e no seu entorno máis próximo, influíndo na vida más cotiá dos seus habitantes. Trátase dun momento de xogos de poder e relixión, que rematan e alentan diversos conflictos bélicos.

Ao longo do século XVI a posición hexemónica da monarquía española, especialmente dende o punto de vista territorial, derivou en diversos conflictos orientados a manter tal hexemonía. A unión de España con Portugal, e, por outra banda, os conflictos relíxosos do momento e as posturas adoptadas por cada país na defensa das súas crenzas, principalmente protestantes e católicos, daban pé e xustificación para o inicio das hostilidades. É aquí onde se enmarca o conflicto entre Inglaterra e España da segunda metade do século, o cal terá unha certa influencia no territorio e entorno de San Vicenzo de Cespón coma zona costeira e punto de posible defensa.

O matrimonio de Felipe II con Isabel de Valois estabiliza os conflictos con Francia, de xeito que á altura dos anos 70 da centuria, o monarca español ten en Inglaterra ao seu principal inimigo, personificado na raíña Isabel Tudor, que tiña rexitado anteriormente as propostas matrimoniais do rei hispano.

A guerra estala definitivamente en 1585, trala expulsión de Inglaterra do embaixador español e vista a situación de vantaxe que España iba adquirindo nos Países Baixos. Pero a preparación do conflicto era xa anterior, cun importante e rápido deterioro da situación; e é esta preparación a que se reflexa na documentación de Cespón.

A importancia e potencia da flota inglesa facía que un ataque por mar fose agardado –xunto coa actividade corsaria posterior de homes coma Francis Drake–, de xeito que a organización das defensas costeiras se fixeron fundamentais. Así, en 24 de maio do 1574, en cumprimento dunha orde real, Xerónimo de Baltanás, coengo da igrexa de Santiago e teñenteiro da tenza de Santa Baía de Boiro, na que se integran dende a Idade Media certas propiedades da freguesía de Cespón, fai un reconto das armas e homes para a defensa do territorio ante un eventual ataque. No propio documento se refire perfectamente ao proceso: se escribe dándoles aviso como la reina de Ynglaterra azía una gruesa armada contra su magestad<sup>101</sup> [Apéndice 2: documento 3].

O contexto xeopolítico do século XVI, marcado pola proliferación de diversas frontes bélicas, determinou o feito de que o recrutamento voluntario non fora suficiente para abastecer ao exército e fose necesario recurrir ao recrutamento denominado “intermediario”, no cal se recorría á nobreza e aos municipios (Saavedra, 2000: 118). Esta situación mantéñese até a implantación, en época borbónica, do sistema de reclutamento obligatorio no século XVIII. A configuración e reunión de pequenas milicias gardacostas, como ésta na que participa Cespón, xunto coa fortificación das cidades e enclaves urbáns, constituíu unha das vías fundamentais de defensa na Galicia do século XVI (Saavedra Vázquez, 1998: 119).

---

<sup>101</sup> ACS, 69, legajo 1, nº 3, fol. 324r.

Un terceiro aspecto resulta fundamental, trala poboación e os fitos históricos, para comprender o Cespón do séculos XVI e XVII: a economía da freguesía, que presenta, como veremos, diversas continuidades co momento medieval.

A nivel xeral, a agricultura galega ao longo dos séculos XVI-XVII presenta un carácter de subsistencia, cunha orientación á produción de cereais, castañas e viño (Fernández Cortizo, 1998: 351). As vilas do litoral, polo xeral, presentaban ademais un aproveitamento dos recursos pesqueiros e comerciais, combinándose con determinadas desas comarcas litorais que baseaban a economía no eido agrario (Fernández Cortizo, 1998: 351). Cos datos que manexamos, esta situación parece confirmarse coa información económica referente a San Vicenzo de Cespón.

As principais referencias que obtemos proceden dos foros e rendas pagados á igrexa de Santiago e consignados na documentación da tenza de Santa Baia de Boiro, na que, igual que no período medieval, se integran propiedades de Fontecova ou Sandrenzo. En toda esta documentación os foros son pagados principalmente en especie, producidas no mesmo espazo obxecto do foro; isto ofrécenos información directa da produción<sup>102</sup>. Podemos constatar que era a produción agrícola un dos elementos principais da economía local –algo que se manterá no século XVIII–. A maior parte das propiedades aforadas adícanse á produción cerealeira, tendo no centeo e no trigo os principais cultivos. A modo de exemplo, en 1618, Juan Nieto, Domingo Nieto e Gregorio Loxo, coas súas donas, pagan á igrexa de Santiago por propiedades en Sandrenzo da tenza de Santa Baia, sete ferrados de centeno e unha galiña<sup>103</sup>. Noutra referencia, en 1620, Jacome Neto e a súa dona pagan á igrexa compostelá por foro *por el lugar de Fonte Cova, quarenta y ocho ferrados de centeno y un ferrado de trigo, dos gallinas y un carnero*<sup>104</sup>. No índice en que se recolle o asento do documento se especifica tamén que pagaban *el quarto del vino de dos viñas que expresa el foro*<sup>105</sup>.

Un apeo do lugar de Fontecova, proporcionanos abundantes datos. Realizado en 1593, recóllyense nel as diversas propiedades que dependen da igrexa compostelá, consignando a orientación productiva das mesmas **[Apéndice 2: documento 4]**. Así, a inmensa maioría dos espazos están orientados á sembradura medida en *ferrados de pan* que se poden derivar da colleita<sup>106</sup>; é o caso do agro da Fonte, agro e heredades de Fonte Armiña ou do agro do Penso<sup>107</sup>. De igual xeito, as rendas que cobraba, nos séculos XVI e XVII, a igrexa da freguesía polo arrendamento de certas propiedades que lle pertencían, eran pagadas en centeno

<sup>102</sup> Sendo a poboación galega da idade moderna predominantemente rural, víase case abocada ao límite da subsistencia, cunha importante porcentaxe da produción orientada ao pago de rendas e foros polas propiedades que traballaban, en mans de institucións moito más poderosas (Fernández Cortizo, 1998: 355).

<sup>103</sup> ACS, 97, fol. 508r.

<sup>104</sup> ACS, 97, fol. 509r.

<sup>105</sup> ACS, *Casas y tenencias*.

<sup>106</sup> AD, doc. 4. ACS, 69, fol. 451v.

<sup>107</sup> AD, doc. 4. ACS, 69, fol. 451v.

e trigo, información, concretamente, das visitas arcebispais dos anos 1568, con 26 *ferrados de zenteno y doce de trigo*<sup>108</sup>, e 1651, con 51 *ferrados de trigo, 15 de centeno*<sup>109</sup>.

Así pois, unha produción agrícola cerealeira que sustenta, en boa medida, a economía de Cespón. Xunto a esta, outra actividade destaca no seo da documentación, áinda que posuamos unha única referencia: a actividade pesqueira. O 24 de decembro de 1576 dous veciños de Cespón, Xoán Gallego e Martiño Deira, asinan un documento de venda con Andrés Díaz de Rubinos y Quiroga, pertencente á igrexa compostelá, no cal se comprometen a entregarlle diversas especies de peixe por un prezo total de 200 reais. As especies que se documentan son moi variadas; destacan especialmente a ostra e o lenguado –*grandes y enteros, y no partidos, y bien hescabezados*–, dos que entregarían doce barrís de cada especie<sup>110</sup>. O encargo se completaba con sardiña, rodaballo, besugo e congrio, áinda que en menor cantidade.

Pola riqueza da información e a particularidade do documento para a historia económica cesponcense de época moderna, incorporamos unha transcripción dos parágrafos más significativos:

*Juan Gallego e Martino Deira, vecinos de la felegresía de San Biçenço de Sespón. [...]*

*Que los dichos Juan Gallego e Martino Deira tienen de azer al dicho Andrés Díaz de Rubinos y Quiroga treinta barriles de hostra de doze en carga, echos por la marca bieja, de buena hostra, grande y bien sazonada [...] y doce barriles de lenguados grandes, que cada barril tiene de llevar quarenta lenguados bien echos, grandes y enteros, y no partidos, y bien hescabezados y perfeccionados, para que puedan hir a la corte de Su Magestad e a las más donde fuere neçesario.*

*Yten más tienen de azer al dicho Andrés Díaz tres barriles de sardina de la marca que llevan los sobredichos Juan Gallego y Martino Deira, que es de ancho vn palmo y dos dedos de ancho y dos palmos de largo. Yten tres barriles de rodaballo y tres de besugos y tres de doradas y dos de congrio; y los dichos barriles tienen de ser por la forma que son de la sardina. Todo el dicho pescado a de ser sardina e todo lo demás descabeche*<sup>111</sup>.

Amósase así unha certa variedade nas capturas e unha orientación comercial, constituíndo o único documento localizado dunha transacción mercantil –sendo os demais foros e rendas–. Esta referencia permítenos sacar a conclusión, a falta de máis testemuñas da época, de que a actividade pesqueira no Cespón moderno, presentaba unha maior orientación cara o comercio, mentres que a agraria

<sup>108</sup> AD, doc. 2 . ACS, IG 277, fol. 23r.


<sup>109</sup> AD, doc. 5. ACS, IG 278, fol. 14r.

<sup>110</sup> ACS, P 68, fol. 34bis r.

<sup>111</sup> ACS, P 68, fol. 34bis r.

destinábase, fundamentalmente, ao pago de rendas e subsistencia. Eran ambas as actividades principais da economía de San Vicenzo nos séculos XVI e XVII.

Outras referencias menores remiten a actividades económicas secundarias – ou, cando menos, con menor presenza nas fontes documentais–. Algúns dos foros do século XVII incluíán nos pagos a determinadas especies domésticas, coma galiñas e un carneiro, pagados cara a 1620<sup>112</sup>.



**Gráfica 3.**

Configúrase unha economía local relativamente diversificada –aínda que non atopamos referencia documental algúna á explotación de determinados recursos minerais, como podían ser o estaño e o ferro, ou co tratamento e comercio da madeira, que na Galicia moderna, complementaban as producións locais, orientados, xeralmente, á demanda doméstica e local, e podendo en determinados casos abastecer a mercados de maior entidade<sup>113</sup>–.

PRODUCTO	ANO DE REFERENCIA	LUGAR DE REFERENCIA	CONCEPTO
Centeno	1568	San Vicenzo de Cespón (freguesía)	Renda da igrexa parroquial
Trigo	1568	San Vicenzo de Cespón (freguesía)	Renda da igrexa parroquial
Ostra	1576	San Vicenzo de Cespón	Venta do producto
Lenguado	1576	San Vicenzo de Cespón	Venta do producto

<sup>112</sup> ACS, 97, fol. 509r.

<sup>113</sup> *Ibidem*, p. 356.

Sardiña	1576	San Vicenzo de Cespón	Venta do producto
Rodaballo	1576	San Vicenzo de Cespón	Venta do producto
Besugo	1576	San Vicenzo de Cespón	Venta do producto
Dourada	1576	San Vicenzo de Cespón	Venta do producto
Congrio	1576	San Vicenzo de Cespón	Venta do producto
Galiñas	1593	Fontecoba	Renda ao deán e Cabido
Centeno	1618	Sandrenzo	Pago de foro
Galiña	1618	Sandrenzo	Pago de foro
Centeno	1620	Fontecoba	Pago de foro
Trigo	1620	Fontecoba	Pago de foro
Galiñas	1620	Fontecoba	Pago de foro
Carneiro	1620	Fontecoba	Pago de foro
Viño	1620	Fontecoba	Pago de foro
Centeno	1652	San Vicenzo de Cespón (freguesía)	Renda da igrexa parroquial
Trigo	1652	San Vicenzo de Cespón (freguesía)	Renda da igrexa parroquial

**Táboa 1: Referencias a productos, na documentación consultada, nos séculos XVI-XVII. Fonte: ACS.**

Toda esta economía sostentaba non só o nivel de subsistencia, senón unha serie de pagos e rendas de tipo señorial, procedentes da Idade Media, coa Igrexa de Santiago coma principal poder efectivo no entorno. Esta situación materializábase na figura do teñenteiro compostelán, que era o perceptor das rendas, ademais dunha das principais autoridades –encargándose, por exemplo e como xa vimos, do reclutamento para a defensa en 1574–.

Sabemos, áinda que o documento orixinal se perdeu, que se pagaba, nun dos foros por Fontecoba de 1620, a luctuosa e parte da laudemio, así coma a comida ao que fora a recoller as rendas, dereitos eminentemente señoriais. Do mesmo xeito, nunha reclamación de 30 de marzo de 1519 do Cabido compostelán á freguesía de Santa Baia de Boiro, coma integrada na tenza do couto Santa Baia, onde se integraban igualmente as propiedades en Cespón, se refire a práctica de entregar un día de malla en concepto de dezmo á igrexa e teñenteiro de Santiago. Unha práctica que tamén se realizaría nas propiedades da tenza en San Vicenzo<sup>114</sup>.

Así pois unha poboación que segue as liñas de evolución xeral, unha economía diversificada coa agricultura e pesca coma actividades fundamentais, e a guerra con Inglaterra coma fito histórico máis destacado nas nosas fontes, baixo

<sup>114</sup> ACS, 69, legajo 1 nº 3, fol. 348rº-351rº.

sempre a atenta ollada da Igrexa de Santiago coma poder efectivo, como as características determinantes do Cespón dos séculos XVI e XVII.

### 3. Economía e Poboación. A Freguesía de San Vicenzo de Cespón á luz do catastro de Ensenada (1743)

O Catastro do Marqués de Ensenada é, con toda probabilidade, unha das principais e máis completas fontes para a España da Idade Moderna e, especialmente para o século XVIII. Trátase dun interrogatorio de 40 preguntas encargado en 1752 e realizado en 1753, co obxectivo de coñecer tódolos datos posibles das circunscripcións e freguesías hispanas e proceder a implantar a “Única Contribución” fiscal. Nel se inclúen datos demográficos, territoriais, con descripcións dos límites parroquiais, económicos, recollendo as diversas profesións do entorno e os usos das terras, e sociais, coa presenza de fidalgos e oligarquías, ofrecendo en conxunto unha completa visión das diversas freguesías de mediados do século XVIII<sup>115</sup>.


A freguesía de Cespón aparece no catastro perfectamente delimitada *territorio y término por lo largo desde Norte a medio día media legua y por lo ancho desde Levante a Poniente, un quarto de legua, su circunferencia se andará en ora y media y por Levante, confina por la mar, poniente con la feligresía de San Andrés de Cures, Norte la de San Juan de Macenda, media día con la de San Cristóval de Abanqueiro, su figura es quadrilarga y se compone de diversas casas exparcidas por su estenación y término*<sup>116</sup>. Unha delimitación que se aproxima moito á actual.

A poboación que se recolle no catastro para a freguesía é de 261 veciños. Manténese así a situación de Cespón entre os núcleos máis relativamente poboados do seu entorno, sendo superado unicamente por Santa Comba de Rianxo, con 376 veciños, pero por riba de Santa Baia de Boiro, con 215, ou Taragoña con 221<sup>117</sup>.

<sup>115</sup> Respostas ao catastro que foron recentemente editadas en Agrelo Hermo, 2007.

<sup>116</sup> AHUS, Catastro de Ensenada. Microfilm. Fol. 308v.

<sup>117</sup> AGS, CE, RG, fols. 173v-174r, 207r e 423r.



Gráfica 4.

Un dos elementos económicos que se refiren no catastro atópase moi relacionado co factor demográfico. A tendencia xeral da poboación galega do século XVIII, seguindo as liñas europeas, é de incremento demográfico xeralizado, vencellado, entre moitos outros factores, ao espallamento de novos cultivos, especialmente o do millo. En Galicia, xoga éste un papel destacado pola mellor adaptación ao clima, converténdose, xunto cos cultivos de centeno e trigo que xa tiñamos documentado nos séculos anteriores, en elemento fundamental da dieta. Combínase todo isto con outros produtos menores xa presentes na economía de Cespón dende a Idade Media, coma a castaña, de xeito que *las especies de frutos que se coxen en las tierras de el término de dicha feligresía son trigo, centeno, maíz, vino, lino y castaña*<sup>118</sup>. A situación dos castiñeirois coma complemento dos cultivos mantén a situación que xa presentaba no século XV, cunha ausencia de recolección para outros froitos: *no ay plantío formal de árboles frutales, a excepción de algunos castaños de dar castaña*<sup>119</sup>.

O pago de dezmo da igrexa da freguesía, documenta outros productos, presentes na economía local, e que se empregaban coma medio de pago; é o caso do viño, o liño, a la ou de animais coma o cordeiro<sup>120</sup>. As visitas parroquiais de 1740 confirman, ademais, a persistencia do pago en centeo e trigo das rentas<sup>121</sup>; fainos eso pensar nunha orientación do millo cara a alimentación. De calquier xeito, mantense así un abano económico semellante aos séculos XVI e XVII.

<sup>118</sup> AHUS, Catastro de Ensenada. Microfilm. Fol. 310r.

<sup>119</sup> AHUS, Catastro de Ensenada. Microfilm. Fols. 312v-313r.

<sup>120</sup> *El diezmo que se paga y cobra, de diez uno de todos los frutos de granos, de las tierras y término de dicha feligresía como también del vino, lino, lana y corderos.* AHUS, Catastro de Ensenada. Microfilm. Fols. 313v.

<sup>121</sup> AD, doc. 6. ACS, IG 279, fol. 76v.

O predominio das producións agrarias cerealeiras tradúcese nunha presenza de muíños no entorno, para a produción de fariña, que, até o de agora, non tiñamos atopado referida na documentación. Concretamente *diez y nueve molinos arineros*<sup>122</sup> que se ubican en cásque tódolos lugares da freguesía de Cespón: Sandrenzo (2), Valmaior (2), Comba, Saar, Trebes, Treites, Cespón, Ferreiros (2), Fontecoba, Lamas (2), Louriño e Brea (2). O río de Sandrenzo é o motor principal destes muíños, facendo mover a dez deles; tres se moven coa auga do río de A Brea, dous coa fonte de Trebonzos, outro coa de Termina e outro coa chamada Fonte do Estanque<sup>123</sup>.

Dous elementos completan esta visión. Documéntase, continuando coa liña xa definida, un relativamente potente cultivo de ostra en viveiro, con 20 propietarios diferentes que se reparten a propiedade doutros tantos viveiros<sup>124</sup>. Xunto co cultivo de ostra, é de 41 o número de mariñeiros matriculados, e 2 embarcacións en posesión dun particular, en concreto Francisco Antonio García Ferraces, escribán de Rianxo.

A actividade pesqueira combínase coa actividade agrícola coma sustento principal da economía do entorno, o mesmo que o resto de actividades documentadas en Cespón, en xeral, coma arrieiros de carbón, xastres, toneleiros, taberneiras, carpinteiros ou zapateiros: *en una lista llevan declarado y regulado a cada uno la utilidad que les produce al año por dicha yndustria o por jornal diario a los que tienen dichos oficios, con adbertencia que quanto a estos travajan solamente quatro meses del año por ser también labradores*<sup>125</sup>. Enmárcase esta situación na economía de subsistencia e na necesidade de completar os recursos que as actividades principais xeraban. Destacan especialmente, nestas actividades secundarias, os oficios vincellados á industria téxtil local, coma os texedores e os xastres.

<sup>122</sup> AHUS, Catastro de Ensenada. Microfilm. Fol. 314v. Refírese, engadida ao catastro, unha lista dos propietarios e a situación dos muíños. AHUS, Catastro de Ensenada. Microfilm. Fols. 319v-323r.


<sup>123</sup> AHUS, Catastro de Ensenada. Microfilm. Fols. 319v-323r. Para un recente estudo dos muíños de Boiro véxase López Otero, 2007.

<sup>124</sup> AHUS, Catastro de Ensenada. Microfilm. Fols. 329v-331r.

<sup>125</sup> AHUS, Catastro de Ensenada. Microfilm. Fol. 317v.

OFICIO	NÚMERO DE PERSOAS QUE O DESEMPEÑAN
Escribáns	1
Notarios	1
Estanquilleiros de tabaco	5
Texedores	10
Medidores de terras	4
Mercaderes de viño	1
Taberneiras	4
Arrieiros de carbón	1
Xastres	10
Toneleiros	5
Ferreiros	1
Carpinteiros	2
Zapateiros	1

**Táboa 2: Oficios documentados en San Vicenzo de Cespón non asociados á agricultura ou pesca en 1753. Fonte Catastro de Ensenada.**



**Gráfica 5.**

Como dato final, se ben non é unha produción orientada ao comercio, si podemos salientar a presencia dun bosque de carballos e un piñeiral cuxa utilización era unicamente para prover de madeira aos asteleiros reais<sup>126</sup>.

Unha visión ampla da freguesía de San Vicenzo que confirma o mantemento das liñas xa debuxadas para os séculos XVI e XVII, especialmente no eido económico.

## 4. Conclusóns

Tras analisar a documentación destes tres séculos, podemos afirmar que San Vicenzo de Cespón segue as tendencias evolutivas xerais marcadas para a Idade Moderna do Reino de Galicia. Puidemos comprobar cómo a freguesía se mantén dentro dos núcleos relativamente máis poboados do seu entorno nos séculos XVI a XVIII, e presenta un descenso demográfico cara ao século XVII –en consonancia co resto do reino– así como un incremento cara ao XVIII, áinda que con menos datos nas fontes para analisalo en profundidade.

A economía do enclave, ao longo da modernidade, defínse pola actividade agraria coma fundamental, na cal destaca a produción de centeo e trigo coma cultivos más salientables, cunha presenza do millo xa integrada no mundo agrario cesponcense no século XVIII. O outro chanzo principal da economía moderna é a pesca, materializada no cultivo de ostra ao longo dos tres séculos, e cunha relativa variedade de especies capturadas e orientadas ao comercio –alo menos no século XVI–.

Estes recursos completábanse cunha serie de actividades menores, coma a cría de animais ou, no século XVIII, un abano de oficios secundarios combinados coa laboura agropecuaria.

Destaca especialmente, coma fito histórico, a implicación da freguesía de Cespón na guerra con Inglaterra, na segunda metade do século XVI, de xeito que os habitantes da freguesía foron chamados a presentarse coas súas armas, en 1574, para unha posible defensa da costa do Barbanza.

## 5. Apéndice: Documentación moderna

---

<sup>126</sup> AHUS, Catastro de Ensenada. Microfilm. Fol. 318r-319v.

*Integración na tenza de Santa Baia de Boiro, da Igrexa de Santiago, de determinadas propiedades en San Vicenzo de Cespón que anteriormente pertencían á Tenza Grande.*

A.- ACS, CF 16, fol. 106v. Libro III de Tenzas.

Yten a onze días del mes de setembro de mill e quinientos e tres anos, en cabildo, los señores beneficiados, de consentimiento de Fernando de Azebedo, tenençiero de la Tenencia Grande, anexaron a esta tenencia las herdades que la dicha Tenencia Grande tenía en esta feligresía de San Viçenco de Çespón, las quales se anexaron a la tenencia de Santa Vaya de Boyro.

Presente Gonzalo Péres, tenençiero que la rescebió, la relación de las cuales se fallaron en el capítulo de la dicha Tenencia Grande.

Ésta este dito mes e ano se[...]ado<sup>127</sup> en el libro del procuratorio.

Francisco(?) Rodrígues, notario (rúbrica).

## 2

1568.

*Visita arcebispal á igrexa e fregesía de San Vicenzo de Cespón.*

ACS, IG 277, fol. 22v-23r. Papel.

(Fol. 22v) **San Viçenç de Sespón.**

<sup>128</sup>Tiene esta feligresía cien feligreses. Los frutos se hazen tres partes la una y un diezmo. El retor las dos a la sincura. <sup>129</sup>/La Retoría\ / (fol. 23r) La Retoría es de presentación del monasterio de San Justo y la sincura es de presentación eclesiástica<sup>130</sup>, en todo tiempo vale al retor su parte 150 ducados; la fábrica tiene de renta 26 ferrados de zenteno y doçe de trigo; <sup>131</sup>tiene una hermita esta filegresía (sic) de San Lázaro.

<sup>127</sup>Dúas letras.

<sup>128</sup>Na marxe esquerda: *Sin cura*.

<sup>129</sup>Na marxe esquerda: *Patrón de Alba*.

<sup>130</sup>Na marxe esquerda: *Presentación*.

<sup>131</sup>Na marxe esquerda: *Presentación*.

3

1574, maio, 24. Santa Baia de Boiro.

O tenceiro da tenza de Santa Baia de Boiro chama a os vecíños da circunscripción, na que se atopaba San Vicenzo de Cespón, a acudir con armas a Rianxo ante un posible ataque do exército inglés na costa.

A.- ACS, 69, legajo 1, nº 3, fols. 324r-325v.

(Fol. 324r) En la tenenza e palacio de Paços, que es en el coto de Santa Baya do Boyro, a veynte e quatro días del mes de mayo del año de myll e quinientos e setenta e quatro anos, aziendo audiencia pública el muy magnífico señor Rodrigo Ares de Torás, juez ordinario en el dicho coto e su jurisdición, por el muy magnífico e muy reverendo señor canónigo Gerónimo de Baltanás, señor y tenençiero en el dicho coto y tenenza por los jueces señores deán y cabildo de la santa iglesia del señor Santiago, e el dicho señor juez dyxo que por quanto el dicho coto y vasallos del vebían y moraban junto a la rybera de la mar, y hera nescessario que estubiesen aperçivydos con sus armas que tubyesen, y los que no las tubyesen para que las comprasen; e porque él hera ynformado que por su real magestad avya sido ynnviada una su real cedula a los señores regente e oydores deste reino de Galicia, dándoles aviso como la reina de Ynglaterra azía una gruesa armada contra su magestad y por [...]<sup>132</sup> a este reino azer todo el daño que pudiese, que hiziesen apreçevyr todas las ciudades, vyllas e lugares deste dicho reino para que todos los vecinos y vasallos deste reino estubyesesen apreçivydos e a punto de guerra con sus armas para acudir a las partes donde ubiese la necesidad, cada e quando que fuesen avysados. Y él, por lo que convenia a la administración de la jurisdición, e del señor canónigo Baltanás, cuya hera la dicha jurisdicción y tenenza y vien de la república, e por no yncurrir en las penas contenidas en la dicha real cedula de su magestad, y en cumplimiento della, luego allí hizo juntar los vecinos y vasallos del dicho coto para les vesitar las armas que tenían para el dicho heffeto, e que estubyesen apunto con ellas quando fuesen llamados; e a los que les faltasen armas mandárselas comprar.

He hizo la dicha vesita y mandato en la forma siguiente. Primeramente:

Juan de Fonteneyze, “el biejo”, una espada y ballesta que dentro de seys días la traya.

---

<sup>132</sup> Unha palabra.

Juan de Fonteneize, “el moço”, espada y lança que dentro de seys días la traya.

Jácome de Loxo, “el biejo”, una espada y ballesta que dentro de seys días la traya.

Martiño de Loxo, espada y lança que dentro de seys días la traya.

Alonso Álvarez, espada y lança que dentro de seys días la traiya.

Pedro de Puñariño, pedrero, espada y lanza que dentro de seys días la traya. / (fol. 324 v)

Juan Sánchez de Brión, espada y lança que dentro de seys días la traya.

Rodrigo Martínez, espada y lança que dentro de seys días la traya delante el dicho señor juez.

Juan Díaz, espada y ballesta que dentro de seis días la traya ante su merced.

Juan de León, espada y lança, que la traya a seys días.

Juan Bo, espada y lança como es moço no los derriba.

Sebastian Bo, espada y lança, que dentro de seis días la traya.

Afonso Tobio, espada y lança, que dentro de seis días la traya ante su merced.

Catadoiro, una lança larga, lo mesmo a seys días.

Sanjuan, espada y lança, que dentro de seys días la traya.

Alberte dos Casas, espada y ballesta, que dentro de seys días traya todo.

Alonso Gómez de Bao, una lança larga, a seys días lo mismo.

Jácome da Vila, espada y lança, que dentro de seys días la traya ante su merced.

Gregorio Liste, espada y lanza, que dentro de seys días la traya ante su merced.

Gregorio Pascoal, lança larga, que dentro de seys días la traya ante su merced.

Juan d'Outeyral, una lança larga, que dentro de seys días la traya.

Juan de Ynjerto, una lança y espada, que dentro de seys días la traya.

Domingo d'Orille, una lança larga, que dentro de seys días la traya.

Gonzalo Dobrero, espada y lança, que dentro de seys días la traya ante su merced.

Gregorio Tomé, espada y lança, lo mesmo se le manda. / (fol. 325 r)

Fernando de Souto, espada y ballesta, que dentro de seys días se le mandó la traya.

Juan do Río, espada y ballesta, mandósele lo mismo.

Garçia Lobo, espada y lança, lo mismo se le mandó.

Fajardo, una lança larga, lo mismo se le mandó.

Jácome Blanco, lança larga, lo mismo se le mandó.

Bartolomé Álbarez, espada y lança, lo mismo se le mandó.

Jácome López, espada y lança, lo mismo se le mandó.

Afonso López, espada y lança, mandóse que dentro de seis días la traya.

Juan de Ben, espada y lança, lo mismo se le mandó.

Gregorio Vázquez, çapatero, espada y lança, lo mismo le mandó.

Bartolomé Tarela, espada y lança, que dentro de seys días la traya.

Jácome Tarela, espada y ballesta, que dentro de seys días la traya.

Bieito Pérez, una lança larga, lo mismo se le mandó.

Fernando de Nyne, espada y lança, lo mismo se le mandó.

Estebo de Nyne, espada y lança, que dentro de seys días la traya.

Fernando Figero, una lança larga, lo mismo se le mandó.

Lorenço Pose, una espada y ballesta, lo mismo.

Juan Bieito, su hijo, espada y ballesta, lo mismo se le mandó.

Alberte do Loxo e hijo, espada y lança, lo mismo.

Bartolomé da Meda, una lança, lo mismo se le mandó.

Fernando Bo, espada y lança, lo mesmo se le mandó.

Fernando González de [...]mo<sup>133</sup>, espada y ballesta, lo mismo se le mandó.

Alonso Vydal, una lança, lo mismo se le mandó.

Bartolomé Tobio \de Çe[...]<sup>134</sup>/,una lança y espada, lo mismo le mandó. /  
(fol. 325 v)

Domingo González Holero, espada y lança, lo mismo le mandó.

Francisco, su hermano, espada y lança, lo mismo se le mandó.

Francisco d'Ascaray, espada y ballesta, mandósele lo mismo.

Fernando Bo, espada y lança, lo mismo se le mandó.

Juan Colaço, *el moço*, espada, mandósele lo mismo.

Juan de Teira, *el moço*, lança y espada, lo mismo.

Juan Tarela, espada y lança, lo mismo se le mandó.

Pedro de Teira, hijo de Fajardo, una lança, lo mismo.

Gonzalo García, espada y lança, lo mismo se le mandó.

Juan do Río, hijo de Catalina Alonso, espada y lança, lo mismo.

Gregorio Golaço, espada y lança, lo mismo se le mandó.

Gonzalo Moñiz, espada y lança, lo mismo se le mandó.

El cual dicho ayuntamiento de los dichos vasallos del dicho coto de Santa Baya do Boyro, el dicho señor juez hizo en la forma susodicha y repartimiento de armas, según va declarado. Y eso mandó, en precio de cada seisientos para reparos de la cassa y palacio de Paços, las compren dentro de seis días primeros seguyentes, e se ayunten e parescan con ellas delante del, y en la dicha tenenzia de Paços, para que la ley se aga e cumpla lo que por <su> magestad les es mandado, e con aplazamiento(?) e con justicias. E ansi lo probeyó e mando, e firmolo; lo cual yo escrivano publico les notifiqué a todos los sobredichos, de suso nombrados e declarados.

Testigos presentes Vilar e Juan Sánchez, criados del señor canónigo Gerónimo de Baltanás e otros. E yo escribano doy fe que lo suso dicho pasó ansy.

---

<sup>133</sup> Dúas ou tres letras.

<sup>134</sup> Dúas ou tres letras.

Rodrigo Ares de Torres (*rúbrica*).

Passo ante mí, Rodrigo Fernández, escribano (*rúbrica*).

4

1593, febreiro, 3. Noia.

*Extracto do apeo das propiedades da Igrexa de Santiago, do lugar de Fontecova, en San Vicenzo de Cespón, integradas na tenza de Santa Baia de Boiro<sup>135</sup>.*

A.- ACS, 69, fol. 443v-499r.

(Fol. 443v) **Apeo del lugar de Fontecoba, sito en la felegresía de San Viçenço de Sesión, pertheneçientes a la thenençia de Santa Baya de Boiro.**

Citación al bachiller Alonso Gómez. En la villa de Noya, a veinte / (fol. 444r) y tres días del mes de febrero de mill y quinientos y nobenta y tres años, yo el dicho escribano y reçetor suso dicho, çité al bachiller Alonso Gómez de Villar de Francos, hijo y heredero que fincó del licenciado Reino, vezino de la dicha villa, para ber hacer el apeo y averiguación del lugar de Fontecoba, casas y heredades del, sito en la feligresía de San Viçenço de Sesión, y lo más a él perteneciente que por parte del dicho cavildo de Santiago se quiere appear en bertud de la dicha mi comisión, que le declare para que si quisiere se alle presente al dicho apeo y averiguación del dicho lugar y ber jurar e rreconocer los testigos en el presentados, y si quisiere de su información en contrario y presente sus derechos, y diga de su justicia que todo ello estoy presto de se lo recibir y admitir y le señale el dicho lugar de Fontecoba y el coto de Santa Baya de Boiro donde entendere en hacer el dicho apeo y averiguación; la qual citación le hize en forma según se requiere como poseedor del dicho lugar y parte ynteresante, en el qual dixo e respondió como / (fol. 444v) uno de tres hijos y herederos que dize fincaron del dicho licenciado Reino, que no abía lugar ni poda proçeder el dicho apeo del dicho lugar y heredades de Fontecoba por no tener en él como no tenía en él el dicho deán y cavildo ninguna cosa eçcepto cierta canón y pensión en cada un año, el qual él como uno de tales tres hijos y herederos del dicho su padre no se la quitaba ni

<sup>135</sup> Non incluímos o apeo completo pola súa grande extensión e a reiteración nas respuestas das testemuñas. Así, recollemos a declaración más completa e o nome do resto das testemuñas.

perturbaba, y dende agora contradezía el dicho apeo y que en razón del dicho lugar y heredades de Fontecoba con lo a él perteneciente estaba puesto demanda por parte del dicho deán y cabildo contra el dicho licenciado, la qual el dicho deán y cavildo debía seguir e proseguir asta fenecer y acabar el dicho pleito, y que él y los demás hijos y herederos del dicho su padre y el dicho su padre y otros sus antecesores de quien tienen título y causa, señores que fueron y son del dicho lugar y heredades con lo a él perteneciente, todos ellos unos en pos de otros consecutivamente dende uno, diez, / (fol. 445r.) veinte, treinta, cuarenta, cienquenta y más años a esta parte, y de tanto que memoria de hombres no hera en contrario, estaban en quieta y pacífica posesión del dicho lugar de Fontecoba y sus heredades y de poner e quitar casero y labrador en él y gozar e llebar la rrenta en que lo arrendaban, en bista y consentimiento del dicho deán y cavildo y del canónigo Baltanás, último poseedor que fue de la dicha tenencia de Santa Baya, sin que todos ellos ni ninguno dellos lo contradixesen, y que me pedía e requería que en quanto a este dicho lugar y heredades no me entrometiese a hacer el dicho apeo, pues claramente me constaba estar sobre dello el dicho pleito pendiente en la dicha rreal audiencia, pues a esta ora le notificaba la demanda dello, antes lo rremitiese a la dicha rreal audiencia para que dello se conociese. Y lo contrario haciendo que dende allí apelaba de todo lo por mí hecho y procedido asta agora y que hiziere e procediere dende aquí adelante para la dicha rreal audiencia; y lo pidió por testimonio y pidió los após/ (fol. 445v) tolos, e para ya mayor abundamiento me requería citase a los más hijos y herederos del dicho su padre a quien tocaba lo suso dicho y asta en tanto no le parase perjuicio, y protestó usar de su posesión y esto respondió y lo firmó de su nonbre.

Testigos Francisco de los Ríos, criado del dicho deán y Diego Vidal, scrivano del número de la dicha villa, el bachiller Alonso Gómez de Villar de Francos.

Passó ante mi Joan de Faillde.

[...]<sup>136</sup>

#### Declaración de testigos

Testigo el dicho Joan Gonçález, labrador, vecino del lugar de Fontecoba, felegría de San Viçenç de Sespón, jurisdicción de la villa de Rianjo, presentado por parte del dicho deán y cavildo de Santiago para el dicho apeo y averiguación del dicho lugar de Fontecoba, el qual después de aver jurado y preguntado por mi, el dicho scrivano y rreçtor susodicho, dixo que hes de hedad de treinta años, poco más o menos, y no le tocan ni yncurre en las preguntas generales de la lei que le fueron hechas, y dize el testigo que él sabe muy bien el dicho lugar de Fontecoba de que ansí se haze / (fol. 451r) este dicho apeo y averiguación, porque

---

<sup>136</sup> Citacións de testemuñas e xuramentos.

a bibido y bibe en él y lo trae e posee el qual dicho lugar, casas y heredades del y lo más a él anexo e perteneçiente todo enteramente, dize el testigo questá sito e yncluso en la dicha felegresía de San Viçenço de Sespón y dentro de los límites y demarcaciones della, que dize hes jurdición de la villa de Rianjo el qual dize el testigo que a tenido y tiene y son suyas, anexas e perteneçientes a él las casas, heredades y propiedades siguientes<sup>137</sup>: primeramente, una casa terrena de fuego en que el testigo dize bibe y mora y más tres casas, cortes<sup>138</sup> y un cuberto de rrecoger bueis y carros, y más una huerta<sup>139</sup> questá cerrada y cerrada de por sí de muro y balo alderredor, que será en senBradura asta un ferrado y medio de pan, poco más o menos; y más el agro<sup>140</sup> y heredades de dar pan que se dize da Fonte, que todo él está cerrado de por sí alderredor y anda a coltura y labrança de pan que lleba en senBradura asta diez y ocho ferrados de pan poco más o menos; y más el agro y heredades que se dize da Viña, / (fol. 451v) que tanbién ella anda a coltura y labrança de pan, que todo él está cerrado de por sí alderredor de pared y balo, que será en senBradura otros seis ferrados de pan poco más o menos; y más el agro y heredades que se dize da Fonte Armiña, que tanbién dize anda a coltura y labrança de pan, y todo él está cerrado de por sí de pared y balo alderredor, que llebará en senBradura asta doze ferrados de pan poco más o menos, y en el dicho agro está sita una leira de heredad del lugar que se dize do Pensso que traen Ares do Allo y Alonso Abráldez, que llebará en senBradura dos ferrados de pan, y todo lo demás del dicho agro que serán los dichos doze ferrados en senBradura y un pedaço de monte que en él está metido hes del dicho lugar de Fontecoba, todas las quales dichas heredades de suso declaradas dize el testigo andan a coltura y labrança de pan a una mano y oja del dicho lugar de Fontecoba y a otra mano y oja del dicho lugar dize el testigo tiene y se labran las heredades y propiedades siguientes: dos tercias partes entera/ (fol. 452r) mente del agro que se dize de Riba, que parten y demarcan con heredades del licenciado Reino, vecino de la villa de Noya, difunto, y sus hijos, que todas están metidas dentro de una cerradura y agro que las dichas dos tercias partes enteramente del dicho lugar de Fontecoba son en senBradura asta diez y seis ferrados de pan, que todo el dicho agro anda a coltura y labrança de pan; y más el agro y heredades que se dize de Fontecoba, que andan a coltura y labrança de pan, y todo él está cerrado de por sí alderredor, que será en senBradura seis ferrados de pan, con el monte que está dentro del dicho agro y cerradura, que lo que ansí del se labra serán los dichos seis ferrados de pan y lo demás anda a monte, lo qual parte y demarca con una leira de heredad de los hijos del dicho licenciado Reino que fue de Pedro Alonso de Romay, questá metida dentro del dicho agro y llebará en senBradura un ferrado de pan; y más una leira de heredad que se dize Atallo de Santiago, sita en la agra de Nabareses del lugar de San Dreço que trae e posee Alonso Mariño, vezino del (sic) dicha felegresía / (fol. 452v) de San Viçenço de Sespón, que llebará en senBradura cinco

<sup>137</sup> Á marxe: Casas.

<sup>138</sup> Á marxe: Cortes.

<sup>139</sup> Á marxe: Huertas.

<sup>140</sup> Á marxe: Heredades.

ferrados de pan, la qual por una parte demarca y parte con el camino rreal que ba de la ciudad de Santiago para la villa de la Puebla y de otra parte con heredades de la yglesia de San Viçenço de Sespón, que trae e posee Ares do Allo, y de otra parte con heredades del lugar de San Dreço, que fincó de Pedro de Ben, que posee Bartolomé Muñiz; y más otra leira de heredad que se dize da Fonte dos Sapos que trae e posee el dicho Alonso Mariño, que dize llebará en senbradura un ferrado de pan poco más o menos, que demarca con heredades del lugar de Villamor que trae e posee Alonso Alcalde; y más una leira de heredad questá sita e ynclusa en el agro que se dize de Cornoo, que trae y posee el dicho Alonso Mariño, que por todas partes demarca con heredades de Martín Muñiz y Bartolomé Muñiz, su hermano, vecinos de la dicha felegresía de San Viçenço de Sespón, que llebará en senbradura un ferrado de pan poco más o menos, / (fol. 453r) y por otra parte, parte y demarca con heredades del dicho lugar de Fontecoba, todas las quales dichas heredades de suso declaradas dize el testigo andan a coltura y labrança de pan. Y dize el testigo andan a coltura y labrança de pan (sic).

Y<sup>141</sup> dize el testigo quel dicho lugar de Fontecoba tiene y son suyos, propios, anexos e perteneçientes a él el monte que se dize da Fonte Tosal y el monte de Villariño, que están metidos e ynclusos y se parten y demarcán por los límites y demarcaciones siguientes: primeramente comienzan en las heredades del dicho lugar de Fontecoba y de allí ba dar derecho arriva a la cuesta, y de allí buelben abaxo aguas bertientes asta dar en el monte que se dize de Torre, y de allí derecho buelbe dar al puerto que se dize das Bestas y de allí derecho ba topar al otero que se dize de Guillén, y de allí ban dar derecho a un marco questá arriba de la aldea de Trebonço, y de allí derecho ba dar por las piedras que se disen de Trebonço, y de allí ba dar derecho asta topar / (fol. 454r) en el agro que se dize de Tosobelo, que fincó del dicho licenciado Reino y hes de los dichos sus hijos, y de allí ba dar derecho a los agros que se disen do Castro, donde se acaba esta dicha demarcación; todos los quales dichos montes de suso declarados se meten y están ynclusos y metidos dentro de los límites y demarcaciones de suso declarados, sin se meter otra cosa en medio.

Y<sup>142</sup> más dize quel dicho lugar tiene árboles de dar fruto y no dar fruto asta ciento poco más o menos, todas las quales dichas casas, heredades, huerta, montes y árboles de suso declarados, todo ello enteramente según de suso ba declarado, a sido y hes del dicho lugar de Fontecoba, anexo e perteneciente a él y propio suyo todo ello enteramente, y se parte y demarca por los dichos límites y demarcaciones de suso declarados, todo el qual dicho lugar enteramente, con las dichas sus casas, heredades y propiedades y montes y árboles de suso declarados, dize el testigo que sabe y hes berdad / (fol. 454r) que todo ello enteramente a sido y hes propio del dicho deán y cavildo de la dicha santa iglesia de Santiago y de la su tenencia de Santa Baya de Boiro, anexo e perteneciente a

<sup>141</sup> Á marxe: *Montes*.

<sup>142</sup> Á marxe: *Árboles*.

su mesa capitular, lo qual sabe el testigo ser ansí porque dize que bio que Jácome Tarela, vezino y poseedor que fue del dicho lugar de Fontecoba, marido que fue de Mayor Xuárez, su madre del testigo, tubo e poseyó el dicho lugar de Fontecoba, casas, heredades, montes y propiedades de suso declaradas, anexas e pertenecientes a él por y en nonbre del dicho deán y cavildo de Santiago y sus teneñeros de la dicha tenencia en su nonbre y como su casero por su fvero del dicho cavildo mucho tiempo y años, e por renta y pensión de treinta y quatro ferrados de pan y dos gallinas cada un año, que por ello siempre el testigo bio, dio y pagó al dicho deán y cavildo y sus teneñeros en su nonbre como tal señor propietario de todo ello, rreconociéndolo por tal asta que dize que podía aber honze años poco más o menos que el dicho Jácome Tarela traspasó en el testigo el derecho del dicho lugar / (fol. 454v) y cerca dello le hizo scritura de traspasación por delante Fernán Martínez, scrivano. Y el testigo por bertud de la dicha traspasación se entró a poseer y llebar el dicho lugar, y lo tiene, labra e posee dende el dicho tiempo a esta parte asta agora, por y en nonbre del dicho deán y cavildo y como tal su forero, reconociéndolo siempre por tal señor propietario de todo ello y pagándole en cada un año la dicha rrenta e pensión de suso declarada y quel dicho Jácome Tarela de antes le pagaba, y ansí el testigo siempre en su nonbre, y antes del el dicho Jácome Tarela, lo tubieron e poseyeron, tiene y posee en nonbre y como tales caseros y foreros del dicho deán y cavildo de Santiago. Y ansí dize el testigo que sabe el dicho lugar según de suso ba declarado ser tal propio enteramente del dicho deán y cavildo de Santiago, anexo e perteneciente a él y el testigo por tal le a y tiene y conoce y dize que siempre fue y hes abido e tenido y conoció por tal y nunca dello bio ni oyó decir lo contrario lo qual si fuera o pa/ (fol. 455r) sara el testigo dize no lo dexara de ver y saber y benir a su noticia por lo que dicho tiene.

Y dize el testgio que bio quel dicho Jácome Tarela y Fernán Tarela y Bartolomé Tarela, sus hermanos tenían y hera suyo propio en el dicho lugar de Fontecoba, fuera de las dichas casas, heredades, propiedades y montes de suso declaradas del dicho deán y cavildo, ciertas heredades y propiedades que se disen tanbién de Fontecoba, sitas en la dicha aldea de Fontecoba, que parten y demarcan con las de suso declaradas del dicho cavildo, que dezán y se dize hes la tercia parte de la dicha aldea de Fontecoba, los quales dichos Jácome Tarela y Fernán Tarela y Bartolomé Tarela las tubieron y poseyeron y llebaron por tales suyas propias asta que podía aber ocho años, poco más o menos, que las bendieron al bachiller Reino, difunto, vezino de la villa de Noya, el qual dicho bachiller Reino dize el testigo que por la dicha benta se entró en las dichas heredades de Fontecoba, y podía aber los dichos ocho años que las arrendó y dio al testigo en arrendamiento por dezeseis ferrados de pan / (fol. 455v) en cada un año, y el testigo en su nonbre las trae y labra juntamente con el dicho lugar y heredades del dicho cavildo de Santiago, y le paga en cada un año dende el dicho tiempo a esta parte los dichos dez y seis ferrados de pan por razón dellas; y dize el testigo que siendo bibo el dicho bachiller Reino podía aber un año poco más o menos que dixo al testigo quel dicho lugar de Fontecoba, de suso declarado,

perteneciente al dicho cavildo, también hera suyo con lo demás de suso declarado, que él adquiriera de los dichos Jácome Tarela y sus hermanos, y que no hera del dicho cavildo ni el testigo le reconociese por tal y que todo él se lo arrendaría, y ansí dize que lo pretendía llebar todo ello, y el dicho Alonso Mariño trae y posee y llieba las dichas heredades de suso declaradas pertenecientes al dicho lugar del dicho cavildo, por y en nombre del dicho bachiller Reino, y así mismo Gregorio Martínez, vezino de Sandreço, trae y posee del dicho lugar del dicho cavildo / (fol. 456r) una leira de heredad en el dicho agro de Fontecoba de suso declarado, que llebará en senbradura seis ferrados de pan, la qual también trae y posee por el dicho licenciado Reino, siendo perteneciente al dicho cavildo y del dicho su lugar, y el testigo oyó decir quel dicho licenciado Reino se entrara en las dichas heredades por arrendamiento que dellas le hiziera el canónigo Baltanás, difunto, en nonbre del dicho cavildo, tenençiero que fue de la dicha tenencia de Santa Baya; y los suso dichos le pagan la rrenta dellas y agora a sus herederos, lo qual ansí oyo decir por público y notorio.

Y esto que dicho tiene, dize el testigo hes verdad, y lo que sabe e responde del dicho apeo y averiguación; en lo qual, siéndole leydo este su dicho, se afirmó y retefícó y no lo firmo por no saber.

Passó ante mí Joan de Faillde.

[...]<sup>143</sup>

(fol. 499r) Yo el dicho Joan de Faillde, receptor en la Real Audiencia deste reino de Galizia, scrivano del Rey nuestro señor, doy fee, presente fuy al hazer deste dicho apeo y averiguación de vienes de pedimiento del dicho deán y cavildo de la santa yglesia de Santiago, en virtud de la comisión a mí para ello de su pedimiento de la dicha real audiencia dada, cuyo traslado va por caveça y del dicho su pedimiento lo saqué del oreginal que ansí ante mí pasó, y va scrito fielmente en ochenta y cinco ojas con ésta. Y en fee dello lo signo e firmo como acostunbro.

En testimonio de verdad (*rúbrica*).

---

<sup>143</sup> Seguen as declaracóns de *Bartolamé de Çan*, *Martín Muñiz*, veciños de San Vicenzo de Cespón, *Bartolamé Tarela*, *Bartolamé Muñiz*, *Jácome López*, *Joan de Bilasoa*, *el Biejo*, veciños de Santa Baia de Boiro, *Fernán Tarela*, de Santo André de Cures, *Estebo de Nine*, *Alonso López*, veciños de Santa Baia de Boiro e *Alonso Mariño* e *Gregorio Martínez*, veciños de San Vicenzo de Cespón.

*Visita arcebispal á igrexa e fregesía de San Vicenzo de Cespón.*

ACS, IG 278, fol. 14r-v. Papel.

**(fol. 14r) San Biçenso de Çespón.**

Este beneficio hes de presentación eclesiástica. Allóse por retor del a don Antonio Granze y Sotomayor que los une y administra por su persona. De los frutos se açon tres partes: la una y un dezmero lleba la cura, que baldrá 40 cargas de pan; y las dos lleva la sin cura que al presente es de don Gómez de Figueroa retor de las Cacheiras(?)

La fábrica tiene de renta y propiedad vnas heredades que se arrienda unos años más y otros menos, y al presente rentan 51 ferrados de trigo, 15 de centeno. De alcance de quentas tiene 370 reales.

*Mandatos.* Mandóse hacer una alba de lienzo con su amito(?) y cordón y el dinero se saque del alcanze de la cofradía de Nuestra Señora; mandóse tomar quenta al mayordomo passado por no poder ser a[...]do de la quarta bacante de la sin/(fol. 14v) cura por bacación de don Antonio Zerra.

*Cofradía.* Ay una cofradía de Nuestra Señora; no tiene renta ni alcanze y por tomar las quentas de más de ocho años por las partes no poder ser avidas se cometieron a el cura.

En esta yglesia ay retablo y ornatos bastantes y la iglesia decente. 30 feligreses.

**6**

1740-1750.

*Visitas arcebispais á igrexa e fregesía de San Vicenzo de Cespón.*

ACS, IG 279, fols. 75r-76v e 93v-94r. Papel.

**(fol. 75r) San Vizente de Zespón, 17.**

En dicho día<sup>144</sup> visité esta Iglesia. El cuerpo está fayado, la Capilla Mayor de bóbeda, fáltale buen retablo, el que está ajustado, y para hazerse hes yglesia bastante capaz. Tiene 3 cálizes, viril, yncensario, y nabeta y dos lámparas de plata, ornatos de seda de todos tipos, ropa blanca / (fol. 75v) la suficiente. Tiene de renta 692 ferrados de trigo, 322 ferrados de zenteno, y las sepulturas, y en alcance 4204 reales 13 maravedís.

*Cura.* Don Andrés Rodríguez Zimanes, desde el año de 25, a presentación de el Monasterio de Sobrado, patrono en los 4 meses; lleba el cura la tercera parte de frutos, lugar de diezmero y los diestros; valele 800 ducados. Las otras 2/3 con lugar de diezmero la lleba el beneficiado simple, que lo hes Don Manuel Joseph Montalvo, residente en Medina del Campo, que le tiene arrendado en 500 ducados. Dícese le presenta también Sobrado. Fuegos 300. Confirmados 762.

*Obra pía.* La fundada por Theresia López Romay por su testamento, otorgado en 15 de marzo de 566, que dejó abinculada toda su hacienda, y mandó se hiciese una capilla en la Iglesia a San Sebastián, y que se adornase con todos los ornatos necesarios para celebrar y en ella se digeren 2 misas semanales, una rezada, digo cantada, y dos rezadas día de San Sebastián. Lleva los vienes Don Bernardo Cayetano Reyno; no ha cumplido con cosa alguna, hubo pleyo con el motivo de haberse perdido 2 lugares, especialmente hipotecados entre Don Jerónimo de Reino, padre de el actual, y el fiscal ez [...]<sup>145</sup> de obras pías y por auto dado en 22 de febrero de 707 por el Señor obispo de Pris[...]<sup>146</sup>, se le mandó cumpliese con todo, pagase las misas atrasadas, y las costas, de cuyo auto se apeló al Señor Numpcio adonde se llevó copia de autos. Mandóse al cura hiciese las diligencias posibles, y lo previniese a los Señores prelados que pudiesen remediarlo.

*Sacerdote.* Don Juan de Caamaño, ordenado año de 15 a título de capellán de San Joseph en Dodro; dejóla, hizo patrimonio en la vacante de el señor Salzedo, tienele muy pingüe, pasalo bien y es confesor.

Don Diego Andrés Caamaño ordenado año de 31 a título de la capellanía arriba dicha, que dejó e hizo patrimonio aprobado por el señor Traba, con el que lo pasa bien.

Don Apolario Ysidoro de Caamaño, ordenado año de 35 a título de dicha capellanía pasalo con dezencia en casa de su padre Don Juan Caamaño que lo hes natural, y pareze goza la capellanía.

Don Manuel de Villanueva, ordenado año de 36 a título de capellán de San Joseph en Santa María de Baroñas, arziprestazgo de Entines. Pasalo bien y tiene buen patrimonio.

<sup>144</sup> Ainda que poña 17, polas referencias de visitas anteiores é 18 de xuño.

<sup>145</sup> Tres ou catro letras.

<sup>146</sup> Tres ou catro letras.

*Cofradías.* La de San Roque, y Ángel de la Guardia en una compónese de caridades y petitorio, y en alcance 1479 reales, zera / (fol. 76r) 30 libras. La de el Sacramento y San Vizente en una, componese de caridades y petitorio y en alcance 2315 reales, zera 18 libras. La de la Asunción y Ánimas en una, componese de 7 ferrados de trigo de renta, tres de centeno y una gallina, caridades y petitorio, y en alqance (sic) 3907 reales 33 maravedies con más 175 reales que en diferentes quentas hay de agravio contra esta cofradía. Mandóse deshacerlos dentro de 20 días y echo se presente para su aprobación.

*Mandatos.* Los generales y arriba dichos; comboque la feligresía y dispongan se nombre sacristán que cuye de todo, dando la fábrica alguna parte y otra los feligreses; puede serlo algún maestro de niños y con eso se remedian todos. Permitióse que los que tomasen las dalmáticas en las funciones fúnebres pudiesen llebar quatro cuartos por razón de el trabajo de cada función.

*Libros.* Bautizados, casados y difuntos están bien.

*Estudiantes.* Rosendo Ribero; edad 19 años; estudia gramática; buenas costumbres; padres acomodados y tienen 3 hijos.

Joseph Piñeyro, estudia Gramática; hedad 17 años; costumbres buenas; padres acomodados, tienen 3 hijos.

Jerónimo Saabedra; hedad 14 años; estudia Gramática; buenas costumbres; padres acomodados, tienen otros 3 hijos.

*Misas.* Perpetuas 300; cofradías 39; subpernumerarias ninguna.

[...]

(fol. 93v) **San Vizente de Zespón.**

*Cura.* Don Juan Ignacio de Lago, presentación de San Justo, diezmos 3<sup>a</sup> parte el cura, y 2 el simple, que posee Don Joseph Manuel del Campo, digo Montalvo, vezino de Medina del Campo, cuia presentación no se save, vale 700 ducados.

*Cofradías.* Una del Santo Ángel y San Roque, caudal mill quinientos diez y ocho reales.

Otra de San Vizente Mártir, caudal mill quattrocientos ochenta y cinco reales.

Otra de la Asumpción y Ánimas renta 7 ferrados de trigo y otro de centeno; caudal 5375 reales.

Capillas ninguna.

*Fundación.* Theresa López Romay por su testamento mandó se edificase una capilla de San Sebastián y que en ella se / (fol. 94r) dicesen dos misas semanarias, una cantada y dos rezadas al año; no se cumplió, siguió pleito el fiscal contra Don Jerónimo de Reino; salió sentencia contra este, apeló al nuncio, y así se está. Don Bernardo Cayetano de Reino sucesor en los [...]<sup>147</sup> acudió a Roma el año de 42 y traxo Bula de condonación de las misas atrasadas hasta aquel año, presentada en la visita y se le dieron por cumplidas. Desde entonces hasta ahora las cumplió en una hermita de San Sebastián de que certificó el cura y se dice en el auto que respecto falta por hacer la capilla para en ella decir las misas, concurrido el asunto con los papeles que tubiere para S. I. reconocer el pleito y ver si por bia de paz se puede dar fin a él.

*Hermita.* Una de San Sebastián, patrón el de arriba de [...]<sup>148</sup>.

*Clérigos.* Don Manuel Jazinto Villanueva, natural y vecino de esta capellanía de San Joseph de Maroñas, confesor.

Don Juan Antonio Maneiro, natural y parroquial de Olbeira en Postomarcos de Abaxo, vecino y vizcera de esta confesión.

Don Apolinario Calamaño, natural y vecino de esta Capellanía de San Joseph en Lestrobe, feligresía de Dodro, tenía ya la licencia limitada y se le rebocó por lo que dice el papel que está con sus notas; es necesario tener presente quando se le despache la Capilla de Lestrobe.

*Primeras.* Como los diezmos.

*Sepulturas.* Hay dotadas, las libres de 3 hasta 27 en el coro 4 ducados. / (fol. 94v)

Renta 44 ferrados y 70 concas trigo, arriendo 14, y 6 concas zenteno 22 y 6 concas, memuido, albas y sepulturas.

*Caudal.* 4254 reales.

---

<sup>147</sup> Palabra de catro letras.

<sup>148</sup> Tres letras.

# ACTUACIÓN 5: ANÁLISES ANTRACOLÓXICAS DE MOSTRAS DAS CAMPAÑAS 2005 E 2006

María Martín Seijo  
Departamento de Historia I, USC

## 1. Introducción á antracoloxía


A antracoloxía é unha disciplina arqueolóxica que se integra na área de coñecemento da arqueobotánica, baséase na análise dos carbóns de orixe arqueolóxica, aínda que tamén existe a posibilidade de estudiar carbóns de outras procedencias como incendios naturais, depósitos lacustres, turbeiras, etc (Marchesini, Arobba, 2003). A presencia de madeira e carbón nos xacementos arqueolóxicos está estreitamente ligada á actividade humana, en relación con procesos naturais (ramas, restos de poda, etc) que acompañan a ocupación de determinadas zonas, nestos casos estos restos localízanse en depósitos non antropizados con presenza de prantas enteiras ou partes destas. Sen embargo o repertorio lúxeno máis frecuente nos asentamentos humanos procede de manufacturas e particularmente de restos estructurais de edificacións, de mobiliario doméstico ou de obxectos de uso persoal. Os carbóns proceden xeralmente da combustión do leño utilizado como combustible dos fogares domésticos, en fornos cerámicos ou metalúrxicos, ou de uso ritual.

Na formación da mostra existen factores físicos e culturais que inciden na diferente preservación deste tipo de evidencias arqueolóxicas. O carbón fórmase a partir da descomposición da madeira cando é queimada en ausencia de osíxeno, é posible distinguir diferentes estados que se corresponden coas diferentes temperaturas ás que é sometida a madeira. A carbonización causa toda unha serie de cambios nas propiedades físicas da madeira que axudan a determinar as diferentes especies como son a decoloración, a reducción de masa e a contracción dos tecidos. Os carbóns localizados en contextos arqueolóxicos están afectados por problemas tafonómicos que poden afectar á representatividade das diferentes especies (Piqué, 1999), como o proceso de combustión (duración e interrupción da combustión, tipo de estructura) e as características físico-químicas da madeira (densidade, dureza, compoñentes químicos). Son producto da actividade humana e polo tanto froito dunha selección das especies leñosas existentes nas inmediacións do xacemento. Unha visión más ampla da vexetación do entorno e das súas transformacións ó longo do tempo debe de ser obtida a partir da análise polínica.

A conservación deste tipo de materiais orgánicos pode ser directa ou indirecta. A primeira é a más frecuente e implica a conservación da madeira ou carbón no contexto arqueolóxico, mentres que a indirecta sería a partir dunha impronta sobre unha matriz arxilosa ou doutro material á que a materia orgánica se adheriu antes de descompoñerse. As formas más habituais de conservación directa no rexistro arqueolóxico son a carbonización, a conservación en ambiente húmido, a mineralización e a deshidratación.

## 2. Metodoloxía

A análise antracolólica permite unha identificación das especies vexetais ás que pertencen ós carbóns localizados nun xacemento, en base a criterios anatómicos e biométricos. Este método non é destructivo nin require de ningún tipo de tratamiento químico do carbón, polo que pode ser utilizado posteriormente para a realización de datacóns radiocarbónicas. O obxecto de análise antracolólica ou xilográfica é o leño ou xilema que constitúe a estrutura secundaria caracterizada por unha arquitectura microscópica ben definida e diversa segundo a pranta da que provén. Gracias ás paredes extremadamente resistentes (lignificadas) que caracterizan a gran masa de células que componen o leño (traqueidas, vasos, fibras, etc) e que son visibles e identificables a pesar de estar os tecidos carbonizados.



**Figura 1.** Estructura microscópica do xilema das anxiospermas (a partir de García; Guindeo; Peraza; Palacios, 2003). Sección A (transversal): 1. vaso; 2. parénquima lonxitudinal; 3. radio leñoso; Sección B (radial): 4. elemento vasal; 5. parénquima lonxitudinal; 6. células erectas; 7. células procumbentes; 8. radio leñoso; 9. fibrotraqueidas; Sección C (tanxencial): 10. radio leñoso multiseriado; 11. fibrotraqueidas.

O carbón observouse nun microscopio de luz a reflexión Olympus CX-40 con obxectivos 20x, 40x, 100x, 200x e 400x do Departamento de Historia I da Universidade de Santiago de Compostela. Para a determinación realizanse diferentes cortes ó carbón buscando os tres planos anatómicos da madeira: transversal, lonxitudinal tanxencial e lonxitudinal radial. Unha vez observadas as características anatómicas compárase cunha colección actual de referencia e/ou coa bibliografía especializada para realizar a súa identificación, fundamentalmente os atlas de anatomía de madeira de F.H. Schweingruber (1978, 1990), J.G. Hather (2000), García et alii (2003), e co atlas anatómico de carbóns actuais e arqueolóxicos de Vernet et alii (2001).

### 3. Análise bioxeográfica

O xacemento do Castro de Neixón está na rexión bioxeográfica atlántica ou eurosiberiana da Península Ibérica dentro do piso bioclimático colino ou basal (termotépedo). A rexión eurosiberiana ou atlántica da Península Ibérica caracterízase pola presencia de bosques caducifolios, sendo o xénero *Quercus* o predominante en toda a zona, dende a súa expansión fai uns 10.000 anos (Carrión, 2003), as especies más habituais o carballo (*Quercus robur*) e o cerqueiro (*Quercus pyrenaica*). No piso colino a vexetación potencial está formada por bosques planocaducifolios e perennifolios relícticos (Costa, Morla, Sáiz, 2001): formacións con carballos como especie predominante, bosques mixtos formados por freixos, tilos, olmeiros, salgueiros, cancereixos e aciñeiras con laureis. A carballeira acidófila con xilardeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*) é característica do occidente galego (Rigueiro, 2003), no sector galaico-portugués, preferentemente nos pisos colino e montano (termotépedo e mesotépedos). Neste sector o bidueiro non é unha das especies más frecuentes, localizándose nos vales.

A influencia mediterránea é notable, aparecendo especies como o loureiro (*Laurus nobilis*), o érbedo (*Arbutus unedo*), a rubia (*Rubia peregrina*), o trobisco (*Daphne gnidium*), a xesta mansa (*Osyris alba*) o a xilardeira (*Ruscus aculeatus*). Nas zonas más baixas nos vales dos ríos incorpórarse a sobreira (*Quercus suber*), na subasociación *quercetosum suberis*. Nas ribeiras dos cursos de auga as ripisilvas ou bosques de ribeira a especie más representada son os ameneiros (*Alnus glutinosa*), neste sector son tamén frecuentes o sanguiño (*Frangula alnus*), o salgueiro común (*Salix atrocinerea*) e o sabugueiro (*Sambucus nigra*). No estrato herbáceo, de cobertura elevada, abundan os xeófitos, moitos fieitos entre eles.

A vexetación actual no xacemento e os seus arredores está moi alterada e é predominantemente producto da repoboación con especies foráneas, como *Pinus pinaster*, e arbustos relacionados coa degradación da cuberta arbustiva, heliófilas e colonizadoras como *Genista* sp., *Ulex europaeus*, *Rubus* sp., *Hedera helix*, e herbáceas.

#### 4. Material analizado e resultados

O conxunto de mostras de carbón analizadas foron documentadas no sector 02 durante as campañas de escavación dos anos 2005 e 2006, en dous contextos estratigráficos e cronolóxicos ben definidos e coetáneos, correspondentes á Fase II da Cultura Castrexa, entre os séculos IV-II a.C.

- Recheo do interior de dous foxos que definen a entrada SE do recinto (Foxo 01 e 02). Entre os depósitos destaca un concheiro no Foxo 01, con depósitos de recheo ós que se vinculan a maior parte dos carbóns analizados.
- Foxas de almacenamento practicadas no xabre e vencelladas coa entrada SE ao recinto superior do Castro Grande.

Ademais dos fragmentos de carbón recuperados nestas estructuras arqueolóxicas, analizouse tamén unha peza de madeira mineralizada recuperada do interior dun regatón de bronce (PZNEI04/J001) recuperado no recheo do foxo 02 na campaña de 2006. Esta peza apareceu en relación cunha fibula de longo travesaño sen espira nun contexto dos séculos IV-II a. C.



**Figura 2.** Imaxe do corte transversal do fragmento de madeira mineralizada conservado no interior do regatón de bronce.

O bó estado de conservación da madeira permitiu a identificación da mesmo mediante a realización de dous cortes cunha coitelha. Estos cortes facilitaron a observación dos diferentes caracteres anatómicos no plano transversal e do lonxitudinal tanxencial, o que permitiu determinar que o fragmento analizado se correspondía cun pequeno anaco de madeira de carballo (*Quercus* sp. *caducifolio*). O traballo da madeira desta especie é habitual dende a Prehistoria en toda Europa, en primeiro lugar porque é abundante no entorno dende a expansión de *Quercus* a partir do 10.000 BP co óptimo climático e ademais polas propias características desta madeira, moi resistente, que admite ben o pulimento, etc. Existen referencias a fragmentos de madeira de carballo con sinais de ter sido traballados no castro de Cortegada

(Silleda, Pontevedra), Castrovite (A Estrada, Pontevedra), Navás (Nigrán, Pontevedra) e Castrolandín (Cuntis, Pontevedra).



**Figura 3.** Detalle do plano transversal do fragmento de madeira mineralizada, no que se pode observar o anel de crecimiento poroso, no que se aprecian os vasos do leño xove de grandes dimensíons, e cómo os vasos adoptan unha disposición dendrítica.


A conservación de pequenos fragmentos de ben madeira mineralizada ben de carbón con evidencias de ter sido traballadas permite obter datos referentes á utilización de determinadas especies para a confección de artefactos en madeira, polo que permite contrastar a existencia dunha selección de determinados taxóns polas súas cualidades, fundamentalmente a flexibilidade, a tenacidade, a resistencia á putrefacción, etc. No Noroeste aínda non temos moitas referencias pero sí podemos observar algunas características xerais como a utilización de *Corylus avellana* cando é preciso que o artefacto realizado sexa flexible ou de *Quercus* sp. caducifolio cando o que se pretende é obter un obxecto tenaz e resistente.

Con respecto ás mostras de carbón analizadas, éstas foron recollidas individualmente a man durante a campaña de escavación. Este método de recollida é o más habitual nas intervencións arqueolóxicas pero sen embargo condiciona os resultados das analíticas arqueobotánicas, xa que existe unha selección en campo únicamente dos carbóns de maiores dimensíons, excluíndose da mostra os fragmentos menores. Esto provoca unha sobrerepresentación de especies arbóreas fronte ás arbustivas, ou daquelas especies que producen uns carbóns de maiores dimensíons ou que son máis resistentes á fragmentación. Condiciona tamén a recollida daqueles carbóns mellor conservados, fronte a aqueles que aparecen dispersos no xacemento, más rodados e pequenos, pero que ofrecen unha gran variabilidade de especies xa que representan ás diferentes especies leñosas explotadas durante a ocupación do asentamento.

Neste senso, son moi interesantes os carbóns recuperados do foxo, polas peculiares características deposicionais dos sedimentos que colmatan desta estructura, xa que ademáis de ser un elemento delimitador do poboado convírtense co tempo nun lugar no que son depositados os residuos producidos

polas actividades productivas dos habitantes do castro. A interpretación dos diferentes depósitos de recheo do foxo como unha colmatación intencional e rápida do mesmo poderían estar determinando tamén a escasa variabilidade da mostra por representar unha secuencia temporal limitada e polo tanto os residuos da combustión dun periodo de tempo limitado.

A partir da análise antracolólica dos carbóns recuperados durante as campañas dos anos 2005 e 2006 identifícaronse un número moi limitado de taxóns, catro en total, aínda que están representadas especies tanto do estrato arbóreo como do arbustivo: *Quercus* sp caducifolio e cf. *Castanea sativa* correspondentes co estrato arbóreo, e *Fabaceae* e *Maloideae* co estrato arbustivo.




**Gráfica 6.** Distribución por especies dos fragmentos identificados

TAXÓN	F RAGS.
<i>Quercus</i> sp caducifolio	78
<i>Maloideae</i>	10
<i>Fabaceae</i>	6
<i>Cf. Castanea sativa</i>	15
cf. <i>Quercus</i> sp	1
Indeterminable	1
<b>TOTAL</b>	<b>97</b>

**Táboa 3.** Taxóns determinados e fragmentos totais analizados durante as campañas do 2005 e 2006.


En xeral analizáronse entre 1 e 27 fragmentos por unidade estratigráfica, unicamente da UE038 puidérонse estudiar unha cantidade representativa de fragmentos, 50 en total. A UE038 era un depósito de terra marrón escura, de compactación baixa, con cunchas de ameixa e navalla, pedras de xisto e abundantes carbóns que recheaba o Foxo01. A pesar da baixa cantidade de efectivos analizados son significativas as asociacións de especies como *Quercus* sp. caducifolio con *Fabaceae* e *Maloideae*, algo habitual en xacementos da Idade do Ferro nos que as secuencias antracolóxicas amosan a combinación recurrente entre madeiras de árbores e arbustos, unha tendencia que se repite especialmente en relación entre *Quercus* sp caducifolio e *Fabaceae*.



**Gráfica 7.** Distribución dos taxóns nas diferentes unidades estratigráficas.

A aparición convulta de *Fabaceae* e *Quercus* sp. caducifolio ben sendo constatada en diversas análises antracoloxicas realizadas no Norte de Portugal e en Galicia, dende o Calcolítico á Idade do Ferro (Figueiral, Bettencourt, 2004). Esta combinación de especies ten sido relacionada coa importante presencia de *Quercus* sp. caducifolio, especie dominante nas secuencias polínicas da Prehistoria e Protohistoria do Noroeste, e cunha extensión das fabáceas que podería ser un efecto colateral da limpeza do bosque, xa que o terreo limpado e/ou abandoado é rapidamente colonizado por arbustos pioneiros, que protexen os solos da erosión, e fixan coas súas raíces o nitróxeno á terra favorecendo a recuperación do bosque.

Un dos problemas no momento de abordar o estudio da extensión das fabáceas é que son especies entomófilas e non producen moito pole polo que están infrarrepresentadas na secuencia polínica. As fabáceas foron probablemente utilizadas como fonte de combustible, forraxe, cama para os animais e como fertilizante para a agricultura e incluso como material constructivo. Figueiral e Bettencourt (2004) sinalan que a importancia de *Quercus* sp. caducifolio e *Fabaceae* no rexistro antracoloxico está relacionado coa importante presencia desta especie nos arredores dos asentamentos e cunha xestión dos recursos leñosos comparable entre diferentes comunidades que utilizan unha variedade similar de combustibles.



**Figura 4.** Detalle do plano transversal de cf. *Castanea sativa* onde se observa a porosidade no anel, coa transición dende os vasos do leño tardío de pequenas dimensións e os grandes correspondentes co leño xove.

A determinación antracoloxica de castiñeiro conleva certas dificultades xa que a estructura anatómica de *Castanea sativa* e a de *Quercus* sp. caducifolio é totalmente similar, a excepción dos radios, mentres que *Quercus* presenta uns radios uniseriados e outros multiseriados que poden chegar a medir incluso varios milímetros de altura. No castiñeiro só aparecen radios uniseriados e ocasionalmente aparecen bi ou triseriados aínda que non é habitual. A determinación de *Castanea* é complicada no caso de que o fragmento analizado sexa de pequenas dimensións, xa que un fragmento interradial de *Quercus* presentaría a súa mesma morfoloxía. No caso do Castro de Neixón analizáronse 15

fragmentos de entre 0,5 e 1 cm, con aristas vivas e fracturas recentes polo que probablemente todos formaran parte dun único fragmento, en tódolos casos analizados os radios son uniseriados polo que moi probablemente todos estos fragmentos se correspondan con *Castanea*.



**Figura 5.** Imaxe do corte lonxitudinal tanxencial de cf. *Castanea sativa* no que se observa a existencia de radios uniseriados, e os biseriados que aparecen ocasionalmente.

## 5. Paisaxe e xestión do entorno

A partir da análise antracolóxica podemos obter unha imaxe parcial da vexetación que rodeaba o asentamento do Castro Grande de Neixón, os restos antracolóxicos son restos antrópicos e non naturais, o que provoca a existencia dunha distorsión na imaxe que ofrecen da paisaxe no pasado, xa que aparecen só representadas as especies arbóreas e arbustivas que foron explotadas polos habitantes dos asentamentos para obter combustibles ou ben para confeccionar estruturas e artefactos en madeira, son froito polo tanto dunha selección previa das especies.

As análises polínicas para o período Subatlántico en Galicia sinalan como taxón arbóreo mellor representado o *Quercus*, e a relación entre pole arbóreo e non arbóreo presenta varias oscilacións ó longo deste período, determinadas pola caída do pole arbóreo, que se producen entre o 2685-2605 BP, o 2590-2450 BP e o 2380-2070 BP, tendo lugar un forte descenso cara o 1510 BP. Estas pulsacións non tiveron a mesma intensidade en todo o territorio (Aira, 1996). As modificacións na cuberta vexetal pódense deber en liñas xerais a dous tipos de factores: climáticos debidos a presións naturais, ou humanos provocadas pola acción do home sobre o medio. Precisamente as primeiras accións do home sobre o entorno vexetal estarían vinculadas directamente co uso do lume como deforestador e fertilizador de terras que posteriormente serían dedicadas a actividades agrícolas e gandeiras (Figueiral, 1994).

Os resultados da análise amosan unha clara preferencia pola madeira de carballo, sendo probablemente *Quercus* sp caducifolio tamén a especie máis abundante no entorno, aínda que ten unha importante representación o estrato arbustivo, coas fabáceas e as maloideas. A familia das *Maloideae* agrupa a varios taxóns que non poden ser diferenciados en base á súa estructura anatómica, xeralmente no Noroeste correspóndense con *Sorbus-Crataegus*: o capudre (*Sorbus aucuparia*), a sorveira (*Sorbus torminalis*), a raña (*Sorbus aria*), ou o espiño

albar (*Crataegus monogyna*). Estos arbustos aparecen asociados a formacións degradadas de caducifolios, nas zonas marxinais ou nos claros. O uso deste taxón é determinado de forma recurrente nas análises antracoloxicas realizadas tanto en xacementos da Idade do Ferro como en periodos anteriores, asociado normalmente coas fabáceas e o carballo. A das fabáceas é unha das familias más amplas do reino vexetal, aínda que os restos leñosos que habitualmente son determinados carbonizados nos xacementos do Noroeste peninsular correspóndense con xestas e piornos (*Cytisus* sp, *Genista* sp, *Osyris* sp.) e toxos (*Ulex* sp), plantas heliófilas e colonizadoras que ocupan principalmente zonas degradadas de bosque, ben afectadas pola existencia de incendios puntuais, ben pola degradación provocada pola actividade gandeira.




**Figura 6.** Detalle dunha ramiña de espiño albar (*Crataegus monogyna*) coas follas e o froito.

*Castanea sativa* é unha especie arbórea autóctona pero cunha presencia moi importante cara o cambio de era debido ás prácticas de silvicultura romana que favorecen a súa extensión mediante o cultivo desta árbore para a explotación do seu froito e da súa madeira. A presencia desta especie está constatada en xacementos da Idade do Ferro do Noroeste en diversas secuencias polínicas (Aira, Saá, 1989). O seu cultivo foi favorecido por gregos e romanos a escala europea e tivo un importante desenvolvemento durante a Idade Media cando o seu cultivo estaba dirixido á obtención do seu froito para o autoconsumo (Conedera et alii 2004). A presencia nas secuencias polínicas de pole de *Castanea*, xunto co de *Juglans* e *Olea*, ten sido interpretado como indicador de acción antrópica, sen embargo a súa identificación pode ser natural nos refuxios temperados naturais durante as glaciacións, o Noroeste da Península sería un destes lugares, nos que a presencia de *Castanea* sería natural, aínda que sí é certo que o aumento da súa representación nas secuencias polínicas está relacionado coa acción humana.

A análise antracoloxica indica polo tanto a existencia dun bosque de caducifolios no que a especie predominante sería o carballo (*Quercus* sp caducifolio) probablemente degradado pola acción antrópica como indican a presencia de maloideas e fabáceas, e coa presencia puntual de *Castanea sativa*.


## 6. Prácticas de xestión forestal

O conxunto de carbóns estudiados permite obter datos sobre as estratexias de xestión dos recursos forestais durante os periodos de ocupación do asentamento. Para analizar este aspecto observamos a recurrencia dos diferentes taxóns nas estruturas: a aparición recurrente dun taxón indica un uso preferente dunha determinada especie.




Gráfica 8. Ubiuidade dos diferentes taxóns nas unidades estratigráficas.

Esta forma de observar a recurrencia de maneira independente da cantidade de restos, permite minimizar a sobrerepresentación puntual destos taxóns en base á cuantificación do número de fragmentos. No caso do castro de Neixón a especie que aparece más recurrentemente é *Quercus* sp caducifolio (41,2%), seguido de *Fabaceae* (23,5%) e *Maloideae* (17,6%).




Gráfica 9. Comparación entre a ubicuidade dos taxóns e o número de fragmentos.

Analizando a ubicuidade dos taxóns arbóreos (*Quercus* sp caducifolio, cf. *Castanea sativa*) en comparación dos arbustivos (*Maloideae*, *Fabaceae*) observamos que as proporcións son moi similares, a pesar de que en número de fragmentos existe unha sobrerepresentación das especies do estrato arbóreo. Como xa sinalamos anteriormente durante a ocupación do asentamento está explotándose tanto para a obtención de combustibles como para a confección de artefactos unha formación de caducifolios co carballo como árbore predominante, recorrendo á obtención de combustibles tamén ás zonas marxinais do mesmo ou ós claros existentes dentro deste bosque como indican as fabáceas e as maloideas, aparece puntualmente *Castanea* asociada a esa formación de caducifolios.




Gráfica 10. Ubiuidade e número de fragmentos de carbóns correspondentes a taxóns arbóreos e arbustivos.

A madeira e o carbón analizados están indicando ademais que o carballo é unha especie de valor fundamental para esta sociedade, xa que dela obtiñan madeira para a confección de elementos constructivos como os postes da empalizada de delimitación do Castro Grande (MU040825J02/campaña 2004), para a elaboración de artefactos (PZNEI04/J001) e como especie máis habitual e recurrentemente utilizada como combustible, soa ou combinada con especies arbustivas.



Gráfica 11. Comparación da ubicuidade e número de fragmentos entre *Quercus* sp caducifolio e o resto de taxóns determinados na análise.

Analizando os contextos arqueolóxicos de procedencia dos diferentes fragmentos de carbón estudiados o que observamos é unha certa continuidade nos depósitos dos foxos na explotación de *Quercus* sp caducifolio, *Fabaceae* e *Maloideae*, e a explotación puntual dunha especie como cf. *Castanea sativa* que se documenta na zona superior do Foxo 02.



Gráfica 12. Secuencia estratigráfica do Foxo 01, dos depósitos más recientes ós más antigos, en cor amarela aqueles dos que se analizaron carbóns.

Dos diferentes depósitos que rechean o Foxo 01, foron analizados carbóns procedentes de oito unidades estratigráficas, cinco no tramo Este e tres do extremo Norte. Neste tipo de depósitos de recheo e deposición de residuos o que se documenta habitualmente é a sucesión de diferentes combustións, de maneira que queda reflexada un maior espectro florístico que noutras estructuras arqueolóxicas como as estructuras de combustión ou as foxas. Ademais nun 50% dos casos analizados os carbóns aparecen asociados nos depósitos con cunchas e ósos, polo que probablemente sexan os restos das combustións relacionadas coas actividades domésticas de transformación e consumo de alimentos no caso de que se atopen en contexto secundario, ou ben si se atopan en posición primaria dunha combustión intencional deste tipo de restos co fin de eliminar os restos orgánicos.

## FOXO 02



Gráfica 13. Secuencia estratigráfica do Foxo 02, dos depósitos más recientes ós más antigos, en cor amarela aqueles dos que se analizaron carbóns.

Os carbóns analizados do Foxo 02 correspóndense únicamente con dúas unidades estratigráficas, a presencia de *Cf. Castanea sativa* está documentada na zona superior e polo tanto máis recente dos depósitos que colmatan o Foxo 02. Deste foxo recuperouse tamén o regatón de bronce que contiña no seu interior un fragmento de madeira de carballo. Ademais dos carbóns vinculados ás dúas foxas, no interior dunha foxa de almacenaxe determináronse un total de 27 fragmentos de carbón, correspondentes a *Quercus sp caducifolio* (96,2%) e a *Fabaceae* (3,8%).

A determinación de *Castanea* é interesante porque a súa extensión a partir da Idade do Ferro está ligada á acción antrópica, o home favorece a súa expansión co fin de explotar os recursos que ofrece: a súa madeira ten múltiples usos, como combustible dos fogares non é moi apreciada, sen embargo sí era utilizada para a fabricación de carbón, e para a realización de diferentes elementos constructivos tanto interiores como exteriores; Aproveitanse tamén os seus froitos para a alimentación humana, con ou sen procesamento previo.

## 7. Síntese dos resultados

A información paleoambiental obtida a partir da análise antracolólica permite documentar a existencia dun bosque de caducifolios, probablemente co carballo como especie dominante, e con presencia tamén de *Castanea sativa*. A presencia de *Fabaceae* indica a degradación do bosque e as maloideas indican a existencia de claros na formación boscosa.

Os datos sobre a explotación das especies leñosas indican a importancia de *Quercus sp caducifolio* como combustible, e como madeira para a confección de artefactos e para a construcción de elementos estructurais. Normalmente asociado a especies arbustivas como *Fabaceae* e *Maloideae*.

Os datos sobre a xestión do entorno sinalan a explotación do bosque de caducifolios e das zonas de claros asociadas a este bosque (*Maloideae*) e de zonas marxinais e degradadas (*Fabaceae*). Non hai evidencias da explotación do bosque de ribeira como adoita ser habitual noutros xacementos desta cronoloxía.

## **ACTUACIÓN 6: DATACIÓNS RADIOCARBÓNICAS E ANÁLISES ANTRACOLÓXICAS**

No inventario de materiais recollemos as mostras antracolóxicas seleccionadas nesta campaña de 2007 para levar a cabo análises antracolóxicas e radiométricas. Esta investigación non puido levarse a cabo pola falla de presuposto e os impagos do Excmo. Concello de Boiro.

## ACTUACIÓN 9: ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA

### 1. Escavación arqueolóxica: ampliación dos sectores 01 e 02

Como apuntabamos no proxecto arqueolóxico previo, nesta campaña de 2007, centramos a nosa intervención nos seguintes sectores, como traballo vencellado directamente aos labores de consolidación e posta en valor conseguintes:

3. **Ampliación cara ao W do sector 01:** coa finalidade de contextualizar mellor as construcións exhumadas en 2003 e 2004, para a súa posta en valor, escavamos 7 cuadrículas de 4 x 4 m, correspondentes ás UR2298, UR2299, UR2198, UR2199, UR2099, UR1902 e UR2002. En total a superficie da área intervista abrangue uns 112 m<sup>2</sup>
4. **Ampliación cara ao S do sector 02:** coa finalidade de exhuma-la continuación do tramo de foxo 02 con vistas á súa posta en valor, escavamos as seguintes UR, acadando unha superficie total de 368 m<sup>2</sup>: UR821, UR822, UR823, UR824, UR825, UR826, UR921, UR922, UR923, UR924, UR925, UR926, UR1021, UR1022, UR1023, UR1024, UR1025, UR1026, UR1122, UR1123, UR1124, UR1125 e UR1126.

#### 1.1. Sector 01

As escavacións desenvoltas nesta zona do interior da croa nas campañas de 2003, 2004 e 2006 permiten caracterizar nidiamente a evolución deste espazo arqueolóxico, moi alterado por afeccións recentes [Lámina 11]. Na metade S do sector conservamos restos do nivel prerromano de ocupación (2<sup>a</sup> Idade do Ferro) sobre o que se ergueu o parapeto que cingue a croa, cun muro de contención de cachotería a base de blocos de xisto. Contra esta estrutura e sobre o nivel antigo dispónense os restos dunha construcción oval de cachotería, cun muro anexo, que apareceu cuberto por un derrubo de considerable entidade. Este depósito está formado polos restos de estructura arquitectónicas totalmente esborralladas pola acción de maquinaria moderna. Este nivel de uso se correponde a época romana, con abundante material do cambio de era (ánfora *Haltern 70*, *Dressel 2-4*, cerámica común romana, sigillata de Tricio) e tamén restos significativos de época baixoimperial (sigillatas hispánicas tardías). Tamén se documentan diferentes elementos do enxoaval doméstico, como anacos de *catillus*, muíños circulares, material lítico, fusaiolas, etc...

Nesta campaña, ao longo do mes de xullo de 2007, procedeuse á limpeza do sector 01 e a escavación das UR sobre o parapeto. Como en anos anteriores, a eliminación da capa vexetal permitiu documentar abundante material contemporáneo adscribible aos depósitos de recheo que conforman o verquedoiro de lixo alí asentado nos anos 70 e 80. Por debaixo do horizonte vexetal aparece

directamente o parapeto defensivo e, contra el, cachotes que forman parte do grande depósito de pedras de xisto documentado en campañas precedentes, seguindo a liña da pendente, en dirección NE-SW. Neste depósito removido rexistramos un anaco de Cerámica Sigillata, unha meta de muíño circular, fragmentos de muíños barquiformes, abundante tégula e material anfórico.



**Figura 7.** Nova casa circular documentada no sector 01

Nas UR 2198, 2298, 2299 e 2199 documentamos os restos doutra estructura de carácter doméstico correspondente a outra **vivienda circular (UENEI05026)**. Consérvanse dous tercios da pranta do edificio, moi alterado polas afeccións recentes. Non obstante, na súa cara W conserva até sete fiadas horizontais, realizadas con grandes blocos de xisto e pequeño cachote. Nesta zona apoiase no parapeto e os extremos afíncanse xa na rocha nai. O tramo de muro mellor conservado acada os 60 cm de alto, presentando unha anchura media de 40 cm. Consérvase o van da porta no que apareceu fincada unha pedra, correspondente á soleira da vivenda.



**Figura 8.** Detalle do muro W da casa circular

No interior desta construcción documentamos restos do nivel de ocupación, correspondentes a un depósito de terra parduzca, de compactación media e gran fino, con pedras de xisto de mediano tamaño, cunhas dimensións de 5.70 m (eixo N-S) e 3.15 (eixo E-W). Asemade conserváronse anacos do pavimento da cabana (UENEI05032 e UENEI05033), de xabre apisonado de cor amarelenta. Por debaixo rexistramos un depósito de acondicionamento do terreo para asentar o pavimento antedito (UENEI05040).

Cortando a estrutura localizamos o enterramento dun animal (probablemente un pequeno porco). Trátase dun depósito intencional xa que o esqueleto aparece dentro dunha pequena foxa, selada por un conxunto de pedras entre as que destacan dous pelouros de granito pulido. A solería orixinal da vivenda foi reutilizada como estela sinalizadora da tumba. O esqueleto conservouse intacto e foi retirado compelto co gallo de abordar análises paloentolóxicas e radiocarbónicas. Como material asociado a esta vivenda aparece abundante tégula (algunha delas con decoración a abse de dixitacións) e ánfora *Haltern 70*, se ben tamén aparecen, remexidos, anacos de cerámicas da Fase III do castrexo (bordos gallonados, reforzados tipo Vigo).



**Figura 9.** Enterramento dun suído na casa circular.  
A soleira da porta foi reaproveitada como estela.

No exterior da vivenda exhumamos en pranta un tramo de muro sobre o parapeto da 2<sup>a</sup> Idade do Ferro que sería coetáneo daquela (UENEI05053). Este muro está realizado a base de rochas de xisto colocadas sobre o parapeto nas UR1197 e 1297. Cunha orientación N-S aparece bastante esborrallado de xeito que no extremo S só se conserva unha fiada, e nalgún tramo incluso esa fiada desaparece. No seu extremo N, coincidindo coa zona de maior potencia de solo se conservan até 3 fiadas. O tramo conservado ten unha lonxitude de 4.62 m e unha

anchura que devala entre os 43 e 45 cm. Aparecen tódalas pedras careadas polo lado E, e polo W aparece integrado no parapeto. Entre este muro e o muro da vivenda documentouse un depósito de queimado (UENEI05031) con abundantes carbóns, material anfórico e cerámica castrexa. Este depósito apoiase directamente sobre o xabre.



**Figura 10. Muro sobre o parapeto (UE053) e exterior da vivenda circular (UE026)**

No exterior da cara NW da vivenda documentouse unha interesante secuencia estratigráfica que semella amosar a posible existencia doutro acceso ao interior do recinto superior do Castro Grande:

- UENEI05029: depósito de pedras de xisto de mediano tamaño que aparece nas UR2198 e 2298. De forma alongada no eixo N-S ten unhas dimensións de 5.70 m e 1.60 m (eixo E-W).
- UENEI05037: ao carón do derrubo anterior, debaixo da capa vexetal, documentouse un depósito de terra parda, de compactación media con pedras de pequeno tamaño, cunhas dimensión sde 5.70 m (eixo E-W) e 2.81 (eixo N-S). Recolléronse abundantes anacos de ánfora *Dressel 7-11* e *Haltern 70*.
- UENEI05042: debaixo da anterior UE dispónse este depósito de pedras de xisto de grande tamaño, con abundante material anfórico romano. Ten unhas dimensións en planta de 4.20 m (eixo N-S) e 3.30 m (eixo E-W).
- UENEI05044: debaixo da anterior UE localizouse este depósito de pedras de xisto vencelladas a un bloque de pegmatita ubicado na UR2297. Ten unhas dimensións de 1.43 m (eixo N-S) e 1.83 (eixo E-W).

Estes depósitos vencéllanse ao derrubo do muro de cachotería da vivenda circular, esprazado cara ao W e mailo parapeto pola afección sufrido nos anos 80 co emprego de maquinaria. Debaixo de todo este cascallo documéntase contra o perfil W da UR2297 un depósito de terra (UENEI05045) de cor clara de

compactación baixa cunhas dimensíons de 1.73 m (eixo N-S) e 6.52 (eixo E-W). Entre o muro circular, o depósito antedito e o bloque de pegmatita dispouse un depósito de terra moi compactada, de cor amarelenta (UENEI05052), cunhas dimensíons de 3.90 m (eixo N-S) e de 2.15 m (eixo E-W). Trátase dun pavimento vencellado cun posible acceso ao interior do recinto superior do Castro Grande, se ben esta hipótese non pode ser contrastada xa que cómpre amplia-la escavación cara ao W. Por debaixo esténdese un pequeno depósito de terra amarelenta (UENEI05059) que cobre un grande depósito de terra marrón escura con pedras de xisto de mediano tamaño (UENEI05063).



Figura 11. Final de escavación na esquina NW do sector 01

A escavación desta zona puxo de manifesto a natureza antrópica do bloque de pegmatita, xa que non se trata dun afloramento senón dunha pedra tallada e fincada, documentándose na súa base unha foxa escavada no xabre (UENEI05078), de forma ovoide e unhas dimensíons en pranta de 90 x 60 cm cm, rechea por unha terra de natureza arxilosa (UENEI05077).

Asemade, tamén se procedeu á finalización da excavación da **foxas UENEI04002** (UR 2301 e 2302) que quedara pendente do ano pasado. Presenta as mesmas características cás foxas do sector 02 e volve evidenciar un primeiro nivel de uso do recinto superior do Castro Grande como espazo de almacenaxe na 2<sup>a</sup> idade do Ferro. A súa morfoloxía é moi semellante ás anteriores: de forma globular, aínda conserva algúns pegotes do revestimento interno de arxila; no seu interior documentamos cerámica íbero-púnica, destacando a ása dun askós ibicenco e o bordo enteiro dunha peza idéntica á xerra (PZNEI04/a001619) documentada nunha foxa do sector 02 na campaña 2006, con paralelos en Cerdeña, Córcega, sur peninsular e fachada atlántica (A Lanzada e Baroña).



**Figura 12.** Foxa da 2<sup>a</sup> Idade do Ferro con revestimento de arxila interior

Esta foxa é coetánea a outras estruturas escavadas no xabre documentadas na metade S do sector 01, correspondéndose todas ao primeiro nivel de ocupación do recinto superior do Castro Grande. A este respecto documentáronse seis buratos de poste (UENEI05070, 71, 72, 73, 75 e 76), algúns deles de considerables dimensións, pertencentes a unha estructura ergueita con materiais perecedoiros que debe continuar por ebaixo do parapeto, cara ao W. Vencellada a estes buratos de poste escavouse unha pequena foxa **de forma ovoide (UENEI05074)**, de 96 cm de ancho na boca (eixo E-W) e 88 cm (eixo N-S). As paredes son relativamente rectas e presenta un pequeno buzamento cara á base do corte. A parede máis alta é a E con 30 cm e a menos fonda ten 14 cm no lado W. O fondo é bastante plano, cun pequeno afundimento cara á parede W. En xeral presenta un leve buzamento cara ao E. O fondo ten un diámetro (eixo N-S) de 81 cm (eixo E-W). A foxa estaba rechea por dous depósitos sucesivos. O primeiro (UENEI05068) é unha terra de cor marrón escura, de compactación media, granulometría fina con abundantes carbóns. Recolleuse un muiño barquiforme apoiado contara a parede N da foxa e anacos de cerámica castrexo. Por debaixo rexistrouse outro depósito (UENEI05069) de natureza arxilosa, moi compactado e de grande plasticidade, no que se documentaron algúns anacos de cerámica lisa.



**Figura 13.** Foxa UE074 con muíño barquiforme no interior

Con esta intervención esgotamos os niveis arqueolóxicos do sector 01, chegando ao sustrato natural en todo o espazo intervido, polo que se abordou a continuación o proxecto de consolidación e posta en valor desta zona do xacemento do Castro Grande de Neixón.



**Figura 14.** Foxa e buratos de poste escavados no xabre. Sector 01.

#### 1.1.1. Gabia valorativa

A escavación da ampliación do sector 01 permitiu completa-la secuencia estratigráfica da zona, definíndose perfectamente o primeiro nivel de ocupación do recinto superior do Castro Grande. A este respecto consideramos convinte praticar unha gabia valorativa en sentido E-W para aclarala conformación do sistema defensivo nesta zona do castro e contar cun perfil transversal no que se reflectise ben o depósito de cunchas que se estende por debaixo do parapeto [Lámina 12].

Neste senso, os perfís documentados amosan un primeiro nivel de ocupación do asentamento (UENEI05048) correspondente coa UENEI02032 de anos anteriores. Nesa etapa o recinto non estaba amurallado; por riba documéntase un concheiro (UENEI05050). Nun momento posterior á utilización deste verquedoiro (con abundante ostra) érguese o parapeto de cachote e xabre (UENEI02003).



**Figura 15.** Perfil N do foxo documentado na gabia valorativa. Sector 01

Pola súa vez, nesta gabia valorativa documentouse a existenza dun **novo tramo de foxo**, cingundo esta zona do recinto superior do Castro Grande. O corte do foxo (UENEI05060) está escavado no sustrato rocoso e presenta unha sección en V, desvirtuada por un abombamento na base da parede W. Ten unha anchura na cota superior de 1.30 m e 10 cm na base. A parede W cae prácticamente recta até chegar ao rechán antedito (aos 90 cm de profundidade) amosándose o xabre cun ton amarelento-verdoso. Na parede E a rocha está más fragmentada. A profundidade máxima é de 1.10. No interior documentamos a seguinte secuencia estratigráfica:

- UENEI05047: depósito de bloques de xisto de pequeno e mediano tamaño. O depósito acada os 50 cm de profundidade, cunha anchura de 1.20 m na cota superior e de 90 cm na cota inferior. Recollérionse anacos de cerámica estampillada, ánfora Haltern 70 e un fragmento de cerámica púnica. Trátase dun claro recheo intencional do foxo.
- UENEI05056: depósito de terra de cor marrón escura, granulometría media e compactación baixa, cunha anchura de 90 cm na cota superior e unha potencia de 60 cm, amoldándose á forma do corte do foxo. Documentouse unha man de moer e cerámica castrexia.
- UENEI05057: pequeno depósito de terra negra moi orgánica que aparece contra a parede E do foxo, na base, e que se mete nos perfís da gabia. Presenta un buzamwento cara ao W, identificándose un tramo de 20 cm de longo e 8 cm de potencia. Aparecen restos de cunchas

carbóns, cerámica de pastas negras, un bordo recto tipo Neixón Pequeno e abundantes ósos, destacando a presenza devariso exemplares de molares, probablemente de herbívoro.



**Figura 16.** Detalle do tramo final da gavia valorativa. Vista ao SW.

## 1.2. Sector 02

### 1.2.1. Remate da excavación das foxas da 2ª Idade do Ferro

Procedeuse á limpeza total do sector 02 e ao remate da excavación de dúas foxas que quedarán pendentes da campaña 2006 [Lámina 4]. Estas foxas comparten as mesmas características cás anteriores documentándose un anaco de ferro e cerámica da Fase II do castrexo (anacos de xerras Toralla, ólas Toralla e ólas de bordo arestado) destacando a presenza de pequenos anacos de cerámica íbero-púnica.



**Figura 17.** Foxas da 2<sup>a</sup> Idade do Ferro. Vista ao S

Trala escavación destas dúas foxas elaborouse unha nova planimetría de todo o sector (en fase de sistematización) e tomáronse coa estación topográfica os contornos superiores e inferiores, así como as seccións e perfís de tódalas estruturas.



**Figura 18.** Vista cenital das foxas da 2<sup>a</sup> idade do Ferro

Finalizadas estas tarefas de documentación porcedeuse ao rexistro gráfico con fotografía dixital dende unha grúa que acadaba o 12 m de altura. Estas fotografías empregaránse como material gráfico na sinaléctica que explicará a evolución desta zona do castro.



**Figura 19.** Vista cenital das foxas e do muro de contención do parapeto

Pola súa vez procedeuse á escavación do tramo de muro de contención do parapeto que quedara pendente do ano pasado, localizándose a fiada horixinal que conformaba o alicerce da estrutura, erguida sobre o nivel prerromano UENEI02032 que selaba o conxunto de foxas. Aquí foi localizado oa anco de aríbalos púnico.



**Figura 20.** Tramo orixinal do muro do muro de contención do parapeto

### 1.2.2. Escavación do novo tramo de foxo 01 cara ao SW

A campaña de 2006 permitiu remata-la escavación do amplio espazo configurado polo acceso SE ao interior do recinto superior de O Castro Grande de Neixón. Este sector 02 abrangue un espazo de notable monumentalidade e conforma a área na que cómpre concentra-los esforzos para xerar un recurso visitable nesta zona da

Punta de Neixón. Neste senso, o obxectivo deste proxecto de 2007 céntrase na consolidación e posta en valor de todo este sistema de acceso, polo que unicamente se abordou unha ampliación cara ao S da escavación do sector 02. Así pois, plantexámo-la apertura das seguintes UR, acadando unha superficie total de 368 m<sup>2</sup>: UR821, UR822, UR823, UR824, UR825, UR826, UR921, UR922, UR923, UR924, UR925, UR926, UR1021, UR1022, UR1023, UR1024, UR1025, UR1026, UR1122, UR1123, UR1124, UR1125 e UR1126 [Lámmina 5].



**Figura 21.** Ampliación cara ao S do tramo de foxo. Perfil da UR1224.

Esta intervención permitiu exhuma-la continuación cara ao SW do tramo de foxo 01. Malia a notable extensión deste área, este feito non condicionou o desenvolvemento dos traballos, xa que se efectuaron con rapidez, ao consistir no decapado do horizonte vexetal. A eliminación da capa vexetal permitiu definir en pranta o trazado do foxo e clarificar o seu contorno inmediato, non documentándose máis estruturas en negativa nin outros elementos vincellados ao sistema defensivo.

Tras esta primeira fase de decapado, definiuse en pranta o novo tramo de foxo nas UR 1125 e 1225 e deuse paso á escavación manual dos depósitos de recheo, ben caracterizados nesta zona pola escavación de 2004 e 2005. O primeiro depósito de recheo continúa sendo a UENEI02040, depósito no que en anos precedentes se documentara un verquedoiro cerámico. Neste nivel de recheo puidemos documentar un cacharro cerámico enteiro e algunas escouras de ferro como achado más salientable.



**Figura 22.** Escavación do novo tramo de foxo.

Por debaixo da UENEI02040 esténdese a UENEI05011, un depósito de terra marrón escura con pedras. A terra é marrón escura, de granulometría media, medianamente compactada. No interior aparecen bastantes pedras de xisto de diverso tamaño. Ten un importante buzamento ao L e a súa forma é cóncava, adoptando a forma do foxo. Trala súa retirada documentamos outro depósito de terra (UENEI05019) de terra roxiza de compactación baixa, de aspecto areoso no que se recollerón escouras de forxa.

A partir desta cota os materiais arqueolóxicos deixan de aparecer, documentándose únicamente un conxunto de pequenos anacos de madeiras carbonizadas, que foron exhumados e gardados para enceta-las pertinentes análises antracolóxicas.



**Figura 23.** Detalle dunha das madeiras carbonizadas no interior do foxo

Por debaixo da UENEI05011 rexistramos a UENEI05020, un depósito de terra xabrenta de cora marelenta, bastante compactada, de granulometría mediae aspecto areoso. Presenta un buzamento moi acusado cara ao N. Non aparece material. Os seguintes depósitos de recheo non forneceron ningún tipo de material (UE021, UE022, UE023).

A escavación minuciosa deste tramo de foxo, que se corresponde coa curvatura da estructura para conuir o paerapeto do Castro Grande, permitiu valorar a súa potencialidade arqueolóxica con vistas ao deseño dunha estratexia axeitada para a súa posta en valor. Agás a UENEI02040, na que se documentaba abundante material cerámico, os depósitos de recheo da base do foxo non aportaban materiais de naturaza arqueolóxica, polo que decidimos continua-la ampliación cara o SW e exhumar en pranta a continuación do foxo até o camiño que cruza o Castro Grande de N a S.




**Figura 24.** Traballos de excavación da ampliación cara ao S. Exhumación en pranta do novo tramo de foxo

A escavación neste novo tramo da UENEI02040 forneceu un novo verquedoiro cerámico formado fundamentalmente por xerras tipo Toralla, profusamente decoradas, ólas Toralla, ólas de bordo arrestado e bordo marítimo tipo Cíes e algúns anacos de cerámica púnica. Destaca a presenza dun tipo de cacharro, con pico verquedor e orellas, que semella fornecer unha nova tipoloxía paera a cerámica castrexa das Rías Baixas, xa que non se corresponde coa coñecida como peza singular tipo Recarea.



**Figura 25.** Detalle do verquedoiro cerámico da UENEI02040

Trala escavación da UENEI02040 non se documentaron máis achados de materiais arqueolóxicos, polo que aproveitamos a escava-lo interior do novo tramo de foxo seguindo o buzamento dos depósitos de recheo, conformando unha sorte de rampa que pode servir de base para poñer en práctica a nosa proposta de posta en valor deste tramo de sistema defensivo.



**Figura 26.** Perfil estratigráfico do recheo do foxo 01



**Figura 27.** Vista cara ao NE do novo tramo de foxo exhumado



**Figura 28.** Vista cara ao SW do novo tramo de foxo exhumado

## 2. Estudos e analíticas complementarias

A partir dos traballos de sistematización e procesado básico levados a cabo paralelamente ao desenvolvimento da escavación, estánse xa realizando os seguintes procesos de análises e estudos complementarios para conformala memoria definitiva do proxecto.

### 2.1.1. Mostras para C-14

Seleccionamos un conxunto amplio de mostras radiocarbónicas de entre aquelas que foron tomadas en contextos claros e con abondosa materia orgánica (véxase inventario de materiais. Neste senso, tentaremos definir, fundamentalmente, os períodos nos que tiveron lugar as actividades construtivas do sistema defensivo, os procesos de amortización dos foxos e o uso das estruturas en negativo documentadas tanto no sector 01 coma no sector 02. Deste xeito conseguiremos aborda-la cronoloxía da orixe e primeiras fases de ocupación do poboado ao longo da 2<sup>a</sup> Idade do Ferro, e contrastar así a cronoloxía relativa fornecida polos materiais arqueolóxicos exhumados no contexto pechado do cuncheiro e mailo vertedoiro cerámico. As muestras seleccionadas, non puideron ser analisadas pola falla de presupostos e o impago do Excmo. Concello de Boiro.

### 2.1.2. Análise de restos malacolóxicos

O equipo dirixido por Carlos Fernández Rodríguez da Universidade de León continuará co estudio integral das muestras malacolóxicas do Castro Grande de Neixón procedentes das campañas de 2004, 2005 e 2006, incluíndo os rexistros novos documentados este ano (véxase inventario de materiais).

### 2.1.3. Análises faunísticas

O estudo dos restos óseos recuperados durante os traballos arqueolóxicos desenvoltos durante o ano 2004 no seo do foxo 01 (Fernández Rodríguez 2005) permitiu documenta-la presenza na parte de cuncheiro escavada de cinco especies de macromamíferos domésticos (considerando que tanto *Ovis* coma *Capra* poidan estaren presentes). Documentáronse dous exemplares de gando vacún (o grupo mellor representado na serie estudada, sendo tan só superado polos restos dun can), dúas pezas correspondentes a denticións de ovicápridos e restos dun suído macho, sen que se puidese identificar coa especie silvestre (*Sus scrofa*), e nove restos dun exemplar de *Canis Familiaris* que non parece ter sido consumido, como se constata de forma habitual con respecto a esta especie nos xacementos deste período do noroeste (Fernández Rodríguez 1996, 2003).

Esta mostra complétase cos restos óseos exhumados en 2005 (xa publicados), cos restos atopados na campaña de 2006 no interior do tramo de foxo 02 e nunha das foxas de almacenamento, e coas evidencias rexistradas nesta campaña de 2007, que foron estudiadas baixo a dirección do Prof. Dr. Carlos Fernández Rodríguez da Universidade de León (véxase inventario de materiais).

### 2.1.4. Análises antracolóxicas e sedimentolóxicas

Aa primeiras estaba previsto que fosen realizadas realizar por María Martín Seijo, especialista do Departamento de Historia I da Universidade de Santiago de Compostela, e as segundas (restos do revestimento interno das paredes dalgunhas das foxas documentadas, así coma o interior da cabana UENEI05026 e os recheos dos buratos de poste do sector 01) ían estudiados polo equipo especialista en Edafoloxía dirixido polo Prof. Antonio Cortizas do Laboratorio de Paleoambiente, Paisaxe e Patrimonio da Universidade de Santiago de Compostela. A falla de presuposto e o impago do Excmo Concello de Boiro impediu realizar estas analíticas.

# ANÁLISE PRELIMINAR DO MATERIAL ARQUEOLÓXICO RECUPERADO

A campaña arqueolóxica de 2007 deu como resultado a documentación de 2952 fragmentos cerámicos, 38 líticos, 1 doa de pasta vítreo, 1 agulla de bronce, 1 anaco de *aríbalos* púnico, 50 anacos de escoura, 54 mostras (entre ictiolóxicas, paleontolóxicas, malacológicas, antracológicas e sedimentolóxicas) e dous anacos de crisois cerámicos de fundición.

## 1. Síntese do material cerámico exhumado

Na liña das campañas precedentes contamos cunha cantidade pequena de materiais (con respecto ao que é a escavación dun poboado fortificado) pero de grande representatividade pola súa calidade, estado de conservación e contexto de aparición.

Até o momento temos documentados uns 2000 fragmentos cerámicos (todo sistematizado e siglado, traballo que foi realizado polos voluntarios do campo de traballo).

### 1.1. Cerámica castrexa

No sector 02 todo el é adscribible á fase II do castrexo (séculos IV-II a. C.) destacando o novo verquedoiro cerámico do tramo de foxo 01 **[Láminas 6-10]** e os materiais asoellados nas dúas foxas que quedaban pendentes de escavar.



**Figura 29.** Oliña de bordo arrestado completa aparecida na UENEI02040, no foxo



**Figura 30.** Exemplares do novo tipo de cacharro castrexo documentados no verquedoiro da UENEI02040

Predominan os tipos da xerra Toralla, ólas de bordo arrestado e un novo tipo de cacharro castrexo, con ás en forma de orella. Os motivos decorativos presentan unha grande variedade, na liña ornamental da tradición alafareira castrexa das Rías Baixas, cun predominio claro de decoración estampillada e incisa: zigue-zague, reticulados, rombos, ondas, representacións discoidais, liñas incisas combinadas con ungulados, etc... Destacan dous exemplares de xerras Tóralla cunha profusa decoración, a base de ondas e motivos ornitomorfos (paxaros e patos) conformando unha das más impresionantes composicións da arte e mailo estilo castrexo que se coñecen ate o momento.



**Figura 31.** Xerra Toralla da UENEI02040 do foxo



**Figura 32.** Diferentes exemplos de decoración de xerras Toralla da UENEI02040 do foxo

En liñas xerais, o grupo cerámico exhumado remarca as tendencias identificadas en campañas anteriores (González Rubial, 2005):

- Na cerámica indíxena, os tipos recoñecibles secundan os xa identificados por J. Rey, típicos das fases media da Idade do Ferro na zona das Rías Baixas (Rey Castiñeira 1992: 195-205).
- Asemade constatouse a presencia de máis fragmentos de cerámica púnica asociados á cerámica indíxena, cronoloxicamente adscritos a un período amplio entre os séculos IV a.C. ao II a.C. como acontece noutras castros costeiros das Rías Baixas<sup>149</sup>. Estes fragmentos de cerámica púnica aparecen perfectamente contextualizados no foxo do sector 01, no que contamos con datacións radiométricas que confirman esa cronoloxía (séculos IV-III a.C.).

Destaca, pola súa vez, a documentación de douas anacos de cerámica castrexo estampillada con restos de pintura de cor vermella. Para esta zona coñecemos paralelos de cerámicas exhumadas no castro de Alobre (Vilagarcía de Arousa (Bouza Brey, 19).

Mención destacada merecen tamén unha peza de cerámica atopada no tramo de foxo 01, correspondente a un crisol de fundición de bronce de grande tamaño, praticamente enteiro.

<sup>149</sup> Neste marco xeográfico existen abundantes paralelos do material cerámico do Castro Grande do Neixón co material exhumado en xacementos como o Castro de Alobre (Vilagarcía de Arousa), o nivel de ocupación castrexo do xacemento de Torres do Oeste (Catoira); o xacemento de A Lanzada (Sanxenxo), A Peneda do Viso (Soutomaior), o castro de Vigo ou o Facho de Donón (Cangas) [Comentario persoal de Alfredo González Ruibal e Rafael Mª Rodríguez Martínez a quen agradecemos os datos aportados procedentes dos fondos do Museo de Pontevedra e das súas Teses de Doutoramento].



**Figura 33.** Crisol de fundición de bronce documentado no foxo 01

Este tipo de artefactos vencellados á metalurxia do bronce teñen sido documentados en diferentes xacementos castrexos, pero case sempre carentes dunha correcta contextualización estratigráfica (Naveiro 1991: 80, fig. 16). Cómpre menciona-los crisois hemiesférico e cilíndrico de Baroña, un deles cunha torta de cobre no seu interior (Luengo 1971: 260-1, fig. 11 e Lám. XVI-1), os exemplares fragmentados de Santa Trega (Carballo Arceo 1989: 60-3, fig. 36), os anacos de Troña (Hidalgo Cuñarro 1985: 22; fig. XXVIII, 5 e 6; e lám. XVIII, 2) ou os 5 crisois fragmentados de forma hemisférica do castro de Torroso (Peña Santos 1988: 348-9, fig. 3). Malia o cativo da mostra, a peza do Castro Grande de Neixón constitúe unha notable mostra da existencia de obradoiros metalúrxicos no xacemento.

## 1.2. Material de importación púnico

Na campaña de 2004 documentáranse no verquedoiro cerámico fragmentos correspondentes a cerámicas púnicas de mesa, seguramente xerras, cuncas e fontes, e unha única peza reconstruible correspondente a un *olpe*, unha xerriña de orixe grega empregada para servir viño, primeiro exemplar documentado na metade N peninsular (González Ruibal 2005: 222).

Na campaña de 2005, a escavación total do cuncheiro e mailo verquedoiro cerámico forneceu máis restos de orixe púnica, entre os que destaca un bordo de ánfora Mañá A4 (séculos IV-II a. C.), dous anacos dun *kálathos*, fragmentos dunha urna íbero-púnica (séculos III-II a. C.), anacos dun prato con paralelos en A *Lanzada* (séculos III-II a. C.) e restos de dúas ólas íbero-púnicas (século III a. C.).

A mostra de material de orixe cartaxinesa complétase cos restos exhumados no interior do tramo meridional do foxo 02 (sondaxe 01), onde o predominio da cerámica púnica é absoluto, destacando dúas pezas excepcionais: os restos dun *askós* ebusitano (século III a. C.) e unha peza conservada completa, de base cóncava (apoiaríase nun pequeño trípode), panza globular e remate en forma de

botella, que semella ser de orixe fenicia ou unha imitación indíxena dun perfumario ou ungüentario fenicio (*circa ss. VII-IV a. C.*).



Figura 34. Xerriña púnica da foxa do sector 01.

Esta peza singular (en fase de estudo) presenta unha notable semellanza formal coas *ampollas* da forma Bisi-3 do Puig Des Molins (Ibiza), de corpo globular ou ovoide, con base en mamelón, e colo ancho que se vai estreitando cara á boca circular, e que servían de contedor de aceites perfumados. Este tipo de ungüentario acadou unha grande expansión no Mediterráneo central e occidental existindo producións por parte das comunidades locais, por exemplo, en Ibiza (Gómez Bellard 2000: 179). De tódolos xeitos, esta peza formalmente non semella corresponderse cun ungüentario<sup>150</sup>; non existen paralelos púnicos deica época bastante tardía (séculos III-I a.C.) e ainda así non son unha copia exacta. Os ungüentarios púnicos acostuman ser alabastróns, xeralmente de vidro ata que comezan os fusiformes nos IV-III (pero a peza de Neixón non é fusiforme). Sen embargo, si é posible que resposte a unha influencia oriental, e poida estar vincellada a un depósito votivo no foxo.

Nesta campaña de 2007 continou a mesma tónica, documentándose materiais púnicos nos recheos do foxo 01, no recheo das foxas do sector 02 e na foxa do sector 01, onde se recolleu o bordo e o pescozo completo dunha xerra idéntica á documentada o ano pasado nunha foxa do sector 02 (véxase inventario de materiais).

---

<sup>150</sup> Comentario persoal do Dr. Alfredo González Ruibal.



**Figura 35.** Anaco de aríbalos púnico

### 1.3. Cerámica romana

Na ampliación do sector 01 o material romano é totalmente predominante, recolléndose abundante tégula, fragmentos dunha tapa de dolia, abundantísima ánfora Haltern 70, e anacos de Terra Sigillata (véxase inventario de materiais).



**Figura 36.** Prato de Terra Sigillata *Drag 29*



**Figura 37.** Anaco de tegula, de terra sigillata e de ánfora *Haltern* 70 recollidos no sector 01



**Figura 38.** Anacos de ánfora do sector 01 durante o proceso de siglado en laboratorio

## 2. Síntese do material lítico

A campaña deste ano forneceu unha mostra de úteis líticos (38 pezas) que permite coñecer mellor o instrumental empregado polos habitantes do Castro Grande para diferentes actividades. Neste senso, compróbase unha vez máis, a utilización sistemática das materias primas locais (xisto, seixo, cuarcita) propias do sustrato rochoso da Punta de Neixón, complementada coa amortización de cantos rodados procedentes das praias anexas. Só para a fabricación de determinados úteis, como poden ser os muíños, tanto barquiformes como circulares, empregouse granito, non presente na zona onde se empraza o asentamento.

Non sector 01 cómpre sinala-la presenza de anacos muíños barquiformes e xiratorio, misturados nos depósitos de derrubo, así como a localización *in situ* dunha meta de muíño circular ao carón da vivenda UENEI05026 e dun muíño barquiforme no interior dunha foxa da 2<sup>a</sup> Idade do Ferro (UENEI05074) (véxae inventario de materiais).



**Figura 39.** Meta de muíño circular e muíño barquiforme ao carón da nova vivenda circular documentada no sector 01.

No tocante ao sector 02 cómpre suliña-lo rexistro de anacos de muíños barquiformes no interior das foxas e nos depósitos de recheo más antigos do interior do tramo de foxo 01. Táboa 13. Líticos documentados no sector 02.



**Figura 40.** Bloque de xisto con coviña no sector 01



**Figura 41.** Anaco de *catillus* no sector 01

### 3. Restos metálicos

Rexistramos novos materiais vincellados coa actividade metalúrxica local de Neixón, como por exemplo: un crisol cerámico con concrecions de bronce. Na limpeza do sector 02, baixo o muro romano UENEI01017 (PZNEI04/a000001), una escoura de fundición (PZNEI05/q000001) no depósito de recho do foxo UENEI02040, outra escoura de ferro no mesmo contexto pero na UENEI05019 (PZNEI05/q000002), unha agulla de bronce e unha escoura de bronce (PZNEI05/q000003) no recheo da foxa do sector 01 (PZNEI05/j000001).



**Figura 42.** Restos relacionados coa metalurgia local: agulla de bronce (foxo do sector 01), dous crisois de fundición de bronce e escouras de ferro (foxo 01 do sector 02)

# RESUMO E HIPÓTESE XERAL

Coa campaña 2007 acadamos o triple obxectivo plantexado en 2003 cando proxectamos unha intervención na longa duración no Castro Grande de Neixón:

- Procurar unha caracterización fundamentada científicamente do xacemento e da súa relación diacrónica co Castro Pequeno.
- Consolidar o Castro Grande coma un recursos visitable que complementase a oferta patrimonial do Castro Pequeno de Neixón.
- Encher o Centro Arqueolóxico de Barbanza de contidos referidos aos propios Castros de Neixón.

A este respecto, as diferentes análises desenvoltas sustentan unha nova visión sobre o Castro Grande de Neixón que apoia a hipótese plantexada en función das campañas precedentes. Neste senso, o recinto superior do Castro Grande de Neixón fortificouse nun primeiro momento (séculos V-IV a. C.) mediante un foxo monumental e unha posible empalizada de madeira. No seu interior documentouse un conxunto de foxas de almacenaxe que inzan todo ese espazo (xa que foron documentadas nos sectores 01, 02 e 04) vencelladas nalgún caso a estruturas en negativo escavadas no xabre, como buratos de poste correspondentes a construcións erguidas con materiais perecedoiros. Nun segundo momento procedeuse á amortización como verquedoiros desas foxas, documentándose no seu interior muíños barquiformes, cerámica púnica, castrexas e pequenos restos de ósos e cunhas nalgúns delas. Nesta mesma fase procésese á colmatación tencional e rápida dos foxos que cieguen a entrada SE a todo o recinto. Sobre estas estruturas documéntase outro nivel de ocupación no que se documentaron restos de metalurxia de bronce e un fragmento de aríbalos púnico (ss. IV-III a. C.) no sector 02, e un pequeño concheiro no sector 01.

Nunca terceira fase encétase a obra de construcción do parapeto de terra, que completa o sistema defensivo do recinto superior do Castro Grande de Neixón. Pola súa vez, o impacto da romanización materialízase nun espazo doméstico ocupado entre os séculos I-II d. C. e conformado por cabanas circulares e/ou ovais con muros de cachotería de xisto e cuberta de tégula. Estas estructuras amortizan materiais precedentes e ocupan parte da caída interna do vello parapeto. Destaca a localización de grandes cantidades de materiais anfóricos (sobre todo Haltern 70) vencellados ao exterior destas estruturas.

Nesta última fase de ocupación probablemente se abrise un novo acceso ao recinto superior do Castro Grande. No extremo NW do mesmo, como así parece amosar a ampliación do sector 01. Esta hipótese será contrastada na campaña vindeira de 2008, na que tamén se procederá á ampliación do sector 02 e á sondaxe sistemática da terraza entre o Castro Grande e mailo Castro Pequeno.

# BIBLIOGRAFÍA

- Abella, I. 2003. *La magia de los árboles. Simbolismo. Mitos y tradiciones. Plantación y cuidados.* Barcelona: Ed. Integral.
- Aboal Fernández, R., Ayán Vila, X. M. e Prieto Martínez, M. P. 2002. *Arqueología en la ACEGA 2: el área arqueológica de O Peto (Vedra, A Coruña).* Cadernos de Arqueoloxía e Patrimonio 17. Santiago: IEGPS (CSIC-XuGa).
- Abuin Ces, D. e Losada Vicente, A. 1993. Cousas do Mar, da Terra e do Aire. Cousas de Rianxo (I). *Guadalupe* 93. Noia: Sementeira.
- Acuña Castroviejo, F. 1976. Excavaciones en el castro de O Neixón. Campaña de 1973. *Noticiario Arqueológico Hispánico. Prehistoria*, 5: 325-30. Madrid.
- Agrelo Hermo, X. 2007. *Catastro de Ensenada. Boiro e as súas freguesías.* Noia: Toxosoutos.
- Aira, M.J. e Saá, P. 1989. Contribución al conocimiento de la vegetación Holocena (3.000-2.210 BP) de la provincia de Pontevedra a través del análisis polínico. *Anales del Jardín Botánico de Madrid*, 45 (2): 461-474.
- Aira, M.J.; Saá, P. e Taboada, T. 1989. *Estudios Paleobotánicos y Edafológicos en Yacimientos Arqueológicos de Galicia. Arqueoloxía/Investigación*, 4. Santiago: Xunta de Galicia.
- Alcázar Molina, M. 2000. El catastro y su evolución hasta el siglo XVI. *Catastro*, 39: 51-63.
- Álvarez González, Y.; López González, F. e López Marcos, M. 2005. Recuperación e posta en valor do conxunto arqueolóxico dos Castros de Neixón. En Ayán Vila, X. M. (Coord.): *Os Castros de Neixón (Boiro, A Coruña). A recuperación dende a Arqueoloxía dun espazo social e patrimonial:* 93-123. Serie Keltia, 30. Noia: Toxosoutos.
- Andrade Cernadas, J. M. 1996. Las villae en la Galicia de la mutación feudal: el caso de Celanova. En *A Guerra en Galicia.O rural e o urbano na historia de Galicia*: 277-90. Santiago: AHG
- Anónimo. 1999. Don Ramón Otero Pedrayo e A Casiña de Rianxo. *Guadalupe/99*: 112. Noia: Sementeira.
- Arias Vilas, F. 1987. Castros lucenses de época romana. *Memorias de Historia Antigua* VIII: 7-16. Oviedo.
- Armada Pita, X. 2003. O legado de Federico Maciñeira e o patrimonio prehistórico de As Pontes na xénese da Arqueoloxía galega. En Alonso Troncoso, V. (coord.): *Patrimonio histórico de As Pontes de García Rodríguez*: 27-122. A Coruña.
- Arnold, B. 1999. 'Drinking the Feast': Alcohol and the Legitimation of Power in Celtic Europe. *Cambridge Archaeological Journal*, 9:1: 71-93. Cambridge.
- Axeitos, X. L. 2000. Castelao na prensa local rianxeira. *El Barbero Municipal* (ed. facsímil). Vol. I: 5-9. Sada: Edicións do Castro.
- Ayán Vila, X. M. 2003. Arquitectura como tecnología de construcción de la realidad social. *Arqueología de la Arquitectura*, 2 : 17-24. Vitoria-Gasteiz: CSIC, UPV.
- Ayán Vila, X. M. 2005. Etnoarqueoloxía e Microhistoria dunha paisaxe cultural: a parroquia de San Pedro de Cereixa (Pobra de Brollón, Lugo). *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 118: 117-172. Santiago: IEGPS.

- Ayán Vila, X. M. 2005a. Os castros despois dos castros. Un espazo simbólico na paisaxe rural tradicional. En Ballesteros Arias, P. (coord.): *Encontros coa Etnografía*: 63-136. Noia: Toxosoutos.
- Ayán Vila, X. M. 2005b. Arqueoloxía de Os Castros de Neixón: revisión crítica dun mito historiográfico. En Ayán Vila, X. M. (coord.): *Os Castros de Neixón (Boiro, A Coruña)*: 53-89. Serie Keltia 30. Noia: Toxosoutos.
- Ayán Vila, X. M. 2006. A citania de Montealegre na xénese da Arqueoloxía galeguista. En Aboal Fernández, R. e Castro Hierro, V. (coords.): *O castro de Montealegre (Moaña, Pontevedra)*. Serie Keltia, 36: 19-53. Noia: Toxosoutos.
- Ayán Vila, X. M. e Ameixeiras, F. 2002. Mámoas, castros e tesouros: A Mourindá nas terras de Cuntis. En Ayán Vila, X. M. (coord.): *Pasado e Futuro de Castrolandín (Cuntis, Pontevedra)*: unha proposta de recuperación e revalorización. TAPA (*Traballos en Arqueoloxía da Paisaxe*) 29:143-168. Santiago: LAFC.
- Ayán Vila, X. M. e Arizaga Castro, Á. 2005. Os Castros de Neixón como espazo simbólico na paisaxe rural tradicional (notas etnográficas e reflexións sociais). En Ayán Vila, X. M. (Coord.): *Os Castros de Neixón (Boiro, A Coruña). A recuperación dende a Arqueoloxía dun espazo social e patrimonial*: 291-327. Serie Keltia, 30. Noia: Toxosoutos.
- Ayán Vila, X. M.; Bóveda Fernández, Mª. M.; Criado Boado, F. e Otero Vilariño, C. 2002. A auga dos mouros: rexurdimento de Castrolandín. Programa de actividades para a posta en valor do xacemento prehistórico de Castrolandín. Santiago de Compostela: LAr, IEGPS (CSIC-XuGa) [Inédito].
- Ayán Vila, X. M. (dir.); Gianotti García, C.; Rodríguez Martínez, R. M.; González Pérez, L. e Arizaga Castro, A. 2005. Avance de resultados da escavación arqueolólica no Castro Grande de Neixón. Campaña de 2003. En Ayán Vila, X. M. (Coord.): *Os Castros de Neixón (Boiro, A Coruña). A recuperación dende a Arqueoloxía dun espazo social e patrimonial*: 127-161. Serie Keltia, 30. Noia: Toxosoutos.
- Ayán Vila, X. M. (dir.); González Ruibal, A.; González Pérez, L. e Arizaga Castro, Á. 2005. Avance de resultados da escavación arqueolólica no Castro Grande de Neixón. Campaña de 2004. En Ayán Vila, X. M. (Coord.): *Os Castros de Neixón (Boiro, A Coruña). A recuperación dende a Arqueoloxía dun espazo social e patrimonial*: 165-229. Serie Keltia, 30. Noia: Toxosoutos.
- Balil Illana, A. 1971. Excavaciones en Torres de Oeste de Catoira (Pontevedra). *Noticiario Arqueológico Hispánico*, XIII-XIV (1969-1970): 300-3. Madrid.
- Balil Illana, A. 1977. Torres do Oeste, Catoira (Pontevedra), 1973. *Noticiario Arqueológico Hispánico*, Arqueología 5: 379-85. Madrid.
- Barbeito Pose, V. 2006. Nuevo Proyecto de Musealización: Centro Arqueológico del Barbanza. Revista de Arqueología, 302: 56-63.
- Bartu, A. 2000. Where is Çatalhöyük? Multiple Sites in the Construction of an Archaeological Site. En Hodder, I. (ed.): Towards reflexive method in Archaeology: the example of Çatalhöyük: 101-9. Cambridge: McDonald Institute for Archaeological Research.
- Barreiro Fernández X. R. 1993. A historia da Historia. Aproximación a unha historiografía galega: De Murguía a Risco. En González Beramendi, J. (Coord.). 1993. *Galicia e a Historiografía. Semata. Ciencias Sociais e Humanidades*, 5: 183-209. Santiago: Tórculo Edicións.
- Barreiro Martínez, D. 2006. "La aureola perdida (Propuesta para una Arqueología Aplicada)". *Arqueoweb: Revista sobre Arqueología en Internet*, 8(1).

- Barros, C. 2006. Lo que sabemos de los Irmandiños. *Clio & Crimen*, 3: 36-48.
- Bellin, P.-G. e Lefebvre, C. 2002. *Bosques y florestas. Ecoguía para descubrir la naturaleza*. Madrid: Ed. Blume.
- Blaizot, F.; Fabre, L.; Wattez, J.; Vital, J. e Combes, P. 2004. Un système énigmatique de combustion au Bronze moyen sur le plateau d'Espalem (canton de Blesle, Haute-Loire). *Bulletin de la Société Préhistorique Française*, t.101, nº 2: 325-344.
- Bermejo Barrera, J.C. 2006. La ideología del patrimonio y el nacimiento de la historia basura. *Gallaecia*, 25: 289-304. Sada: Edición do Castro.
- Bernaldos Sánchez, J.U. 2003. La ganadería española durante la Edad Moderna. Propuestas de renovación a historiográfica de un sector oculto. *América Latina en la historia económica*, 20 (jul-dic. 2003): 39-69.
- Bettencourt, A. M.S. 2000. O Povoado de San Julião, Vila Verde, Norte de Portugal, nos finais da Idade do Bronze e na transição para a Idade do Ferro. *Cadernos de Aerqueología. Monografias*, 10. Braga.
- Bettencourt, A. M. S. 2003. Expressões simbólicas e rituais da Idade do Ferro do Noroeste de Portugal. En *Arquitectando Espaços: da natureza à metropolis*: 131-150. Porto-Coimbra.
- Borrego Martínez, F. 2004. Nota descriptiva sobre algúns fragmentos de crisois atopados no castro de Viladonga. *Croa*, 14: 9-12. Viladonga.
- Bouza Álvarez, J. L. 1990. *Religiosidad contrarreformista y cultura simbólica del Barroco*, Madrid, C.S.I.C.
- Bóveda López, Mª. M. (Coord.) 2000. Gestión Patrimonial y Desarrollo Social. CAPA (Criterios e Convencións en Arqueoloxía da Paisaxe) 12. Santiago de Compostela: LAFC, USC.
- Bóveda López, Mª. M. 2005. Arqueoloxía e Xuventude. A experiencia do campo de traballo do Castro Grande de Neixón. En Ayán Vila, X. M. (Coord.): *Os Castros de Neixón (Boiro, A Coruña). A recuperación dende a Arqueoloxía dun espazo social e patrimonial*: 331-50. Serie Keltia, 30. Noia: Toxosoutos.
- Bravo Cores, D. 2006. *As xoias barrocas de Boiro. Cadernos culturais*, VI. Boiro: Concello de Boiro.
- Brea Rei, R. 1999. A presencia de Rianxo na creación de Brea Segade. *Guadalupe/99*: xlvi-xlvii. Noia: Sementeira.
- Buxó, R. 1997. *Arqueología de las plantas*. Barcelona: Crítica.
- Cabana Outeiro A. 2001. Documentos do Arcebispo Xoán García Manrique no tombo H da Catedral de Santiago. *A Trabe de ouro*, 46, abr.-xuño 2001: 241-257.
- Cabana Outeiro A. 2003. Santiago de Compostela do século XIV ó XV, o Tombo H da Catedral de Santiago: edición e estudio histórico. Tese de Doutoramento inédita.
- Cabana Outeiro A. 2003a. Documentos arcebispais no tombo H da Catedral de Santiago: Gómez Manrique e Lope de Mendoza. *Cuaderno de Estudios Gallegos*, 116: 80-89. Santiago: IEGPS.
- Calo Lourido, F. e Sierra Rodríguez, X. C. 1983. As orixenes do castrexo no Bronce Final. En Pereira Menaut, G. (ed.) 1983. *Estudos de Cultura Castrexa e de Historia Antiga de Galicia*: 19-85. Santiago: USC, IEGPS.
- Calvo Ces, X. A. 2001. Anotacións sobre *Buenas Noches*. Guadalupe 2001: 79-83. Noia: Sementeira.

- Camarero Bullón, C. 2002. Vasallos y pueblos castellanos ante una averiguación más allá de los fiscal: el Catastro de Ensenada, 1749-1756. En *El Catastro de Ensenada: magna averiguación para alivio de los vasallos y mejor conocimiento de los reinos: 1749-1756*: 113-388. Madrid.
- Carballo Arceo, L. X. 1989. Catálogo dos materiais arqueolóxicos do museu do Castro de Santa Trega: Idade do Ferro. Pontevedra: Excma. Deputación de Pontevedra.
- Carre Aldao, E. 1980. *Geografía General del Reino de Galicia*. Vol. VII. Bilbao : La Gran Enciclopedia Vasca [Ed.. facsímil].
- Carré Aldao, E. 1980a. *Geografía General del Reino de Galicia*. Vol. VIII. Bilbao : La Gran Enciclopedia Vasca [Ed.. facsímil].
- Carrión, Y. 2003. *Afinidades y diferencias de las secuencias antracológicas en las vertientes mediterránea y atlántica de la Península Ibérica*. Tese de Doutoramento, Universidad de Valencia, inédita.
- Castellanos Ávila, C. 1999. Conservación de arquitectura de tierra. En *Antropológicas*, nº 16: 3-20. México: UNAM.
- Castro Castaño, J. A. e Fernández de la Cigoña Núñez, E. 2001. *Vidas labradas en pedra. Os santeiros de Chave (Lousame)*. Noia: Edicións do Concello de Lousame.
- Chadwick, A. 2003. Post-processualism, professionalization and archaeological methodologies: Towards reflective and radical practice. *Archaeological Dialogues*, 10(1): 97-117.
- Champion, T., Gamble, C., Shennan, S. e Whittle, A. 1991. *Prehistoria de Europa*. Barcelona: Crítica.
- Chinchón Yepes, S. Morteros y hormigones antiguos y de reparación. En *Conservación Arqueológica: reflexión y debate sobre teoría y práctica. Cuaderno III*: 106-112. Sevilla: IAPH, Consejería de Cultura y Medio Ambiente, Junta de Andalucía.
- Cobas Fernández, I. e Prieto Matínez, Mª. P. 1998. *Criterios y convenciones para la gestión y el tratamiento de la cultura material mueble*. CAPA 7. Santiago de Compostela: LAFC, USC.
- Conedera, M.; Krebs, P.; Tinner, W.; Pradella, M.; Torriani, D. 2004. The cultivation of *Castanea sativa* (Mill.) in Europe, from its origin to its diffusion on a continental scale. *Vegetation History and Archaeobotany*, 13: 161-179.
- Cortadella Morral, J. 1997. La investigación arqueológica en las asociaciones excursionistas catalanas. En Mora, G. y Díaz-Andreu, M. (Eds.). 1997. *La cristalización del pasado: génesis y desarrollo del marco institucional de la Arqueología en España*: 273-85. Málaga: Universidad de Málaga, CSIC.
- Costa Rodil, X. 2003. Concello de Rianxo e acontecementos: 1868-1936 (II). *Guadalupe 2003*: 39-47. Noia: Sementeira.
- Costa, M., Morla, C. e Sáinz, H. (eds.). 2001. *Los bosques ibéricos. Una interpretación geobotánica*. Barcelona: Planeta.
- Criado Boado, F. 1993. Espacio monumental y paisajes prehistóricos en Galicia. En *Concepcións espaciais e estratexias territoriais na historia de Galicia*: 23-54. Santiago de Compostela. Asociación Galega de Historiadores.
- Criado Boado, F. 1996. La Arqueología del futuro, ¿el Futuro de la Arqueología?. *Trabajos de Prehistoria* 53 (1): 15-35. Madrid: CSIC.
- Criado Boado, F. 1996a. La arqueología del paisaje como programa de gestión integral del patrimonio arqueológico. *Boletín del Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico*, 14: 15-9. Sevilla.

- Criado Boado, F. 2001. La Memoria y su huella. Sobre Arqueología, patrimonio e identidad. *Claves de Razón Práctica*, 115: 36-43. Madrid.
- Criado Boado, F. 2002. *Arqueológicas. La razón perdida*. Madrid: Akal
- Criado Boado, F. e González Méndez, M. 1994. La puesta en valor del patrimonio arqueológico desde la perspectiva de la arqueología del paisaje. En VV.AA.: *Conservación arqueológica. Reflexión y debate sobre teoría y práctica*. Cuadernos del Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico, III: 58-75. Sevilla: Junta de Andalucía.
- Cunliffe, B. 2004. *Iron Age Britain*. London: English Heritage
- Desprat, S.; Sánchez-Goñi, M.F. e Loutre, M.F. 2003. Revealing climatic variability of the last three millennia in northwestern Iberia using pollen influx data. *Earth and Planetary Science Letters*, 213: 63-78.
- Domínguez, J. A. 1750. *Chrónica Seráfica y prosecución de el Árbol Chronológico de esta esclarecida, santa y apostólica Provincia de Santiago*, Santiago, Imprenta de D. Andrés Frayz.
- Domínguez, S. e Martínez, E. 2003. *Os segredos das árbores*, Ed. Consellería de Medio Ambiente. Unión Fenosa.
- Dourado Deira, M. 2001. El Barbero Municipal: memorial anticaciquil de Rianxo. *Guadalupe 2001*: 73-8. Noia: Sementeira.
- Dourado Deira, M. 2002. Buenas Noches: memorial caciquil de Rianxo. *Guadalupe 2002*: 29-34. Noia: Sementeira.
- Dozy, Reinhardt P.A. 1987. *Los Viquingos en España*. Madrid.
- Dubert García, I. 1994. A Cultura popular na Galicia rural do Antigo Réxime, 1500-1830: Ofensivas e resistencias. *Grial*, t. 32, n. 122 (abr.-xuño 1994): 235-54.
- Fábrega Álvarez, P., Parcerio Oubiña, C. e Méndez Santiago, P. 2005. Alén dos castros de Neixón. Análise dixital dunha paisaxe arqueolóxica. En Ayán Vila, X. M. (coord.): *Os Castros de Neixón, II. A recuperación dende a Arqueoloxía dun espazo social e patrimonial*: 249-87. Serie Keltia, 30. Noia: Toxosoutos.
- Falque Rey, E. 1988. *Corpus Christianorum. Continuatio Mediaevalis. Historia Compostellana*, nº LXX. Brepols.
- Fariña Bustos, F. 1975. Excavación de A Lanzada (Sanxenxo-Pontevedra). Informe preliminar de la Campaña 1974. *El Museo de Pontevedra*, XXIX: 165-73. Pontevedra: El Museo de Pontevedra.
- Fariña Bustos, F. 1979. As fíbulas de longo travessão sem espira" nos castros do N-W peninsular. *Boletín Auriense*, ano IX: 27-49. Ourense.
- Fariña Bustos, F. e Arias Vilas, F. 1980. Aportazón ao estudo das fíbulas atopadas nos castros galegos. En *I Seminario de Arqueoloxía do Noroeste Peninsular*: 183-96.
- Fariña Jamardo, X. 1975. *A parroquia rural en Galicia*, Madrid, Instituto de Administración Local.
- Fernández Cortizo, C. 1998. La Galicia rural en tiempos de Felipe II. En A. Eiras Roel (coord.): *El reino de Galicia en la monarquía de Felipe II*: 345-78. Santiago de Compostela: USC.
- Fernández de La Rota, J. A. 1987. *Gallegos ante un espejo. Imaginación antropológica en la Historia*. Sada: Edicións do Castro.
- Fernández Martínez, V. 2006. *Una Arqueología crítica. Ciencia, ética y política en la construcción del pasado*. Barcelona: Crítica Arqueología.

- Fernández Oxea, X. R. 1968. *Santa Marta de Moreiras: monografía dunha parroquia ourensán*. Vigo: Castrelos.
- Fernández Pintos, Mª. P. 2001. As relacións marítimas en época romana: a cerámica do fondo da ría de Arousa como exemplo. En *VIII Semana Galega de Historia. Galicia Mare Nostrum: a importancia do mar en Galicia*: 11-25. Santiago: AGH.
- Fernández Rodríguez, C. 1996. La ganadería y la caza desde la Edad del Hierro hasta los inicios de la Edad Media en el Noroeste. En P. Ramil e C. Fernández (Coord.). *Arqueometría y Paleoecología del NW de la Península Ibérica. Cambios naturales y perturbaciones antrópicas*. Férvedes, 3: 201-216. Vilalba: Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba.
- Fernández Rodríguez, C. 2003. Ganadería, caza y animales de compañía en la Galicia romana: estudio arqueozoológico. Brigantium, 15. A Coruña: Museo Arqueológico San Antón, A Coruña.
- Fernández Rodríguez, C. 2005. Estudo dos restos faunísticos exhumados no Castro Grande. Campaña de 2005. En Ayán Vila, X. M. (Coord.): *Os Castros de Neixón (Boiro, A Coruña). A recuperación dende a Arqueoloxía dun espazo social e patrimonial*: 233-246. Serie Keltia, 30. Noia: Toxosoutos.
- Figueiral, I. 1993. Charcoal analysis and the vegetational evolution of North-West Portugal. *Oxford Journal of Archaeology*, 12 (2): 209-222
- Figueiral, I. 2001. Recursos vegetais do Crastoeiro: os resultados da Antracologia", in Dinis, A. Pereira: *O povoado da Idade do Ferro do Crastoeiro (Mondim de Basto, Norte de Portugal)*. Braga: Univ. Do Minho, Instituto de Ciências Sociais.
- Figueiral, I. e Betencourt, A.M.S. 2004. Middle/Latte Bronze Age plant communities and their exploitation in the Cávado Basin (NW Portugal) as shown by charcoal analysis: the significance and co-occurrence of Quercus (deciduous)-Fabaceae. *Vegetation History and Archaeobotany*, 13: 219-232.
- Fortes, J. 1905. As fíbulas do Noroeste da Península. *Portugália*, vol. II. 1905-8: 15-33.
- García Rodríguez, R. Borobó. 2001. Anacos soltos: Fermín Bouza Brey, de Neixón a Rianxo. *Guadalupe 2001*: 100-102. Noia: Sementeira.
- García Valdeiras, M. 2003. Xuventude e Patrimonio. O exemplo do Campo Internacional de Traballo das Illas Cíes. *Cuadernos de Estudios Gallegos* 117: 115-32. Santiago: IEGPS (CSIC-XuGa).
